GRIAL

128

OUTUBRO, NOVEMBRO, DECEMBRO

TOMO XXXIII / 1995

CARLOS FERNÁNDEZ:
A visión da historia de Vicente Risco.

XOSÉ M. NÚÑEZ SEIXAS:
Historia e actualidade dos nacionalismos na España contemporánea: unha perspectiva de conxunto.

ÁUREA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ:
O papel da traducción no sistema lingüístico e literario nacional: o ámbito galego.

MIGUEL ANXO SANTOS REGO:
A cuestión educativa e sociocultural na emigración galega en América.

GRIAL

128

OUTUBRO, NOVEMBRO, DECEMBRO

TOMO XXXIII / 1995

Director:
CARLOS CASARES
Secretario de Redacción:
XOSÉ MANUEL SOUTULLO
Consello de Redacción:
XAN BOUZADA, XAVIER CASTRO,
CARLOS X. FERNÁNDEZ, GUSTAVO ADOLFO GARRIDO,
MODESTO LÓPEZ BOUZAS, HENRIQUE MONTEAGUDO ROMERO,
MANUEL RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, DAMIÁN VILLALAÍN
Deseño: M. JANEIRO
EDITORIAL GALAXIA, S. A.
Redacción, suscrición e distribución:
Reconquista, 1. 36201 VIGO. Telfs.: 43 21 00 - 43 32 38. Fax: 22 32 05
E-mail: alba@galaxia.es
Imprime: OBRADOIRO GRÁFICO, S. L., Avda. Rebullón, 49 - MOS
ISSN: 0017-4181 / DEPÓSITO LEGAL: VG-99-1963

Esta revista é membro de
ARCE (Asociación de Revist
Culturales de España).

477 CARLOS FERNÁNDEZ: A idea da historia de Vicente Risco.

495 XOSÉ M. NÚÑEZ SEIXAS: Historia e actualidade dos nacionalismos na España contemporánea: unha perspectiva de conxunto.

541 ÁUREA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: O papel da traducción no sistema lingüístico e literario nacional: o ámbito galego.

555 MIGUEL ANXO SANTOS REGO: A cuestión educativa e sociocultural na emigración galega en América.

571 XULIO RÍOS: De Walesa a Kwasniewski: unha nova vía para Polonia.

589 LIBROS:
HELENA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, TERESA SEARA, B. LOURENÇO FONDEVILA, MARÍA XESÚS LAMA, XOSÉ L. GARCÍA, PILAR CASTRO, XULIO RÍOS.

613 A CULTURA NO MUNDO:
FEDERICO ANLLADA.

615 ÍNDICE DE COLABORADORES.

617 ÍNDICE DO TOMO XXXIII.

A visión da historia de Vicente Risco

Carlos Fernández

Un dos camiños que se poden seguir na interpretación do pensamento histórico de Vicente Risco conduce a manter unha influencia decisiva de Nietzsche e de Spengler no seu pensamento; e non é estraño, pois o propio Risco, nalgún momento illado da súa obra, parece invitar a unha lectura dese tipo[1]. A tentación faise irresistible

1. A invitación é recollida por X. Beramendi, que asocia a Risco con Nietzsche apoiándose na seguinte referencia: "... llegué a olvidarme de mi mismo hasta el punto de caer en la mayor de las impiedades: en la impiedad de hacerme confiadamente un nietzschano..." Malia esa afirmación de "estar xa de volta de Nietzsche, non o estará xamais no esencial", escribe Beramendi. O parágrafo de Risco aparece en "La mentira de Nietzsche" (*El Miño*, Ourense, 20 marzo, 1910) e é reproducido por J. G. Beramendi en *Vicente Risco no nacionalismo galego I* (Edicións do Cerne, Santiago, 1981, p. 116). Respecto do suposto nietzscheanismo de Risco, ábrense dúas posibilidades: facerlle caso ó que Risco di de si mesmo (ou ó que din que dixo) ou facerlle caso ós textos nos que Risco se di a si mesmo. O primeiro pode ser de moita utilidade desde o punto de vista histórico-biográfico; o segundo (que imos aplicar á relación Risco-Spengler) é o suposto de calquera historiación do pensamento. A falta de espacio para abordar a relación Risco-Nietzsche e demostrar que o único que teñen en común ambos os dous autores é un vago aroma, invitamos ó lector de Risco que non o sexa de Nietzsche a ler ó autor de *O Anticristo* e comparar. Respecto de Spengler, X. Beramendi fala dunha "adhesión á filosofía de Spengler, discípulo de Nietzsche e cultivador do pensamento irracionalista" (*Op. cit.*, p. 117). Quen isto escribe tamén incorreu no seu día nunha inexactitude parecida. Diciamos entón que o biomorfismo de Spengler "vai influír notablemente na fundamentación do nacionalismo galego feita por V. Risco" en *O pensamento epocal en Celestino Fernández de la Vega* (Caixa Galicia, A Coruña, 1988, p. 24). C. Casares, en *Vicente Risco* (Galaxia, 1981, p. 38), limítase a falar de "semellanzas" e remite ó lector a *Nós os inadaptados,* onde se pode ler: "A idea da decadenza d'Occidente era unha idea vivente en nós moito antes que Spengler tivera pensado en escribir o seu libro. Polo 1912 tiña eu escrito outro libro no mesmo senso que ficou inédito e que o de Spengler inutiliza pra sempre" (*Nós os inadaptados,* p. 115, Día de Galicia, 1933. Recopilado en *Nós*, Tomo X, nº 115, p. 115). O parágrafo desaparece do texto de *Nós os inadaptados* arranxado para *Leria* (Galaxia, Vigo, 1961). M. Outeiriño, sen embargo, no seu meritorio limiar a *Las tinieblas de Occidente* (Sotelo Blanco, 1990, p. 23), percibe "distancia entre a obra de Risco e a de Spengler". Veremos no que segue que esa distancia é unha lonxanía insalvable que o propio Risco (e neste caso coinciden as súas afirmacións expresas co sentido xeral do seu pensamento) se encarga de establecer.

cando se activa un certo reflexo, condicionado polo uso excesivamente xenérico e pola forza-fetiche do termo "irracionalismo": dado que Risco era "irracionalista", e tendo en conta que Spengler e Nietzsche serían representantes fundacionais do irracionalismo moderno, conclúese que Risco era spengleriano-nietzschano, aínda que só o fose por participación na ideoloxía que supostamente nutre a ambos os dous autores. Non é este o lugar máis adecuado para determinar a lexitimidade de adscribir a Nietzsche ó irracionalismo. Cómpre, sen embargo, avisar contra dunha utilización excesivamente ritual dun termo que, empregado sen unha previa clarificación, convértese nunha cómoda etiqueta que fala máis da particular idea de "racionalismo" do intérprete que a utiliza que das ideas do autor interpretado. Partiremos, pois, dunha definición de irracionalismo tan tautolóxica como a que criticamos (irracionalismo é o que non é racionalismo) pero cunha intención diferente: que sexa en todo caso o autor quen se deixe encaixar na etiqueta e non a etiqueta a que someta mecanicamente ó autor.

Se por irracionalismo entendemos que certos aspectos do mundo e do home carecen de explicación racional, hai que acordar que, en efecto, Risco, era irracionalista. Mais non porque o seu pensamento non coincida co noso (se cadra discutible) concepto de razón, senón porque a súa obra abonda en referencias negativas a esa facultade que, segundo unha definición case tan discutida como clásica, constitúe o máis propiamente humano dese ser que chamamos home. Se algo non se lle escapa a calquera lector de Risco é a súa insistencia en remitirse a factores alleos ó que habitualmente se entende por razón (Deus, revelación orixinaria, inconsciente, terra, paisaxe) para explicar os feitos dos homes e a evolución das culturas. Neste sentido, pódese falar de irracionalismo en Risco, avisando de antemán que non consiste simplemente en negar a razón, senón en subordinala ó "espírito", nivel ontolóxico, para Risco, máis orixinario e fundante.

Vexamos as obxecciós que opón ó racionalismo en *Las tinieblas de Occidente*, obra escrita entre 1913 e 1917 que resulta decisiva para entender as orixes e evolución do pensamento de Risco:

> Descartes, con su *Discurso del Método* abrió el camino. El *cógito, ergo sum* es la más comprometedora de todas las frases, porque si se afirma que es en el ejercicio de la facultad reflexiva donde el hombre se conoce a sí mismo como tal, la razón queda erigida sobre las facultades del espíritu, como único fundamento de toda verdad y de toda certeza [...] En efecto, los filósofos del siglo XVIII van a dudar de todo; lo que no se les ocurre poner en duda es la omnipotencia de la razón[2].

2. Risco, Vicente. *Las tinieblas de Occidente*. Op. cit, p. 70.

O racionalismo baséase na crítica. A crítica está ben, concede Risco, en tanto libera o espírito do medo e da rutina. Pero todo ten un límite e o límite da crítica é Deus e a relixión.

> En primer lugar ataca el asentimiento á toda verdad de orden sobrenatural, al no admitir nada que no esté en estricto acuerdo con la razón. [...] cierra el conocimiento humano todo un orden de fenómenos, cuya posibilidad no se puede negar. Destruye el orden religioso, obstruyendo así la via más segura por donde el hombre pueda superar la vida común superándose a sí mismo, y lo que es peor, preparando, con la concepción laica de la vida, la omnipotencia del estado; implica también una verdadera servidumbre del espíritu —aunque pretenda lo contrario, y precisamente acaso por pretenderlo— una limitación de su libertad impuesta por la razón, mejor dicho, por la libertad convencional, No en otro sentido se defiende hoy en nombre de la libertad y contra el racionalismo el *derecho a la creencia*[3].

As iras de Risco non se dirixen só contra Descartes e o pensamento ilustrado do século XVIII, senón tamén contra Hegel e o idealismo. A acusación que lles formula é parecida: subordinar o espírito ó Eu absoluto. Xa en 1922, case o comezo da súa etapa nacionalista, distingue Risco entre materialismo ("incluído o panteismo teosófico") idealismo e espiritualismo, e establece unha coidadosa distinción entre os dous últimos:

> O idealismo leva a facer de todo ente un ente de razón, e o espiritualismo ten ó esprito por un ser eminentemente real, distinto da materia, tamén real. O espiritualismo é sempre máis ou menos marcadamente dualista, e decote distingue sen trabucamento antró *vivo* e o *pensado*. Tampouco pode reducir o esprito ao *EU* puro, senón que o eu é, en certo modo, un atributo, unha propiedade do esprito. O espritoalismo busca o concreto, e no problema dos universais, ha ser nominalista... Ben lonxe a Idea hegeliana...[4]

Cómpre, antes de nada, aclarar brevemente contra quen enfronta Risco a súa visión da historia.

Para o racionalismo histórico a historia ten un Logos ou racionalidade encarnada no home que a dirixe cara a un fin progresivamente conquistado. Esta forma de racionalismo vai vinculada ó Progreso. A razón humana alumea o que aínda non está explicado de feito porque o mundo é explicable (racionalizable) de dereito. O proceso que leva ó home a facer transparente o mundo é o Progreso, idea que acada a súa forma máis acabada no pensamento das Luces. Así, Kant mantén que

3. *Ibidem*, p. 78.
4. "Leria metafísica" en *La Zarpa*, (7-10-1922) en *Prosas de Risco en La Zarpa*. La Región, Ourense, 1982, p. 92.

os homes son libres, que os seus actos son individuais e voluntarios, pero rexidos por unha lei. Mais esta non é producto do home, senón que foi imposta pola natureza. A racionalidade da natureza ten a súa correspondencia na racionalidade da natureza humana, que pugna por realizar o plan daquela. A madureza da razón acádase por un dominio paulatino do home sobre as tendencias disgregadoras da natureza, por unha ilustración cada vez máis plena, que aparta ó home da superstición e da ignorancia. Máis alá do egoísmo e da ambición, a razón realízase, aínda que sexa nun proceso histórico de perfeccionamento non vivible, nunha soa xeración. A meta do home é a Ilustración.

A historia é, para Hegel, historia do Espírito, nome co que designa o automovemento da realidade na procura da súa realización como Absoluto (non diferencia de suxeito e obxecto, sensibilidade e entendemento, necesidade e liberdade). O Espírito realízase na historia como razón, e cada situación acadada por el é unha etapa provisoria no proceso que leva á súa autoposesión. Existen pobos que encarnan mellor que outros a etapa en cada momento conquistada polo espírito. A concreción do espírito nun pobo ou unha cultura recibe en Hegel o nome de *Volksgeist* ou Espírito do pobo, termo xa empregado por Herder que haberá ter grande influencia (indirecta) na etnografía e crítica da cultura dos séculos XIX e XX. Hegel fala do *Volksgeist* como o sentimento que un pobo ten de si e das súas posesións, institucións, costumes, pasado... etc. O *Volksgeist* é para Hegel unha entidade individual que marca un grao de evolución da historia do mundo, na cal se realiza o Espírito Universal, nome co que designa a tendencia da razón a abrirse camiño apoiándose nos distintos particularismos individuais, locais ou nacionais sen confundirse nunca con eles.

Nas últimas decadas do século XIX e primeira do XX xorde unha corrente que somete a crítica as esaxeracións racionalistas ás que chegara o progresismo do século anterior. Autores tan distintos como Nietzsche e Simmel, Spengler e Dilthey, Scheler e Klages, Marcuse e M. Weber coincidirán nunha idea básica: a crise dunha cultura occidental que se considera hipertrofiada de racionalismo (aínda que non todos entenden o mesmo por "razón") e de progresismo histórico. As expresións "decadencia", filósofo como "médico da cultura", a racionalización como "gaiola de ferro" apuntan a describir unha situación civilizatoria que xeralmente se describe (non é o caso de Weber nin de Marcuse) mediante a metáfora "enfermidade". A percepción da crise como un exceso de racionalismo ten tamén o seu reflexo nunha serie de doutrinas, mestura de platonismo, neoplatonismo, gnosticismo e un orientalismo previamente adaptado ós gustos do consumidor europeo, que adopta o non menos confuso título de teosofía (ou neosofía, como Risco gusta de chamala) saber esotérico do que Vicente Risco bebeu abondosamente na súa etapa temperá.

Para o orientalismo, tentación de Europa en épocas de crise, Oriente conserva nun estado máis puro e orixinario os valores do espírito. As tendencias orientalistas pretenden "rehabilitar" o sentido espiritual aínda vivo en moitos pobos orientais e a piques de desaparecer, segundo elas, nun Occidente "intelectualizado" e "mecanizado". A civilización occidental, baseada na "razón" mecánica, debe recuperar o espírito. Pero este non pode ser descuberto pola razón (estática e puramente conceptual) senón pola intuición hermenéutica dos símbolos e dos mitos. A intelixencia, que pretende abranguer a realidade, soamente permite medila. Unha compenetración da cultura oriental (máis intuitiva) coa occidental, sería a vía que podería proporcionar ó home o descubrimento do seu ser verdadeiro.

O gnosticismo, compoñente filosófico-relixiosa fundamental do espiritualismo risquiano, non ten, en orixe, nada que ver nin co orientalismo nin coa teosofía, aínda que esta incorpore e mesmo aproveite a miúdo materiais gnósticos. Enténdese por gnosticismo un conxunto de doutrinas (algunhas precristiás, moitas cristiás heréticas, case todas de orixe indoiraniana) estendidas polo mundo antigo unidas todas pola idea da salvación polo saber. Distínguese doutros intentos filosóficos helenísticos e das relixións mistéricas pola súa compoñente en maior ou menor grao dualista. En todas as súas formulacións pártese da existencia dun principio superior de natureza espiritual enfrontado a outro principio que hoxe chamariamos "material". O mundo dos gnósticos está formado pola materia e por un elemento espiritual, o conxunto de todos os seres espirituais, entre os que destaca o home. Este é xeralmente entendido polo gnosticismo como un microcosmos que revela a composición do mundo. Así como o macrocosmos está formado de espírito e materia, o home componse de espírito e corpo. Só o coñecemento da esencia do mundo e do home libera a este das ataduras da materia, que encadea ó seu elemento vital superior, o espírito, procedente da divindade ou identificado con ela (que ou quen sexa esta varía, naturalmente, segundo as formulacións). O espírito humano é para os gnósticos unha fasquía de luz prisioneira dun corpo que procede das tebras e loita por reintegrarse ó Espírito do que xurdiu.

Dado que o mundo e o home foron creados por potencias non-boas, o tempo aparece no gnosticismo como algo intrinsecamente malo, risco que o afasta da noción cristiá de tempo. O tempo dos homes (a historia) debuxa no cristianismo unha liña recta con tres acontecementos fundamentais: o principio, a fin e, no centro, a vinda de Cristo, que dá inicio propiamente á salvación, ó triunfo do ben sobre o mal. A historización do Deus encarnado é esencial no cristianismo. Cristo é o mito convertido en tempo lineal, o suprasensible feito sensible, o non-tempo devido en historia. Isto rompe coa idea grega

dun tempo cíclico e inaugura unha visión do tempo lineal e direccional, xa prefigurada no xudaísmo, como historia inmanente do mundo, aínda que, no extremo, dependa da vontade divina.

O gnosticismo cristián non é, neste sentido, cristián. Para os gnósticos, a salvación non perde nunca o seu carácter suprasensible, o salvador nunca é un home, senón o Espírito que, por moito que se vista cunha roupaxe humana, non deixa nunca de ser Espírito e só Espírito. "De ser un home estaría tamén dotado dun corpo humano e, daquela —posto que o corpo en canto procedente da materia é pecaminoso e malo—, sería un ser pecaminoso e malo. O salvador gnóstico irrompe desde arriba no tempo e no cosmos, xa se chame Xesucristo ou de calquera outra maneira. A revelación do Salvador rompe a historia en pedazos, *brise l'histoire en morceaux* (Puech)[5] Para o gnosticismo, moito máis que para o dogma cristián, o sentido da historia atópase fóra da historia, no escenario meta-físico onde as tebras loitan contra a luz, nunha dimensión no fondo intemporal ante a cal o home só pode esperar o triunfo definitivo do espírito sobre a materia. "Sen embargo, esta salvación non se promete a todos os homes baixo as mesmas condicións; só uns poucos, os elixidos, están seguros de acadala"[6]. Os elixidos son os homes de espírito.

O espírito encarnado nun corpo é o *pneûma*. O corpo é puramente material, a alma participa do espiritual e do material. Esta tricotomía só en aparencia se contradí co dualismo, pois a alma é contemplada sempre desde a prioridade ontolóxica do espírito. En correspondencia con esta concepción do home individual, os gnósticos establecen unha división máis xenérica que distingue tres tipos de home segundo a maior ou menor dominancia do espírito. Fálase así de "espirituais" (*pneumatikoí*) dos "anímicos" (*psychikoí*) e dos "corporais" (*somatikoí* ou *sarkikoí*).

O pensamento de Vicente Risco nútrese selectivamente das ideas e dos tópicos deste heteroxéneo magma intelectual. Da tradición alemana tomará, na súa etapa nacionalista, o concepto de "Espírito do pobo", dos pensadores antiilustrados franceses o seu reaccionarismo antiilustrado, de Nietzsche o seu arrecendo aristocrático e individualista e da neosofía o seu vagoroso orientalismo, todo adaptado ó seu espiritualismo antiprogresista e gnóstico, que filtra o que lle interesa e o que non. Isto descarta que Risco sexa, sen máis, nietzscheano, neósofo ou tradicionalista ou, dito con máis claridade: éo na medida en que llo permite o seu dualismo espiritualista, postura filosófica ou relixiosa que afirma a prioridade ontolóxica (pero agonística) do espírito respecto do corpo e da materia. Vexamos cales son os elementos que compoñen o peculiar espiritualismo de Vicente Risco.

5. Widengren, G. *Fenomenología de la religión*. Ed. Cristiandad, Madrid, 1976, p. 475.
6. Doresse, J. *Historia Religionum*. C. J. Bleeker e G. Widengren editores, Ed. Cristiandad, Madrid, 1973.

O mellor resumo das compoñentes invariables do espiritualismo de Risco atópase no número fundacional de *Nós*, en 1920:

> Os colaboradores de *Nós* poden ser o que lles pete: individualistas ou socialistas, pasatistas ou futuristas, intuicionistas ou racionalistas, naturistas ou humanistas; pódense pór en calquera das posicións posibles respeito das catro antinomias da mente contemporánea" [7].

Individualismo, culto ó pasado e á memoria, crenza na intuición como fonte xenuína para captar a riqueza da vida, afirmación da natureza fronte á universalidade abstracta do home postulada polo humanismo: velaquí sumariamente illadas polo propio Risco as características do seu espiritualismo, núcleo profundo do seu pensamento que se mantén intacto ó longo da súa obra.

A idea de orixe gnóstica de que o espírito non é un ben repartido por igual entre todos os homes mantén a Risco desde o principio mesmo da súa andaina intelectual. Así, en *Nós os inadaptados* (1933) escribe Risco:

> O esprito non é patrimonio de todos os homes. Con relación a esto, nós viñamos a clasificar os homes, virtualmente, en tres tipos, que veñen corresponder aos tres tipos en que os diferenciaban os gnósticos e os priscilianistas: *hylicos*, *psíquicos* e *pneumáticos*. Os homes vulgares, os homes de común, corresponden aos hylicos ou materiais; os homes de talento, aos simpremente cerebrais; os homes de esprito corresponden aos *pneumáticos* [8].

En *Las tinieblas de Occidente*, refírese Risco ós tres grandes mitos do racionalismo: o do home ideal, o do Progreso e o da alma colectiva. Os filósofos da Ilustración (perfectos representantes do home "psíquico" fronte ó home "pneumático") opoñen ó home concreto e vivo ó "animal racional", ente abstracto e imaxinario, sen tradición, sen costumes e sen relixión.

> De aquí se han derivado otros absurdos: la idea de la igualdad humana, y el submito de la Humanidad como un ente que tan pronto camina trabajosamente por la senda del progreso, como se levanta orgullosa á interrogar á la naturaleza y dominarla [...] Literatura barata. La igualdad es cosa bien clara que sólo puede darse entre hombres hechos por el modelo abstracto de los filósofos...[9]

7. *Nós* 1, 30, outubro, 1920. Citamos por *Pensamento Galego 1*, S.E.P.T, Santiago, 1977, p. 136.
8. *Nós os inadaptados*. Op. cit., p. 120.
9. *Las tinieblas de Occidente*. Op. cit., p. 86.

Interpretemos isto desde a súa tipoloxía (xa sabemos que non é súa senón gnóstica) dos individuos. Os homes non son iguais porque o espírito se encontra desigualmente repartido. É precisamente ese reparto desigual o que crea as diferencias e con elas a individualidade ("Ser diferente é ser existente" repite Risco ó longo de toda a súa vida). Mais se o espírito chanta nuns homes e noutros non, queda excluída a noción de natureza humana igual, condición de posibilidade de calquera humanismo. O ahumanismo de Risco é consecuencia do seu antigualitarismo filosófico: só desde unha noción xenérica de "home" ou de natureza humana igual que, ademais, sexa o suxeito da historia, é lexítimo falar, en sentido moderno, de humanismo, pero, para o Risco xove, o suxeito, a substancia e a fin ó que tende a historia é Deus:

> pues Dios no es otra cosa que la meta futura, la suprema voluntad y la santa ley que ha de cumplirse contra todas las mixtificaciones con que los hombres gustan de envanecerse el espíritu[10].

Non se pode manter unha teoría radicalmente providencialista e negadora do home como suxeito xenérico e racional da historia e pretender, ó mesmo tempo, ser humanista. O Risco nacionalista é consciente desta aporía, tanto que dedica uns parágrafos a tratar de resolvela:

> Non colle dúbida que, o mesmo nós que os nosos mestres da fin de século, en canto individualistas, en canto centrífugos en tanto cobizosos de creación e de creación propia, pertencemos ó humanismo. Non colle dúbida tampouco que, as nosas ideas, en canto pesimistas, en canto introvertidas, en canto irracionalistas e románticas, son as contrarias dos humanistas ortodoxos[11].

O pensamento de Risco (malia que na súa etapa política o autocomprenda como o "humanismo derradeiro") non é un humanismo; non o pode ser, porque llo impide o seu espiritualismo de raíces gnósticas para o cal o home está vencellado esencialmente á materia e ó mal:

> O home pensa que foi il quen meteu o esprito na Natureza, escribe en 1922; ¿e non será isto un erro? ¿Non será cecais que toda a natureza tende a espiritualidade? [...] ¿Non será o home a forza negra da Natureza, a forza que lle impide a súa marcha ascensional?[12]

O espiritualismo de Risco é "pasatista" e polo tanto antiprogresista.

10. *Ibidem*, p. 187.
11. *Nós os inadaptados*. Op. cit. p. 121.
12. "O castiñeiro" en *La Zarpa* (4-2-1922), en *Prosas de Risco en a Zarpa*, páx. 51. A valoración da natureza de Risco (compartida con Otero Pedrayo) confírelle ó seu dualismo un trazo peculiar que o achega ó neoplatonismo (hai un gnosticismo neoplatónico), para o que a realidade sensible, en tanto emanada do Un, posúe unha certa cuali-

> Llamamos progreso a todo cambio que va en el sentido de nuestras preferencias; el Progreso, por lo tanto, no es tal sino para sus partidarios, para los que consideran el estado actual de la civilización europea preferible a todos los que le han precedido[13].

O mito do progreso da Humanidade fúndase, segundo Risco, en tres funestos prexuízos: o orgullo de Europa de considerarse a si mesma a fin derradeira da humanidade (o que hoxe chamariamos "eurocentrismo"), a concepción "mitolóxica", "providencialista" e "inxenua" dunha dirección racional do mundo, e a idea da historia como desenvolvemento da "Humanidade" ou "home eterno", da que se derivaría a teoría positivista das tres grandes etapas: infancia, xuventude e plenitude viril. Fronte ó progresismo histórico de Kant, Hegel, Comte e Spencer, Risco opón, en *Las tinieblas de Occidente* (e, con algunhas variantes, durante toda a súa vida) unha concepción pesimista da historia fundamentada na tradición bíblica.

Nas orixes, o home vivía nun estado de natureza, dedicábase ó pastoreo e tiña unha educación empírica e tradicional. O triunfo de Caín sobre Abel sinala o tránsito desa "civilización espontánea", propia dos pobos orientais, á "civilización artificial", urbana e sedentaria que Grecia impuxo a Occidente. Este

> ...tiene, pues, una fuente clásica ó cainita: la cultura grecolatina, y otra fuente, que es la doctrina cristiana, de origen oriental. El antagonismo entre estos dos elementos aparece bien claro en la disputa entre clásicos y románticos; pero la lucha fué mucho más larga y más honda; a ella se reduce toda la historia interior de Europa[14].

A tradición europea rómpese en dous momentos: no século IV, cando a Grecia clásica foi varrida polo vento oriental do cristianismo, e no século XV, cando o Renacemento, incapaz de amalgamar ambos elementos, restaurou o clasicismo. Entre ambos os dous períodos discorre a Idade Media, "la única época decente en la historia de Europa"[15]. O que vén despois do Medioevo cristián é a escuridade, fugazmente iluminada polo romanticismo.

dade, que a pon do lado do divino. Na oposición materia/espírito, a natureza queda, en Risco, do lado do espírito e o home do lado da materia. Sobre as orixes deste peculiar neoplatonismo nada nos aclara Risco: "E matino de onde me terá vido a min ese fondo neoplatónico que tingue todo o meu pensar". Citado por C. Casares (*op. cit.*, p. 131) dunha carta de Risco a F. Fernández del Riego, sen data, aínda que como comenta a saída de *Leria*, pódese datar en 1961 ou 1962. Non hai que descartar tampouco unha influencia do romanticismo alemán que, por certo, en filosofía, sempre se interesou moito polo neoplatonismo.

13. *Las tinieblas de Occidente.* Op. cit., p. 86.
14. *Ibidem*, p. 47.
15. *Ibidem*, p. 64.

> El romanticismo, fué un intenso, un valeroso movimiento de protesta contra la cultura clásica, contra el helenismo; era una vuelta al espíritu de la Edad Media[16].

A civilización occidental, afastada das súas orixes orientais e entregada ó racionalismo, camiña desenfreada cara ó desarraigo da vida urbana e á decadencia.

A polaridade clasicismo grego/romanticismo cristián é, en *Las tinieblas de Occidente*, o trasunto dunha dualidade ontolóxica moito máis fundamental: a loita da Luz contra as Tebras, de Deus contra o Demo, do espírito contra a materia. Desa parella de conceptos deriva Risco unha serie de oposicións secundarias (rural/urbano, individuo/estado, natureza/civilización, intuicionismo/intelectualismo) que alicerzan unha visión dramática e pesimista da cultura occidental evocadora do ton apocalíptico do Evanxeo de San Xoán. Sobra dicir que toda época que se achegue máis ás oríxes (ó espírito) parécelle a Risco mellor e máis auténtica. Pero o criterio de medición da bondade ou maldade das épocas e das civilizacións non é propiamente temporal, nin moito menos biolóxico, pois o progreso das tebras vese interrompido por momentos de renacencia do espírito (o cristianismo e o romanticismo) que só se poden explicar pola infinita vontade de Deus ou, se se quere, polo triunfo ocasional dun principio sobre outro (a materia sobre o espírito ou viceversa), nunca como unha evolución lineal e acumulativa da decadencia. O criterio é, sen dúbida, o achegamento á orixe (a aproximación ó espírito), mais este non é exclusivamente xeográfico-temporal, senón unha constante ontolóxica que aparece (cristianismo medieval, renacemento, romanticismo) e desaparece segundo o decida a vontade inescrutable dun espírito transhistórico e providencial. A concepción da historia de Risco é, nestes momentos, puramente providencial, vagamente gnóstica e totalmente transcendental.

O culto ó pasado de Risco aparece en *Las tinieblas de Occidente* como saudade do berce rural (oriental) da etapa cristiá da civilización occidental e do culto ó sentimento propio da tendencia romántica de parte do século XIX, pero aínda non se converte propiamente nin en postura teórica nin en programa político. Iso só acontecerá despois da súa conversión ó nacionalismo. É entón cando a polaridade Grecia-Cristianismo é substituída pola oposición Civilización mediterránea/Civilización atlántica, cambio conceptual e terminolóxico só intelixible desde os seus presupostos iniciais.

> A civilización mediterránea —escribe Risco en 1920— é nas súas esencias, predominantemente helénica, e polo tanto, intelectualista.

16. *Ibidem*, p. 176.

> Fúndase nunha representación xeométrica do mundo. Mais hoxe a revolta contra do inteleutualismo é unánime nos inxenios máis avanzados, que ademais arelan ter unha representación do mundo, non xeométrica, máis dinámica. É diste xeito como perden o creto as nocións mediterráneas [...] A civilización atlántica ha ser, polo tanto, outra cousa que a civilización mediterránea. Ao mediterraneísmo hemos opoñer un atlantismo[17].

Recollendo unha suxerencia de D'Ors, distingue Risco entre civilización Mediterránea (da Intelixencia), a da Vontade (a oriental e a ianqui) e a da Memoria, da que formarían parte Portugal, Galicia e o resto das nacións celtas[18]. Galicia, pola súa situación mediadora entre a antiga civilización céltica detida e a civilización occidental, está en mellor situación que calquera outra nación para exercer un papel de "síntese" entre o vello mundo que morre (a Europa da Intelixencia e do clasicismo) e a nova civilización que amence (a civilización euroatlántica). Esta tarefa posúe o seu símbolo: o mito da Atlántida, que representa a "nosa" civilización céltica asoballada pola civilización mediterránea. "Estase vendo a crise do europeísmo [...] o europeísmo debe ser superado"[19]. Chegou a hora da "saudade", sentimento propio de Portugal e Galicia, de gran "trascendencia futurista" que marca o noso "destino futuro".

O espiritualismo de Risco, que xa aparecera como individualismo das persoas, móstrase tamén desde o principio como un individualismo das civilizacións. A civilización europea réxese por un principio (a polaridade clasicismo/romantismo) que explica a coincidencia dos distintos individuos que a compoñen nunha única maneira de concibir o mundo. Esa unicidade non vén dada pola alma, territorio do racional, senón pola maior ou menor pregnancia do espírito, principio ontolóxico en derradeira instancia concedido pola Providencia que é simultánemente persoal (hai homes de espírito) e impersoal (hai civilizacións máis espirituais que outras e, dentro delas, etapas históricas nas que o espírito resplandece ou case desaparece), histórico (encárnase epocalmente) e transhistórico (funda a historia, pero non se confunde con ela). O espírito (a presencia ou ausencia do espírito) é en todo caso o

17. Risco, Vicente. *Teoría do nacionalismo galego.* Impr. La Región. Ourense, 1920. Citamos por: *Obra Completa* 1, Ed. Akal, Madrid, 1981, p. 71.

18. Chama a atención en Risco o seu silencio sobre a tradición alemana. Semella como se non tivese sitio na súa división das civilizacións unha cultura que admira profundamente, pero que non se deixa reducir a ningunha das por el apuntadas. A cultura alemana do século XIX é en gran parte romántica, pero como o romanticismo, para Risco, ten moito de cristián-medieval, e o cristianismo, se nos atemos ó que afirma en *Las tinieblas de Occidente*, é de orixe oriental, queda a dúbida de se o alemán non será, no fondo, oriental. Nada aclara Risco ó respecto: "Mais cómpre afondarnos na verdadeira entrana do romantismo alemán. Pra outro día, se Deus quer". "Estudos sobre o romantismo" en *Leria*, p. 149.

19. *Teoría do nacionalismo galego* en *Obra completa* 1, op. cit., p. 71.

individualizante, aquilo que permite falar de individuos-homes, de individuos-épocas e de individuos-culturas.

Que non hai unha única civilización das que o resto se teñan que entender coma realizacións aínda incompletas queda de manifesto xa en *Las tinieblas de Occidente*, onde Europa aparece claramente diferenciada dunha civilización oriental para Risco máis espiritual e orixinaria. A historia que alí traza valora positivamente aquelas épocas nas que o espírito (cristián, oriental) aparece con máis intensidade. O substrato invariable desa historia é o espírito, pero este réxese por unhas leis que os homes vulgares non coñecen, non crearon e non poden facer súas. Os homes *pneumáticos* poden, todo o máis, entender as reviravoltas do espírito, pero estalles ontoloxicamente prohibido deseñar o camiño que eles mesmos han percorrer. Anulada a capacidade de decisión dos homes, a historia móstrase como a sucesión de epifanías dun espírito que discorre alternativa e misteriosamente do ben (Oriente) ó mal (o Occidente helenizado), do lusco (o cristianismo medieval) ó fusco (a modernidade racionalista), cunha resultante final certamente tebrosa para a que non hai máis principio explicativo que a vontade divina. Isto explica a non utilización polo Risco desta época do concepto alemán de *Volksgeist*. A introducción desa clave obrigaríalle a admitir leis relativamente inmanentes ós pobos, ás civilizacións e mesmo ós homes, concesión expresamente prohibida polo seu trascendentalismo do espírito. Se os pobos estivesen preformados por un espírito individual que os animase, os homes que compoñen eses pobos gozarían dunha certa autonomía (querida por Deus, pero ó cabo, autonomía) respecto da divindade, e iso non pode ser aceptado polo Risco prenacionalista. Será na súa etapa nacionalista cando, rectificando só en aparencia o seus puntos de partida, pase a falar de espíritos (en plural) das culturas e das civilizacións.

Vexamos como incorpora Risco o concepto de *Volksgeist* ó seu pensamento. En referencia polémica a J. Benda —autor que lle serviu a A. Finkielkraut para manter opinións que horrorizarían a Risco se levantase a cabeza— pódese ler unha certa defensa do que nos nosos días se chama "relativismo cultural". Trata Risco de negar a existencia da universalidade do espírito postulada por Benda fronte ós particularismos de partido, de clase e de nación:

> O primeiro sofisma é a postulación dun esprito universal (petición de principio). Cumpriría probar primeiro: a) que eisiste un esprito universal humán; o cal áchase contradito polos feitos; todos recoñecen polo menos unha mentalidade oucidental, unha mentalidade asiática, aínda unha mentalidade americana... ou b) que si non eisistise, sería ben que eisistira; e conceder esto, sería conceder que é mellor que a creación espiritual seña menos rica do que hoxe é, o

> cal é absurdo; e c) cal dos espritos debe trunfar, o asiático ou o occidental, por exempro, e por que razós, no cal o xuzgador sería, craro está, xuez e parte. Contra iste absurdo, sostemos nós que tódolos espíritos, tódalas maneiras de ver as cousas, tódalas conceiciós do mundo de tódolos pobos —por opostas que sexan á nosa— teñen igoal dereito á vida, e que é precisamente, no senso espiritual, en canto criadora de cultura orixinal, autóctona e diferenciada, polo que unha nación é suxeto de dereito[20].

Advírtase o cambio conceptual respecto de *Las tinieblas de Occidente*. A noción básica alí era o espírito, estrictamente singular e trascendente; agora fálase de espíritos en plural (occidental, asiático, americano) que, ademais, se incardinan nos pobos e civilizacións preformando a súa "mentalidade" e as súas "concepcións do mundo". Semella, nunha primeira ollada, que Risco modificou substancialmente a súa anterior crenza nun único espírito transhistórico e providencial a prol dun pluriespiritualismo das culturas. Non o cremos así. Risco segue a crer na unicidade do espírito; o que pasa é que, cando critica a noción de Benda de "Espírito Universal" humano, o que realmente está a facer é criticar á "razón" desenraizada e abstracta do progresismo e racionalismo históricos. Repárese, ademais, en que a quen Risco declara suxeito de dereitos non é ó home xenérico e racional, senón ás "concepcións do mundo" dos pobos, dos que non se afirma que sexan iguais, senón que "teñen igual dereito á vida". Certo que agora aparece por primeira vez na súa obra o termo "xénero humano" caracterizado de xeito (aparentemente) positivo, pero nun uso retórico, posto ó servicio de Galicia e da súa diferencia, non do concepto xenérico de "razón":

> E o xénero humán igoal se gaba de Confucio que de Descartes, de Valmiki que de Homero, de Einstein que de Mahatma Gandhi [21].

Calquera xuízo de valor sobre as culturas debe necesariamente formularse ou desde un determinado punto de vista (por exemplo o "xénero humano") ou desde ningún punto de vista, co que non se pode afirmar nin negar nada. Risco négase a adoptar a perspectiva do "xénero humano" por consideralo o punto de vista da civilización mediterránea e moderna que tanto censura, pero tampouco pode manter unha igualdade esencial entre as culturas, pois llo prohibe o seu aristocraticismo do espí-

20. Risco, Vicente. "Política do noso tempo" en *A Nosa Terra*, 1928, p. 97.

21. *Ibidem*. O "xénero humano" pode, se cadra, gabarse de Descartes, pero non desde logo o Risco de *Las tinieblas de Occidente*, que aborrecía a Descartes e non cría na existencia real da "humanidade"; por non poder, nin sequera pode o Risco que escribe esas mesmas liñas, quen, erguéndose en "xuíz e parte" e en clara contradicción co devandito, declara a mentalidade francesa "lamentablemente estreita" e os ataques de Benda ó nacionalismo, antixermanismo enmascarado: "Moito universalismo, moitos principios abstratos, e no fondo non hai máis que un francés enrabechado..." *Op. cit.* p. 99.

rito, para o cal a cultura atlántica é, indiscutiblemente, máis espiritual que mediterránea. A saída é, como vimos, defender a igualdade de dereito dos pobos á vida, non a súa igualdade de feito.

A visión da historia do Risco nacionalista é o resultado dunha transacción entre o espiritualismo transhistórico da súa etapa inicial e a necesidade de recoñecerlle un espírito singular e diferencial á nación galega. Que Risco non renunciou nunca á noción transhistórica de espírito queda meridianamente claro na súa vida e na súa obra. O punto de vista de Risco é sempre o espírito, tranhistórico e trascendente, do cal el, home *pneumático*, considera posuír coñecemento. Pero a súa conversión ó galeguismo fórzalle a poñer o acento sobre á noción de cultura ou individuo-cultura e a introducir unha noción histórico-cultural de espírito menos providencialista, aínda que non secular. Descuberta en Galicia a orixe que con tanto degaro buscara en Oriente, Risco ten que reformular a súa anterior visión da historia. A necesidade de fundamentar unha teoría da nación galega levarao a buscar na tradición filosófica xermana os materiais que precisaba para loitar pola autonomía de Galicia. Pero iso pasaba por individualizar ou autonomizar o espírito, ata ese momento ou puramente persoal (o *pneúma*) ou puramente transhistórico e providencial, nunha terra e nun tempo. O atemperamento culturalista da súa noción de historia durará o que dure a súa etapa de optimismo nacionalista. A partir dese momento volverá progresivamente ó providencialismo e voluntarismo puros.

E chegamos con isto ó suposto historicismo e spenglerismo de Risco. É verdade que a súa obra está chea de chamadas a substituír a vella visión dos filósofos ("estática" e "racional") pola nova concepción da realidade, móbil e baseada na historia. Pero iso non autoriza sen máis análise a adscribir a Risco ó historicismo, outra das inevitables etiquetas coa que se adoita historiar o pensamento. O historicismo, título co que se agrupa non sempre con razón a autores tan dispares como Dilthey e Schlegel, Marx e Ortega, Troeltsch e Mannheim, parte da idea de que non existe unha natureza humana fixa, posto que o home está condicionado pola historia. Determinando a historia como dimensión esencial do home, o historicismo pretende resolver a antinomia entre ser e devir, mais nese intento case sepre incorre nunha inevitable aporía: a negación da unidade da historia. Posto o home do lado do devir, a historia fica disolta nun conxunto de épocas ou individuos que se suceden os uns ós outros sen que sexa posible establecer entre eles criterios de intelixibilidade, pois iso implicaría formular leis atemporais válidas para todo tempo e lugar, cousa que o historicismo nega metodicamente. A consecuencia é un relativismo radical.

Risco non é historicista porque non é relativista radical, e non é relativista radical porque, como vimos, a súa visión da historia réxese

por un criterio de natureza transhistórica. Ese criterio é o espírito, por definición eterno e intemporal. Isto salva a Risco do historicismo radical (hai épocas claramente preferibles a outras) e do relativismo cultural absoluto (para Risco a civilización atlántica, sen constituír a fin da historia, é mellor que a mediterránea) que, a forza de subliñar a igualdade esencial das culturas, négase a calquera valoración so pretexto de non incorrer en etnocentrismo enmascarado. Risco queda fóra do relativismo total, pero a costa de converter a historia (agora entendida como historia das culturas) no baile de disfraces do espírito.

Porque a unidade da historia queda preservada, para Risco, pola unicidade do espírito, hai que descartar què Risco fose spengleriano ou que Spengler exercese unha influencia decisiva no seu pensamento. O fundamental da teoría de Spengler radica no seu biomorfismo. Toda cultura parte, segundo Spengler dun "protofenómeno". Os protofenómenos, termo extraído das investigacións biomorfolóxicas de Goethe, son distintos e incomunicables, como distintos e incomunicables son, por poñer un exemplo, a estructura seminal dunha planta e o embrión dun insecto. Dado que as culturas se identifican cos protofenómenos, elas son incomunicables e distintas, pero en tanto seres vivos que son, todas teñen a mesma evolución orgánica: nacemento, crecemento, madureza e morte. O destino de toda "cultura" é, para Spengler, converterse finalmente en "civilización" cosmopolita e desenraizada.

A coincidencia de Risco e Spengler en contemplar o tránsito da vida rural á vida urbana como un proceso de decadencia non autoriza a afirmar o spenglerismo de Risco. En primeiro lugar, porque Risco non fai un uso técnico spengleriano deses termos, isto é, non contrapón cultura a civilización, senón vida rural a vida urbana. Cultura é, para Risco, o conxunto de creacións ou manifestacións diferenciais dun pobo, mentres que civilización tende no seu pensamento a designar un *conxunto* de pobos ou "nacións" unidos por unha mesma nota diferencial (Vontade, Intelixencia, Saudade). Unha determinada cultura pode ou non, para Risco, converterse en civilización. Así, a cultura galega, xunto a outras culturas "pode" ou "debe" algún día chegar a constituírse en civilización atlántica, mais ese non é un destino inevitable. O tránsito da cultura á civilización non é para Spengler unha posibilidade, é un sino: o destino de toda cultura é a civilización.

Pero esta sería unha diferencia non relevante se non existisen outras moito máis decisivas. A teoría de Spengler é biomorfista e dun inmanentismo radical. Nada hai fóra das culturas mesmas que explique a evolución histórica. A propia relixión, e a idea de Deus ou dos deuses que a acompaña, é unha producción das culturas na súa etapa auroral que desaparece progresivamente conforme se achega o inverno da civilización. Para Spengler son as culturas ás que producen a Deus e non á

inversa. A visión da historia de Risco é providencialista e trascendental (radical nun principio, atemperada máis tarde, cada vez máis radical despois, espiritualista sempre): Deus é a orixe e a fin da historia. A historia universal entendida por Spengler está dirixida a unha fin cara á que as culturas evolucionan de maneira literalmente natural ata chegar o comezo da súa decadencia.

> Decadencia pra Spengler —escribe Risco en 1925—, que pra min, aínda dudo se nos será máis ben doenza, se non será un estado mórbido, patolóxico, máis que un remate dun proceso natural[22].

A evolución de Occidente cara ó seu tebroso final é, en *Las tinieblas de Occidente*, o querido por Deus e protagonizado polo espírito, non un fenómeno natural. A filosofía da historia do Risco euroatlantista non prevé unha fin inevitable da historia: o occidente atlántico é unha civilización insurxente, non a meta final dun proceso de progreso ou de decadencia. Para Spengler a historia desenvólvese en culturas esencialmente incomunicables, como as almas que lles dan vida. As culturas son, en fin, para Risco, "independentes" pero comunicables:

> Spengler olvida que a pesar de todo esto la historia tiene una unidad. La historia, a pesar del desarrollo independiente de las grandes culturas y de los imperios tiene un aspecto unitario muy importante.
>
> Este aspecto unitario viene determinado por el destino sobrenatural del hombre. [...] Esta historia que yo digo ahora sobrenatural, es aquella que conocemos con el nombre de Historia Sagrada. [...] Es costumbre estudiarla independientente de la otra, la que llamamos Historia Profana. Pero el hecho es que la historia sagrada interfiere, atraviesa, como veremos, la historia profana y le sirve de hilo conductor... [23]

A idea de que a historia posúe unha unidade espiritual pódese trasladar á propia historia intelectual de Vicente Risco. Así como a Historia Sagrada recorre, segundo Risco, á historia profana, a crenza no espírito atravesa de principio a fin o seu pensamento, é o núcleo invariable que permite entender a súa inicial inclinación teosófica, o seu cristianismo *sui generis*, a súa distancia de Nietzsche e de Spengler, o seu peculiar nacionalismo e a súa posterior acomodación ó nacional-catolicismo[24].

22. Risco, Vicente. *Estudios sobre o romantismo.* Op. cit., p. 144.

23. Risco, Vicente. *El sentido espiritual de la historia.* Suplemento de *Misións* nº 21, 15-4-1937. Fragmento citado por M. Outeiriño no seu limiar a *Las tinieblas de Occidente*, p. 25, que reproducimos case integramente aquí.

24. A tese da continuidade esencial no pensamento de Risco foi defendida, entre outros e desde puntos de vista distintos, por C. Casares e J. G. Beramendi. Así explica Casares o tránsito de Risco ó galeguismo: "Renuncia só o apoliticismo, pero segue sendo

E dicimos "acomodación" e non "adhesión incondicional" porque, aínda que Risco de entrada non celebrase alborozadamente o alzamento de Franco, non lle supuxo unha gran violencia adaptarse rapidamente á ideoloxía máis próxima a algúns dos principios que mantivo durante toda a súa vida. A alternativa estaba para Risco clara: ou o "materialismo" filocomunista da Fronte Popular ou o catolicismo pseudoimperial da dereita española. É evidente que ningunha das opcións o contentaban. A primeira simplemente por materialista; a segunda por española ("africana") e porque pretendía fundir nun único corpo a relixión e o estado, como se o espírito puidese ser institucional e socializable. Nesa tesitura elixiu o que mellor encaixaba na súa visión dualista e deixouse como sempre aconsellar pola inefable voz do "espírito"[25]. Pero este xa non sopraba do norte, que bruaba do sur, e un vento africano arramplou con todo (o atlantismo, a razón, a luz, o espírito) sumindo a Galicia na escuridade. O vendaval respectou a Vicente Risco, pero levou consigo o intérprete privilexiado do espírito, o público truximán, o cataventos da tribo, que quedou sen parroquia, sen razón e sen tribo, condenado para sempre a habitar un castelo interior do que quizais nunca saíra.

O que sucedeu despois da guerra é outra, pero no fondo a mesma historia. "Eu só espero a chegada dos cosacos e do Espírito Santo", escribiu o fervente católico e moi reaccionario literato francés Leon Bloy. O nacionalista que foi Vicente Risco nunha etapa da súa vida non desexou nunca a chegada da garda moura. O temeroso espiritualista que sempre foi don Vicente nunca deixou de esperar o triunfo do Espírito Santo.

C. F.

idealista, neoplatónico se se quere, e polo tanto radicalmente antipositivista. E o seu pensamento político, despois da súa conversión ó catolicismo, que se opera por estes anos, quedará sempre tinguido por esta primeira etapa da súa ideoloxía xuvenil". *Op. cit.*, p. 55. Beramendi, explicando o tránsito de Risco ó nacionalismo, ve o cambio "só nas roupaxes e nos nomes dos personaxes do drama. A liña argumental experimenta, pola contra, cambios mínimos". *Op. cit.*, p. 129.

25. "Con todo, o credo ideolóxico non sofre a penas variacións: o materialismo encárnano agora os que sosteñen a causa da República, mentres que o espiritualismo redúcese ao ámbito do catolicismo e aos seus defensores. A guerra, para a xustificación da cal busca argumentos teóricos, pode ser incluso necesaria para defender o patrimonio espiritual da humanidade, cando este sofre o asalto dos bárbaros". Casares, C. *Op. cit.* p. 108.

Historia e actualidade dos nacionalismos na España contemporánea: unha perspectiva de conxunto

Xosé M. Núñez Seixas

1. INTRODUCCIÓN

Este ensaio pretende ante todo ofrecer unha visión xeral das causas e desenvolvemento dos nacionalismos na España contemporánea, e polo tanto está determinado pola perspectiva propia dun historiador. Isto é, comezando pola análise do pasado tentarase contribuír a unha mellor comprensión da cuestión nacional en España hoxe en día. De aí tamén que non se vaia pretender aquí afondar en todos e cada un dos aspectos que se apuntarán, senón máis ben contribuír a unha visión xeral e integrada.

É preciso definirmos en primeiro lugar qué é o que entendemos por Nación e, xa que logo, qué acepción temos do termo *nacionalismo*. Desde unha perspectiva de análise científica temos que diferenciar a Nación doutras formas de identidade colectiva: unha Nación é todo conxunto de persoas que se senten vencelladas de xeito ancestral e en base a unha serie de factores comúns variables (etnicidade, territorialidade, Historia, etc.), e que consideran que ese colectivo é o referente derradeiro de delimitación territorial do poder, de soberanía. Definir que un colectivo determinado é unha Nación supón, polo tanto, aceptar que ten dereito, polo menos no plano teórico, á autodeterminación, é dicir, a determinar libre e colectivamente cál é o seu destino, en canto que ese conxunto de individuos é o suxeito de dereitos políticos colectivos vencellados a un territorio determinado. Como consecuencia,

---

Recóllese aquí no fundamental, engadíndolle un moderado aparello crítico actualizado, o texto da conferencia dada no Paraninfo da Universidade de Vigo o 19 de abril de 1994, dentro do ciclo *O nacionalismo hoxe en día,* organizado polo Colectivo Xarabal.

nacionalismo é aquela doutrina política que defende o dereito de autodeterminación para unha *nación* concreta, e polo tanto asume e defende que ese colectivo humano é o referente primeiro e básico de lexitimidade política, o que á súa vez pode combinarse con diferentes programas sociais e ideoloxías políticas. De aí que os nacionalismos poidan ser de dereitas e de esquerdas. Malia as consabidas eivas para atoparmos definicións inequívocas de ambos os dous conceptos (que á súa vez varían segundo os diferentes idiomas) podemos considerar que as propostas apuntadas son dabondo operativas para o tema que aquí nos ocupa, pois a partir delas podemos deslindar claramente cales son nacionalismos e cales non o son, e así mesmo podemos comezar á clasificar ulteriormente as Nacións e nacionalismos, mais non en base a criterios supostamente obxectivos. Desde o punto de vista analítico, a Nación é un imaxinario social, é dicir, unha *comunidade imaxinada*[1], e cientificamente podemos afirmar que existe na medida en que os seus integrantes están convencidos da súa existencia. As nacións, xa que logo, non están predeterminadas nin existen desde tempos inmemoriais, senón que son froito do convencemento dos individuos que as integran e moi especialmente da laboura teórica dos nacionalistas, que as converten en imaxinarios compartillados por un colectivo humano.

As nacións son, daquela, producto de factores históricos e evolutivos, inseríndose en procesos dinámicos de construcción da identidade colectiva: por iso son os nacionalismos os que *constrúen* as nacións, e non ó contrario. Ora ben, aínda que certo é que ó entrarmos na Idade Contemporánea existen tamén determinadas comunidades e colectivos que posúen unha experiencia de vida compartida, unhas características étnicas (lingua, costumes, etc.) máis ou menos comúns e obxectivables, e unha experiencia de autogoberno ou de unidade territorial desde polo menos a Idade Media ou a Idade Moderna, non nos atoparemos perante nacións no senso moderno do termo, senón por exemplo perante o que algúns autores chaman *ethnie*[2], grupos étnicos ou colectivos de poboación nos que, ó principiar a Idade Contemporánea, están presentes algúns factores susceptibles de favoreceren o desenvolvemento dun nacionalismo moderno. Mais non existe unha relación directa entre pasado esplendoroso, podente etnicidade e desenvolvemento dun forte

1. Anderson, B. *Imagined Communities. Reflections on the Origin and Spread of Nationalism*. Londres /New York,1983; Beramendi, J. G. "Ethnos versus Polis? On Method and Nationalism", en J. G. Beramendi, R. Máiz e X. M. Núñez (eds.). *Nationalism in Europe: Past and Present*. Santiago, 1994, vol. I, pp. 69-110; Seton-Watson, H. *Nations and States. An Inquiry into the Origins of Nations and the Politics of Nationalism*. Londres, 1977; Smith, A. D. "The Nation: invented, imagined, reconstructed?" en *Millenium*, 20:3, 1991, pp. 353-68. Dos mesmos autores, "Gastronomy or Geology? The Role of Nationalism in the Reconstruction of Nations" en *Nations and Nationalism*, 1:1, 1995, pp. 3-23.

2. Smith, A. D. *The Ethnic Origins of Nation*. Oxford, 1986.

nacionalismo na época contemporánea, porque o nacionalismo é un fenómeno que nace coas revolucións burguesas, é dicir, coa época contemporánea e a creba dos vencellos colectivos de lexitimidade política propios da Idade Moderna: as lealdades dinásticas e señoriais. Cando se fai preciso construír novas instancias de lexitimidade política que substitúan as xa caducas, hase recorrer a novos principios e novos elos. Aínda que a discusión sobre a posible existencia de Nacións con anterioridade ó derradeiro tercio do século XVIII segue aberta[3], ata o de agora poucas explicacións científicas convincentes teñen demostrado que sexa operativo falarmos da existencia de nacións antes da era contemporánea, é dicir, antes da primeira revolución liberal que ó mesmo tempo foi nacional: a que levou á independencia dos Estados Unidos de América, endebén se pode considerar que nas revolucións inglesa e holandesa do século XVII existen xa algúns elementos que prefiguran o nacionalismo da Idade Contemporánea.

Polo tanto, cando se trata sobre os nacionalismos no conxunto de España nunha perspectiva histórica, hase superar en primeiro lugar a tentación esencialista, isto é, supoñer que teñen existido dentro das fronteiras do Estado español *nacións* predeterminadas, quer a española, quer aquelas que negan precisamente a esta (e viceversa), é dicir, a basca, a catalana, a galega, etc. Pola contra, ó longo dos séculos XIX e XX atoparemos unha realidade dinámica, con procesos de construcción nacional contrapostos, dialécticos e mesmo interactuantes. Existe unha relación constante entre o desenvolvemento do nacionalismo español e mais o nacemento e evolución dos nacionalismos periféricos: os éxitos do primeiro condicionan os fracasos dos segundos, e viceversa. En consecuencia, non se ha concibir a cuestión nacional en España como se cada nacionalismo ou cada territorio fose un compartimento estanco, como con moita frecuencia se ten suposto implicitamente na historiografía hispánica[4]. Aínda que poida semellar obvio afirmalo, hai que lembrar que o desenvolvemento do nacionalismo español a través das diferentes épocas condiciona o dos nacionalismos que denominaremos periféricos, ó igual que acontece o proceso inverso.

A devandita opción teórica obríganos así mesmo a situar no seu xusto lugar algunhas ideoloxías e movementos políticos adoito considerados nun mesmo fol cos nacionalismos periféricos, aínda que interactúen decote con estes e co nacionalismo español. Tal sería o caso, sobre todo, do federalismo de raigame pimargalliana, que experimentou un grande desenvolvemento teórico e político no século XIX español e que

3. Armstrong, J. *Nations before Nationalism*. Chapel Hill, 1982; Dann (ed.), O. *Nationalismus in vorindustrieller Zeit*. Múnich, 1986.

4. Núñez Seixas, X. M. *Historiographical Approaches to Nationalism in Spain*. Saarbrücken/Fort Lauderdale, 1993.

forneceu sobre todo dun programa político para o artellamento do Estado a boa parte dos nacionalismos periféricos, o que non quere dicir que o federalismo poida ser considerado sen máis como un devanceiro ou precedente daqueles (xa que o horizonte de lexitimación política do federalismo, mesmo do cantonalismo, é sempre a *Nación política* española, buscando ante todo un mellor xeito de acadar unha democratización desta: é a lóxica da ideoloxía de Proudhon, que tamén ten un reflexo por exemplo nas propostas federalistas de varios sectores do republicanismo portugués[5]). Tamén sería o caso dos diferentes *rexionalismos*: aínda que de orixes diversas (con compoñentes carlistas nuns casos, rexeracionistas noutros, republicano-democráticas nalgúns), ningún deses rexionalismos, desde o aragonés ó extremeño, e practicamente deica hoxe, postula a construcción de *nacións* alternativas, é dicir, considera o dereito de autodeterminación das súas respectivas comunidades. O observador non ha deixarse levar polas aparencias retóricas: todo *rexionalismo* é unha forma de nacionalismo español. Mesmo, como amosan matizadamente varios exemplos noutros Estados europeos (coma Francia ou Alemaña), a construcción de fortes identidades rexionais non é *necesariamente* unha mostra da debilidade do Estado nacional, senón que se ha ver como un fenómeno complementario á súa construcción, que busca ante todo fomentar a identidade local como medio de enfortecer o patriotismo através da "patria local", da *Heimat*[6]. Certo é que, especialmente en España, existe unha zona de contacto nalgúns casos na que se produciu unha evolución desde o rexionalismo descentralizador e a identidade rexional cara a unha afirmación nacional, e polo tanto negadora da Nación española en última instancia. Mais o feito de que esa evolución máis ou menos lineal se produza en determinadas circunstancias e nalgúns casos non quere tampouco dicir que sexa xeral nin xeneralizable.

5. Non obstante, hai que lembrar a extrema diversidade interna do federalismo español do século XIX, xa que cara a 1870 aínda existían fortes diverxencias dentro del sobre a forma de artellamento territorial do Estado no futuro e sobre cáles haberían ser os seus fundamentos: mentres para algúns sectores abondaba unha descentralización, para outros se combinaban os postulados proudhonianos co recoñecemento dunha serie de "peculiaridades" orgánico-historicistas das diversas rexións españolas que xustificarían o seu dereito a unha autonomía; finalmente, para un terceiro sector, o federalismo fundaríase pura e simplemente no pacto sinalagmático. *Vid.* G. Levi, "Pi i Margall y el federalismo español del siglo XIX" en *Sistema* 113, 1993, pp. 103-116, e J. M. Jover, "Federalismo en España: cara y cruz de una experiencia histórica" en G. Gortázar (ed.), *Nación y Estado en la España liberal,* 1994, Noesis, Madrid, pp. 105-168. Para un contraste co coetáneo federalismo portugués, *vid.* F. Catroga, *O republicanismo em Portugal. Da formação ao 5 de outubro de 1910.* Coimbra, 1991, vol. I, pp. 63-71 e 80-83.

6. Haupt, H. G. "Die Konstruktion der Regionen und die Vielfalt der Loyalitäten im Frankreich des 19. und 20. Jahrhunderts" en G. Lottes (ed.), *Region, Nation, Europa. Historische Determinanten der Neugliederung eines Kontinents.* Heidelberg, 1992, pp. 121-126; Applegate, C. *A Nation of Provincials: The German Idea of Heimat,* Berkeley, 1990; Confino, A. "The Nation as a Local Metaphor: Heimat, National Memory and the German Empire, 1871-1918" en *History and Memory* 5:1, 1993, pp. 42-87.

A situación política actual en diversas rexións da España ofrece tamén abondosos exemplos de rexionalismos que non son nacionalismos, malia que en ocasións, por puro oportunismo político, xoguen a selo. Eis o caso do Partido Aragonés Regionalista (PAR), de Unidad Alavesa ou de Unión del Pueblo Navarro (UPN), claras respostas *rexionalistas*, malia nalgúns casos contaren con antecedentes e tradicións políticas propias de reivindicación rexional (carlismo, foralismo), ós desafíos suscitados polos nacionalismos periféricos, e que ante todo son formas específicas de nacionalismo español.

2. ¿UN *ESTADO NACIONAL* FRACASADO? (1800-1936)

Dáse o paradoxo de que España, como comunidade política que abrangue un mesmo territorio, é un dos Estados máis vellos de Europa, datable, en teoría, desde o século XV, e que acada unha plasmación en forma de Imperio durante a Idade Moderna. Mais precisamente na época durante a que se consolidan os Estados *nacionais* europeos, é dicir, durante a Idade Contemporánea (desde fins do século XVIII), e especialmente ó longo do século XIX, España fica claramente demorada en canto *Estado nacional*, aínda sen sufrir perdas no seu territorio europeo desde o ano 1648. Isto favorece evidentemente o desenvolvemento dos nacionalismos periféricos, en canto actúa como unha precondición favorable, malia que non se ha aducir como o seu único factor desencadeante. A comezos do século XIX España non era un Estado *plurinacional*, é dicir, integrado xa por diversas *nacións*: si, en todo caso, un Estado *pluriétnico*, como tamén o era Francia e a maioría dos Estados europeos. A diferencia verbo doutros Estados europeos ó longo do século XIX radica máis ben na intensidade da pervivencia das diversas *etnicidades* diferenciais en varios dos seus territorios. O que se debe ante todo ó propio fracaso do proceso de construcción do Estado nacional español (o que xenericamente se coñece como *Nation-building*, é dicir, a articulación da nación como *comunidade imaxinada* por parte do Estado mediante a súa acción político-institucional, para así se converter nun Estado nacional)[7], máis que á resistencia activa e consciente dos integrantes deses grupos étnicos periféricos (bascos, cataláns, galegos...) fronte a un centralismo liberal español xa percibido como "uniformizador" desde un comezo[8]. Certamente exis-

7. Smith, A. D. "State-Making and Nation-Building" en J. Hall (ed.), *States in History*. Oxford, 1986, pp. 228-263; Rokkan, S. "Dimensions of State Formation and Nation Building" en C. Tilly (ed.), *The Formation of National States in Western Europe*. Princeton, 1975, pp. 562-600.

8. Así e todo, algúns autores supoñen implicitamente que foi precisamente esa resistencia activa e máis ou menos consciente das diferentes *nacionalidades* peninsulares

tían xa desde a Idade Moderna diversas concepcións verbo do termo "España" como comunidade política e verbo dos "españois" como colectivo (igual que as había dos termos "alemáns" ou dos "italianos", malia non existiren aínda como estados), mais ningunha delas, fose a concepción "austracista" propia da Monarquía dos Austrias, ou a "monárquico-ilustrada" propia do século XVIII, se identificaba coa idea de Nación moderna (é dicir, suxeito de dereitos políticos colectivos), senón que o baseamento teórico de "España" era a lealdade dinástica, a relixión católica e a identificación coa institución monárquica (o corpo social situado baixo a autoridade do monarca). Así mesmo, tamén os primeiros liberais españois abeiraban un proxecto moderno de nación: mais o pouco tempo de que dispuxeron para poñelo en práctica e as debilidades da revolución liberal española condicionaron a aplicación dese corpo de ideas, polo que, realmente, o Estado liberal español que se empeza a construír no primeiro tercio do século XIX nace moi eivado polas súas concesións ó Antigo Réxime[9].

Non só se trataba da pervivencia da etnicidade (costumes, lingua, modos de hábitat, crenzas tradicionais, amais das institucións ou corpos propios de dereito civil, etc.), senón tamén da debilidade da difusión dun sentimento máis ou menos artellado de pertenza a unha Nación política identificada co Estado que callase dabondo forte como para relegar ós movementos nacionalistas periféricos que puidesen emerxer a unha situación de práctica marxinalidade política, como de feito aconteceu na veciña Francia. Cando os nacionalismos periféricos nacen e se consolidan politicamente no derradeiro cuarto do século XIX, as precondicións sociais para o seu posterior crecemento estaban dadas en parte gracias a unha circunstancia previa: o incompleto carácter do proceso de construcción nacional español, é dicir, da *nacionalización* española, como ten sinalado B. de Riquer[10].

¿Cales foron os factores principais dese *fracaso* nacionalizador? Aínda que a discusión histórica sobre esa cuestión segue moi viva, e estamos no intre actual aínda lonxe de podermos ofrecer un modelo

durante o século XIX o que empeceu a penetración do proceso nacionalizador español: así o defende para o caso das Baleares, por exemplo, I. Peñarrubia, "De pagesos a espanyols? La resistència mallorquina a la nacionalització espanyola" en *El Contemporani* 1, 1993, pp. 12-16.

9. Varela, J. "Nación, patria y patriotismo en los orígenes del nacionalismo español" e Fernández Sebastián, J. "España, monarquía y nación. Cuatro concepciones de la comunidad política española entre el Antiguo Régimen y la Revolución liberal" en *Studia Historica. Historia Contemporánea* 12, 1994, pp. 31-43 e 45-74, respectivamente.

10. Corcuera Atienza, J. "Nacionalismo y clases en la España de la Restauración" en *Estudios de Historia Social* 28-29, 1984, pp. 249-282. Recentemente, é Borja de Riquer quen máis ten incidido en varios traballos sobre a febleza do nacionalismo español no século XIX, *vid.* por exemplo "La débil nacionalización española del siglo XIX" en *Historia Social* 20, 1994, pp. 97-114.

explicativo definitivo[11], si que se poderían resumir hipoteticamente eses factores nos seguintes, de xeito moi esquemático:

1. O baixo grao de desenvolvemento industrial, localizado ademais só nalgunhas rexións determinadas —País Basco, Cataluña, Asturias—, o que ten como consecuencia o xurdimento de importantes desequilibrios territoriais no referente á distribución de recursos, que non se corresponden coa localización dos centros de decisión política e mesmo coa extracción xeográfica das elites políticas do Estado. Ó cal se lle engade outra consecuencia: o escaso nivel de modernización da sociedade española no século XIX e primeiro tercio do XX, que tamén se puxo de manifesto nun moi limitado nivel de artellamento territorial e *comunicación social* entre as diversas zonas do proprio Estado[12]. A carencia de infraestructuras e a dificultade das comunicacións, unido, como se expón máis abaixo, ó escaso labor nacionalizador do Estado, ten como consecuencia que a comezos do século XX fose posible afirmar que España era, en verbas de Ortega y Gasset, unha "inmensa provincia", é dicir, un agregado de territorios e rexións cun coñecemento relativamente escaso entre eles[13].

2. As divisións políticas internas: a dialéctica constante entre absolutistas (desde 1833, carlistas) e liberais, coa conseguinte división crecente do liberalismo entre moderados-centralistas e progresistas que, por reacción contra daqueles, fanse máis partidarios do provincialismo, o que produce unha situación curiosa: de xeito inverso ó que acontecía en Francia, en España os equivalentes ós "xacobinos", é dicir, os progresistas, teñen unha actitude máis favorable cara á mantenza das chamadas *liberdades locais*, o mesmo que por diferentes razóns os carlistas; mentres o equivalente ideolóxico dos "xirondinos", é dicir, os moderados, son ferreamente centralistas. Isto debíase, basicamente, a tres razóns:

2. a. Á forte impronta historicista do liberalismo español, que o levaba a buscar unha lexitimación da ruptura co Antigo Réxime na Historia anterior, e máis concretamente na tradición das Cortes medievais e das Cortes de Aragón. De aí tamén que se recorrese ás "liberdades provinciais" que se supoñía foran deturpadas polo carácter cen-

11. Núñez Seixas, X. M. "Questione nazionale e crisi statale: Spagna, 1898-1936" en *Ricerche Storiche* XXIV:1, 1994, pp. 87-117.

12. Sobre o concepto de "comunicación social", *vid.* K.W. Deutsch, *Nationalism and Social Communication. An Inquiry into the Foundations of Nationality.* Cambridge (Ma.), 1953.

13. Ortega y Gasset, J. *La redención de las provincias*, 1931, en *Obras Completas.* Madrid, 1988, pp. 233-41.

tralista e absolutista dos Austrias primeiro e dos Borbóns despois[14]. Naturalmente, tal valoración é unha construcción *a posteriori* por parte dos liberais, é dicir, unha idealización do papel verdadeiro das Cortes medievais, presentándoas como verdadeiros devanceiros do réxime constitucional e lexitimando así historicamente a revolución liberal na España e para combater calquera acusación de "afrancesamento"[15].

2. b. Polo feito de os progresistas teren o seu meirande couto político de influencia na esfera local, é dicir, nos concellos, xorde unha asociación implícita entre descentralización, liberdades locais e profundización da democracia representativa. Amais diso, a importancia da administración local desde o século XVIIII e o papel sobranceiro que xogaba aquela no conxunto da Administración do Estado foron factores que permitiron a forte sobrevivencia do municipalismo ó nivel ideolóxico, incluso despois da reforma administrativa levada a cabo polos Moderados que diminuíu en moito o papel dos concellos (imposición de alcaldes nomeados directamente polo Goberno, por exemplo).

2. c. Por último, o feito de que os carlistas defenderán os *Fueros* rexionais nun principio como arma propagandística e mobilizadora (desde 1834, aproximadamente, e sobre todo en Navarra e País Basco; máis tarde, desde 1846, en Cataluña), pero progresivamente irán vendo na reivindicación das formas tradicionais de autonomía rexional —é dicir, formas de privilexo territorial como eran os *Fueros*— unha defensa do que consideraban era a Nación española tradicional dos séculos XVI e XVII, oposta e anterior ó liberalismo. Tal defensa terá continuidade, con algunhas adaptacións modernizantes, ó longo do século XIX e durante o primeiro tercio do século XX, e en boa parte fornecerá as bases ideolóxicas do que será a variante "rexionalista" do nacionalismo conservador español, como veremos.

3. Unha feble eficacia, virtualidade operativa, e polo tanto cativos resultados, dos elementos e instrumentos que haberían conformar o proceso de *nacionalización* española do século XIX, e que se vencellaban directamente coas insuficiencias modernizadoras do Estado liberal:

14. Beramendi, J. G. "A función da Historia na formación do nacionalismo español" en *Actas do I Congreso Internacional da Cultura Galega*. Santiago de Compostela, 1992, pp. 125-132; Trías Vejarano, J. J. "Los diferentes 'modelos' de Estado-Nación en el ciclo revolucionario español del siglo XIX", en VV. AA., *La Revolución burguesa en España*. Madrid, 1985, pp. 151-177; J. M. Jover Zamora, *La civilización española a mediados del siglo XIX*. Madrid, 1992, pp. 141-191.

15. *Vid.* entre outros Varela Suances-Carpegna, J. *La teoría del Estado en los orígenes del constitucionalismo hispánico (las Cortes de Cádiz)*. Madrid, 1983, e Mato, A. "Liberalismo e historicismo. A contemplación histórica de España como nación constitucional na obra de D. José Alonso López y Nobal" en J. G. Beramendi (ed.), *Galicia e a historiografía*, Santiago de Compostela, 1993, pp. 159-181.

3. a. Un sistema de educación nacional escasamente dotado, que non é quen de conquerir os resultados que si acadou en Francia, por exemplo: a imposición progresiva dun só idioma, que actuase como *idioma nacional*, e mais o espallamento e inculcación dunha serie de valores cívico-patrióticos e simbólicos que á súa vez uniformasen culturalmente a poboación española[16]. A Lei Moyano (1857) establecía que o financiamento da educación primaria era competencia da Administración local (os concellos), os cales, ó estaren endemicamente endebedados e privados de recursos propios tras a Desamortización Civil, non podían na gran maioría dos casos asumir os custos de mantemento das escolas. Non ten nada de estraño, xa que logo, que as taxas de analfabetismo en España se situasen entre as máis elevadas da Europa occidental, e que a comezos deste século fose ante todo a iniciativa da sociedade civil a que completase algunhas desas carencias (por exemplo, as famosas escolas de *indianos* en Galicia). De aí tamén que os idiomas diferentes da lingua oficial do Estado (o castelán) pervivisen no conxunto de España con moita máis forza que noutros Estados da Europa occidental[17]. A iso uníase a forte tutela que a Igrexa Católica exercía sobre os contidos do ensino estatal, en virtude do Concordato asinado entre o Goberno Moderado e o Vaticano en 1851.

3. b. O exército practicamente nunca cumpriu en España o papel unificador que tivo noutros Estados europeos, onde o servicio militar era obrigatorio para todos os cidadáns desde polo menos 1870. Na España do século XIX, o exército xamais foi *nacional* e obrigatorio para todos por igual (como si o era en Francia ou en Alemaña): moi pola contra, o sistema de recrutamento chamado *de quintas* era cruamente clasista, xa que permitía a aqueles que posuísen unha determinada cantidade de diñeiro liberarse do servicio militar, tendo que ir entón un cidadán pobre no lugar dos que libraban para cumprir o cupo establecido (un de cada cinco mozos). A oposición ás quintas é un tema recorrente das axitacións populares de inspiración progresista e demócrata en toda España ó longo do século XIX, e a iso engádese desde fins de século o devastador efecto que sobre o xa mirrado prestixio popular do Exército producen as guerras coloniais, primeiro, e moi especialmente a guerra de Marrocos xa no século XX, o que motiva a existencia dun elevadísimo número de prófugos e

16. Sobre o proceso nacionalizador na Francia do século XIX, é referencia imprescindíbel E. Weber, *Peasants into Frenchmen. The Modernization of Rural France, 1870-1914*. Stanford, 1976.

17. Pódese afirmar que, cara a 1875, o idioma basco era falado aínda por un 40-50% da poboación do País Basco; o idioma galego por un 90% da poboación de Galicia, e a mesma porcentaxe en Cataluña e Illas Baleares (en menor proporción, en Valencia). Nos casos basco e catalán, a porcentaxe de falantes dos idiomas autóctonos diminuíu desde 1880 como consecuencia da inmigración masiva de man de obra castelán-falante doutras zonas de España.

desertores[18]. A pesar de as reformas militares do Goberno Canalejas (1912) eliminaren a práctica da redención en metálico do servicio militar, o prestixio do Exército non por iso aumentou. A impopulariedade das odiadas *quintas* engadiuse á non menor da Garda Civil, corpo militarizado de orde pública creado no ano 1844 co obxectivo, ante todo, de defender os intereses da propriedade nas zonas rurais de España[19].

3.c. Unha deficiente unificación simbólica do Estado *nacional*: a difusión dun patriotismo encarnado en mitos comúns, monumentos, procesións cívicas, etc., é en España moi inferior á que ten lugar noutros Estados da Europa Occidental, onde ademais se trataba dunha política simbólica promovida desde o propio Estado[20]. Pola contra, na España do século XIX prestouse unha moi cativa atención a estes aspectos, quizabes por falla de consciencia por parte das elites gobernantes (que partían do suposto de que a *nación* xa estaba feita desde había catro séculos), e existía ademais unha fonda falla de consenso arredor de cáles haberían ser os mitos fundacionais e os símbolos da Nación española, acentuada polas divisións políticas internas. A mitificación da "Guerra da Independencia", por exemplo, foi en España relativamente moi feble durante o século XIX, e o Dous de Maio non pasou de ser unha festa local en Madrid con escasos festexos[21]. De aí que España sexa un dos poucos Estados que contou con varias bandeiras (bicolor —a dos máis conservadores— ou tricolor —a dos republicanos e as esquerdas—), o mesmo que con varios himnos nacionais (*Marcha Real* monárquico-conservadora versus *Himno de Riego* demócrata-republicano), división que ten chegado mesmo ata épocas moi recentes, xa que un consenso básico arredor dos diferentes símbolos "nacionais españois" só se conquire na práctica, e non completamente, no ano 1978 (cando a oposición de esquerda renuncia definitivamente á bandeira tricolor). Lémbrese que o Himno español actual nin sequera ten letra: é a Marcha Real, mais sen o texto que fora engadido durante o Franquismo. Reflexo desa falla de atención ós aspectos simbólicos era tamén o carácter provinciano e pouco lucido da cidade de Madrid

18. Sales, N. *Sobre esclavos, reclutas y mercaderes de quintos*. Barcelona 1974; Serrano, C. "Prófugos y desertores en la Guerra de Cuba" en *Estudios de Historia Social*, pp. 22-23, 1984, pp. 21-35; Balboa, X. L. "Quintos e prófugos: os galegos e o servicio militar no século XIX" en X. Castro e J. de Juana (eds.), *V Xornadas de Historia de Galicia. Mentalidades colectivas e ideoloxías*. Ourense, 1992, pp. 51-71.

19. López Garrido, D. *La Guardia Civil y los orígenes del Estado centralista*. Barcelona, 1982.

20. Para o caso italiano *vid*. B. Tobia, *Una patria per gli italiani. Spazi, itinerari, monumenti nell'Italia unita*. Bari, 1991; para unha comparanza entre os casos francés e alemán, *vid*. Ch. Tacke, *Denkmal im sozialen Raum*. Göttingen, 1995.

21. Álvarez Junco, J. "La invención de la Guerra de la Independencia" en *Studia Historica. Historia Contemporánea* 12, 1994, pp. 75-99.

durante o século XIX, capital sen os grandes monumentos e conxuntos urbanos de Roma ou París[22].

3. d. Un incompleto desenvolvemento da Administración do Estado, e polo tanto da súa función modernizadora. Como resultado diso, as lealdades do funcionariado non se establecen cara ó Estado en abstracto, senón cara ós partidos de turno, pois non se regulamentou definitivamente o sistema de concursos para o acceso á función pública ata as vésperas da I Guerra Mundial (de aí a caricaturesca figura do *cesante,* tan presente na literatura do século XIX). A iso engádese *un centralismo acusado da Administración,* inspirado en boa parte no modelo francés, que non fai senón acentuar a sensación de que "Madrid está lonxe" en todas as provincias españolas, e que só ten unha excepción na persistencia (por mor dos pactos precisos para rematar a I Guerra Carlista) do réxime foral basco ata o ano 1876. Así, por exemplo, á fronte de cada unha das 49 provincias creadas pola reforma administrativa de 1833 (Reforma de Javier de Burgos[23]) vaise situar, desde 1844, a un Gobernador Civil, pero que ó contrario dos prefectos franceses a penas dispuña de recursos para garantir a orde pública, non cumpría funcións de coordenación administrativa e, en consecuencia, reducía a súa funcionalidade practicamente ó control político e a manipulación electoral ó servicio do partido no poder. A iso uníase a preponderancia certa das autoridades militares sobre as civís[24]. O resultado de todo isto era a remanente falla de adecuación entre a Administración e as necesidades do cidadán, o que vai crear unha conciencia de descontento cara ó Estado e de escasa fe nas súas posibilidades modernizadoras en toda España. Ademais diso, a nova división territorial do Estado en 49 provincias implantada no ano 1833 só de xeito moi lento puido eliminar as lealdades ós antigos marcos territoriais tradicionais (as "provincias" do Antigo Réxime, as provincias eclesiásticas, as comunidades locais), de maneira que ó longo do século XIX tivo lugar unha "pervivencia ideolóxica do modelo territorial tradicional" tanto entre os partidarios do Absolutismo (os carlistas) como entre os progresistas e demócratas[25]. A iso engadirase un factor correlativo: a pervivencia con grande forza de costumes xurídicos rexionais e locais (sobre todo no ámbito do Dereito Civil) e dereitos forais en varias zonas da España ó longo do século XIX e boa parte do XX, que

22. Como ten sinalado J. P. Fusi, "Centralismo y localismo: la formación del Estado español" en Gortázar (ed.), *op.cit.*, pp. 77-90.

23. Calero Amor, A. M. "Liberalismo y división provincial" en *Revista de Historia Contemporánea* 3, 1984, pp. 5-31.

24. Como mostra o interesante estudio de M. Risques Corbella, *El Govern civil de Barcelona al segle XIX*. Barcelona, 1995.

25. Nadal, F. *Burgueses, burócratas y territorio. La política territorial en la España del siglo XIX*. Madrid, 1987, pp. 39-53.

só a modo e de xeito incompleto se foron unificando polo Estado (a primeira compilación de Código Civil español houbo de agardar ó ano 1889), e que, de acordo cos postulados da "Escola histórica do Dereito" (Savigny) serán retomados como bandeira por diversas forzas políticas opositoras ós Gobernos de Madrid desde mediados do século XIX[26].

4. Un factor non refugable é a falla dun inimigo exterior claramente definido ó longo do século XIX, desde a "Guerra da Independencia" contra as tropas de Napoleón, que foi precisamente o intre xerminal da aparición dun patriotismo español esporado pola oposición a un invasor claramente percibido como estranxeiro. Mais logo da victoria sobre Napoleón, España convértese nun país aparentemente sen inimigos e sen grandes aspiracións anexionistas. E, á inversa, sen grandes temores de ser anexionado. O feito de chegar tarde e participar só moi secundariamente na "carreira colonial" da segunda metade do século XIX, e os fracasos relativos dos escasos períodos nos que se tencionou promover unha política exterior agresiva (por exemplo, as iniciativas exteriores do Goberno da Unión Liberal na década de 1860: Marrocos, México, Cochinchina) xamais foron dabondo para encher ese baleiro. De aí que, pasado o estoupido conxuntural de antiamericanismo da guerra de 1898 contra os Estados Unidos, que non chega a callar de xeito máis remanente, o nacionalismo español vira cara á defensa contra da "ameaza interior" e comece a estar máis preocupado polos inimigos internos —reais ou supostos— que polos externos. Neste senso, un contraste claro ofréceo Portugal, onde a oposición a España é un elemento clave na configuración e consolidación interna do nacionalismo luso ó longo da época contemporánea (a través, precisamente, dunha política simbólica e educativa conscientemente promovida polos Gobernos de Lisboa)[27].

5. O feito de que a realidade do sistema e da representación política durante o século XIX español, e moi particularmente ó longo do período da Restauración (1875-1923) estivese caracterizada pola contradicción entre unha modernización aparente do sistema (España foi dos primeiros Estados europeos nos que tivo vixencia o sufraxio universal masculino, desde 1890, ó que se unía unha xenerosa lei de asociacións

26. Clavero, B. *El código y el fuero. De la cuestión regional en la España contemporánea.* Madrid, 1982.

27. Costa Pinto, A. e Monteiro, N. "Probleme der nationalen Identität in Portugal" en *Werkstattgeschichte* 8, 1994, pp. 15-26; sobre a construcción e difusión polo sistema escolar estatal portugués dunha simboloxía e dun imaxinario nacionais, *vid.* Campos Matos, S. *História, mitologia, imaginário nacional. A História no Curso dos Liceus (1895-1939).* Lisboa, 1990.

e de prensa) e unha práctica domeada pola imperancia do clientelismo político a diversos niveis, o fraude electoral e a manipulación dos resultados desde o Goberno. Isto levaba a unha alternancia pactada no poder entre dous partidos (o Conservador e mais o Liberal) e excluía da posibilidade de acceder ó Goberno ou de influír parlamentariamente no mesmo ó resto das forzas políticas (carlismo, republicanismo, integrismo católico, movemento obreiro). De aí derivarase que a participación política na vida do Estado do cidadán medio fose moi limitada, e xa que logo a falla de identificación de amplas camadas da poboación cun Estado oligárquico e, amais, ineficaz[28].

6. Como derradeiro factor podería citarse a remanente actitude de oposición fronte ó Estado liberal por parte de amplos sectores da Igrexa Católica, que en principio apoiaran o carlismo e que nalgúns lugares (sobre todo en Cataluña e no País Basco, pero moito máis limitadamente en Galicia) atopou un vieiro de oposición á xulgada "secularización" estatal mediante a promoción de linguas, tradicións e identidades de ámbito territorial diferente e inferior ó do Estado.

Todos estes factores *contribúen* a explicar, mais non explican de seu o xurdimento dos nacionalismos periféricos: dado que habería razóns para concluírmos a primeira vista que, de acordo co esquema devandito, as zonas do Estado nas que a acción modernizadora do Estado foi máis escasa, coma Galicia, e nas que pervivían fortes elementos do que podemos denominar unha *etnicidade* diferencial, haberían ser aquelas nas que xurdise un movemento nacionalista con máis forza. Porén, isto non sempre aconteceu así, o que nos leva a considerar que existen outros factores complementarios de natureza sociopolítica.

3. O DESENVOLVEMENTO DOS NACIONALISMOS PERIFÉRICOS E AS MUTACIÓNS DO NACIONALISMO ESPAÑOL (1890-1936)

Desde mediados do século XIX desenvolveranse nalgunhas zonas de España, ó comezo feblemente, movementos de reivindicación que tomarán como referente político de afirmación ós seus respectivos territorios, definíndoos como "provincia" nun comezo, máis tarde só como rexión con diversas connotacións e, desde fins do século XIX, máis explicitamente como *Nación*, e xa que logo —independentemente da estratexia política circunstancial— desde ese intre se van situar ideoloxicamente nunha posición de negación da existencia dunha Nación española.

28. *Vid.* o clásico estudio de J. Varela Ortega, *Los amigos políticos. Partidos, elecciones y caciquismo en la Restauración (1875-1900).* Madrid, 1977.

No xurdimento deses movementos —que para abreviar, e malia que sexa simplificador, chamaremos nacionalismos periféricos, para disteralos do nacionalismo español— teñen influencia varios factores, que imos dividir esquematicamente en dous tipos:

1) As *precondicións de identidade*. Entre elas cómpre sinalar a pervivencia de características étnicas diferenciais acusadas en varios territorios, en boa parte gracias á xa mentada ineficacia "asimiladora" do Estado nacional español, e en parte tamén debido á incompleta uniformización administrativa do Estado no século XVIII. Mantéñense así non só idiomas propios con grande fortaleza —aínda que iso non implicase unha vontade reivindicativa, senón máis ben unha situación de feito— ademais de institucións tradicionais de autogoberno, coma os *Fueros* basco-navarros, que malia non seren en realidade institucións "nacionais" alternativas senón formas de privilexo territorial, abondaron para crear elites políticas interesadas na súa remanencia (propietarios agrarios e industriais)[29], e así mesmo (como xa vimos) formas de Dereito Civil e consuetudinario rexionais que nalgúns casos gozaban ademais de grande populariedade: lémbrese, por exemplo, que a exención das provincias bascas e Navarra do servicio militar podía facer a causa dos *Fueros* grandemente popular e interclasista. Noutros casos, a memoria social próxima da presencia dunha institución de autogoberno máis consolidada na Idade Moderna, como era a *Generalitat* catalana, e da súa recente supresión no ano 1714, constituirá un pouso de autoidentificación colectiva ó que determinados sectores sociais poderán apelar nun intre dado como xustificador ou lexitimador das súas reivindicacións. Iso contribuía a que, por exemplo, en Cataluña pervivise durante a primeira metade do século XIX un sentimento de solidariedade territorial supralocal entre a maioría da poboación, malia ese sentimento ser aínda de tipo prepolítico: a Nación política considerábase a española, pero defendíase as máis das veces en idioma autóctono[30]. Por contra, aquel referente institucional de autogoberno que puidese crear unha "memoria histórica" non tiña presencia no caso galego: é de lembrar o escaso poder e popularidade de que gozaban as Xuntas do Reino de Galicia nos séculos XVII-XVIII[31].

29. *Vid.* un exemplo no estudio de C. Rubio Pols, "El conde de Villafuertes (1772-1842). Biografía política de un patricio guipuzcoano en tiempos de Revolución" en *Historia Contemporánea* 9, 1993, pp. 193-217.

30. Anguera, P. "Els orígens del catalanisme: unes reflexions" en VV. AA., *IIIes Jornades de Debat. Orígens i formació dels nacionalismes a Espanya*. Reus, 1994, pp. 11-79.

31. De Artaza Montero, R. M. *As Xuntas do Reino de Galicia no final do Antigo Réxime (1775-1834)*. A Coruña,1993.

2) *Os axentes activadores da identidade colectiva* nunha dirección política. Coa interacción de progresismo provincialista e o Romanticismo xorden ó mesmo tempo uns movementos de recuperación de culturas, tradicións e idiomas de ámbito inferior ó estatal (como foron o *Rexurdimento* galego ou a *Renaixença* catalana), ós que se engaden con maior ou menor forza movementos políticos de signo descentralizador, que beben tanto no anterior provincialismo progresista como no fuerismo tradicional de raigame carlista, e que máis tarde (sobre todo, desde 1868) se verán favorecidos ademais polo arraizamento e expansión do federalismo. Artéllanse así entre 1860 e 1880, aproximadamente, movementos político-culturais en varias zonas: Galicia, Cataluña e Valencia, cunha intensidade variable, mais que veñen coincidir nunha certa debilidade política e máis nunha progresiva evolución ideolóxica, a pesar da súa diversidade interna. Non embargante, ideoloxicamente non son nacionalistas e coma moito serían nalgúns aspectos só catalogables de "protonacionalistas": defenden con diferentes gradacións unha descentralización administrativa, un Estado federal —no que tamén ten cabida, como primeiro escalón, a autonomía municipal— e só en moi illadas manifestacións se chega máis alá. Ora ben, ó mesmo tempo elabórase un discurso historicista que tende a afirmar con forza a existencia duns *dereitos históricos*, as características diferenciais "obxectivas" e, en definitiva, a reivindicación dunha forma de autogoberno ou autonomía territorial baseada en argumentos orgánico-historicistas, o que insería un elemento de tensión e ruptura progresiva coa matriz ideolóxica inicial (que era, en puridade, unha forma de nacionalismo español). Xa que logo, estes movementos cara a 1880-1890 caracterizaranse por un discurso ideolóxico que comeza a achegarse á postulación dun nacionalismo diferente e propio (é dicir, que toma á antiga "rexión" como suxeito de dereitos políticos colectivos, como unha Nación), mais que non se traduce axiña nunha reivindicación política acorde. Esta fica máis ben, de momento, nun programa rexionalista que aspira á consecución dunha forma de autonomía ou descentralización administrativa dentro de España[32].

A dinámica sociopolítica no País Basco ten, non embargante, unha serie de compoñentes moi diferentes. Aí o nacionalismo periférico non se xestará a partir de precedentes liberais-provincialistas de raigame progresista, senón que os elementos ideolóxicos fundamentais dos que

32. *Vid.*, sen sermos exhaustivos, R. Máiz, *O rexionalismo galego. Organización e ideoloxía (1886-1907)*. Sada-A Coruña, 1984; C. Hermida, *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da língua galega durante o Rexurdimento, (1840-1891)*. Vigo, 1992; J. M. Fradera, *Cultura nacional en una societat dividida. Patriotisme i cultura a Catalunya (1830-1868)*. Barcelona, 1992; J. Llorenç i Vila, *La Unió Catalanista i els orígens del Catalanisme polític*. Barcelona, 1992.

xurdirá aquel provirán da evolución do discurso fuerista (o cal na súa maioría fóra de adscrición contrarrevolucionaria ou próxima ó liberalismo moderado durante a primeira metade do século XIX)[33] a través do chamado "fuerismo intransixente" posterior á terceira guerra carlista e á abolición definitiva dos Fueros bascos en 1876 (endebén subsistiron algunhas das prerrogativas do antigo réxime foral por medio dos Conciertos Económicos —a chamada *novísima foralidad*— desde 1880, así como no caso navarro en virtude da Lei Paccionada de 1841) e a súa confluencia co forte peso do carlismo. A derrota na III Guerra Carlista (1872-1876), o forte sentimento popular existente de pertenza colectiva a unha comunidade etnolingüística disterada (malia ese sentimento aínda ser prepolítico e desigual segundo as zonas), e finalmente os cambios sociais que o rápido proceso de industrialización de Biscaia introduce na rexión entre 1876 e1890, son factores que contribúen a crear o caldo de cultivo do que xorde a figura do ideólogo e fundador do nacionalismo basco, Sabino Arana, quen funda o Partido Nacionalista Vasco (PNV) no ano 1895. Cun programa ideolóxico independentista e católico-tradicionalista, Sabino Arana consideraba ó País Basco (Euscadi) como unha nación diferente de España, en base a criterios orgánico-historicistas: en primeiro lugar a raza, ademais da historia, a lingua e os costumes[34]. O primeiro nacionalismo basco consiste fundamentalmente nunha radicalización e reelaboración dos precedentes políticos xa existentes (a evolución dunha parte do forismo, o legado do carlismo, o integrismo católico), sen que existise unha primeira fase romántica de "recuperación cultural" semellante ós casos catalán ou galego.

¿Por que desde fins do século XIX se artellan mellor politicamente e se desenvolven de xeito claro e exitoso movementos nacionalistas cunha notable proxección social en Cataluña e Euscadi, mentres en Galicia a penas acontece algo semellante, ficando desde ese intre en clara situación rezagada? Fundamentalmente, pola combinación de tres factores:

1. A existencia en Euscadi e Cataluña dunha serie de fondos cambios sociais e económicos, unidos a procesos de migracións internas, un desenvolvemento da urbanización, e o xurdimento de novos problemas sociais vencellados á modernización económica, o que non se

33. Fernández Sebastián, J. *La génesis del fuerismo. Prensa e ideas políticas en la crisis del Antiguo Régimen (País Vasco, 1750-1840)*. Madrid, 1991.

34. Sobre as orixes e desenvolvemento do nacionalismo basco, *vid.* entre outros Corcuera Atienza, J. *Orígenes, ideología y organización del nacionalismo vasco (1876-1904)*. Madrid, 1979; Larronde, J. C. *El nacionalismo vasco, su origen y su ideología en la obra de Sabino Arana-Goiri*. Donostia, 1977; de la Granja, J. L. *El nacionalismo vasco: un siglo de historia*. Madrid, 1995; de Pablo, S. (ed.), *Los nacionalistas. Historia del nacionalismo vasco 1876-1960*. Vitoria-Gasteiz, 1995.

dá en Galicia. O caso máis claro a este respecto é Biscaia, onde nace o nacionalismo basco como unha resposta dalgunhas camadas sociais (pequena burguesía, despois labregos e pescadores) perante a masiva inmigración foránea e a brusca entrada na modernidade.

2. A iso únese unha grave crise de valores na "consciencia española" que sucede á derrota fronte ós Estados Unidos na guerra de 1898, a chamada crise finisecular. A perda das últimas colonias provoca unha falla crecente de confianza nas potencialidades do proxecto nacional de España —un imperialismo fracasado—, e así mesmo deixa o nacionalismo español nun estado de división e desartellamento, espertando dun soño de grandeza nun estado laiable. Son anos nos que impera unha sorte de *Kulturpessimismus* entre amplas camadas sociais, e especialmente entre a intelectualidade, a burguesía e as clases medias.

3. Ó anterior engádese que unha parte significativa das burguesías periféricas de Euscadi e Cataluña, mais tamén da pequena e media burguesía e mesmo algúns sectores populares, senten a necesidade de artellaren forzas políticas propias como resposta á perda de mercados exteriores para as súas industrias e perante a constatación do fracaso do Estado español na súa función de protector dos seus intereses. O caso máis clásico é, sen dúbida, o do achegamento de amplos sectores da burguesía industrial e comercial catalana ó ata entón minoritario movemento nacionalista, resultando no enfortecemento da *Lliga Regionalista* e nas súas primeiras victorias electorais desde 1901[35]. E tamén o foi a confluencia dos sectores burgueses agrupados na Sociedade Euskalerría co PNV desde 1898.

A dinámica sucesiva da evolución dos nacionalismos basco e catalán durante o primeiro tercio deste século pode resumirse nun progresivo crecemento político, diversificación e expansión dos seus apoios sociais e crecente institucionalización e artellamento organizativo. Ambos os dous nacionalismos, sobre todo o basco, tenderon a construírense como amplos movementos sociais nos que se abranguían diversos aspectos sectoriais da vida social, como "comunidades" (constitución de organizacións sindicais, de labregos, institucións culturais, de mocidade, femininas, de ocio, etc.), malia estaren divididos en ocasións politicamente a nivel interno en varias tendencias ideolóxicas, que á

35. Sobre o desenvolvemento do catalanismo no primeiro tercio do século XX, *vid.* de Riquer, B. *Lliga Regionalista: la burgesia catalana i el nacionalisme (1898-1904).* Barcelona, 1977; Termes, J. (ed.), *Catalanisme: Història, política, cultura.* Barcelona, 1986; Marfany, J. Ll. *La cultura del catalanisme. El nacionalisme català en els seus inicis.* Barcelona, 1995; Nagel, K. J. "Katalanistische Bewegung und Gesellschaft 1898-1936", *Zeitschrift für Katalanistik* 7, 1994, pp. 9-36.

súa vez posúen zonas de contacto maior ou menor con tendencias semellantes dentro do nacionalismo español, tanto a dereita como a esquerda (sobre todo, dentro do catalanismo, remanecendo o nacionalismo basco moito máis estanco neste terreo). Pola súa banda, a dinámica de crecemento do nacionalismo galego é máis lenta e desartellada, resultado en parte de acharse nunha sociedade diferente para a que os galeguistas tardan en elaborar unha oferta política axeitada, e porque as precondicións sociais non eran en principio as máis favorables para o desenvolvemento masivo do nacionalismo. Así e todo, o movemento coñece desde 1916 un notable desenvolvemento político-ideolóxico (coa fundación das Irmandades da Fala), e adquire un corpo doutrinal plenamente nacionalista desde 1918 coa obra de Vicente Risco, quen postula a existencia de Galicia como Nación diferente de España en base a criterios orgánico-historicistas, e fornece así o nacionalismo galego dunha concepción básica da Nación propia. Non embargante, dentro do nacionalismo galego coexistirán desde o comezo dúas tendencias ideolóxicas (tradicionalista e democrático-progresista) que alternativamente confluirán nunha mesma organización ou darán lugar a organizacións diferentes. En todo caso, practicamente ningún dos sectores políticos do galeguismo postula un obxectivo político independentista, senón que aspiran á máxima autonomía posible de Galicia dentro dunha república federal ibérica[36].

As diferencias político-ideolóxicas entre os nacionalismos periféricos serán salientables. Tanto o nacionalismo catalán (nas súas versións conservadora e de esquerda liberal) coma o basco non son independentistas na praxe, e realmente tampouco na doutrina. O corpo doutrinal do catalanismo é exposto por Enric Prat de la Riba, desde os seus primeiros escritos ata a súa obra *La nacionalitat catalana* (1906), na que Cataluña é definida como unha *Nación*, mais que refuga a formación dun Estado propio en prol dunha misión "rexeneradora" de Iberia, proxectando mesmo un imperialismo ibérico. Do mesmo xeito, o teórico máis prominente do catalanismo liberal de esquerda, A. Rovira i Virgili, amais de salientar o meirande carácter "voluntarista" da súa concepción da nación, proclamaba o obxectivo do federalismo ou confederalismo ibérico como meta política final[37]. Sabino Arana partía dunha inicial formulación independentista para unha Nación basca obxectiva e baseada sobre criterios orgánico-obxectivos (raza, historia, cultura).

36. Beramendi, J. G. *Galicia, de provincia a nación. Historia do galeguismo político, 1840-1936*. Vigo, 1996 (no prelo); do mesmo autor, *Vicente Risco no nacionalismo galego*. Santiago, 1981, 2 vols.

37. A obra de Rovira i Virgili está aínda relativamente pouco pescudada. Un achegamento en Sallés, A. "Antoni Rovira i Virgili. Un ideólogo del catalanismo liberal, republicano y laico" en Antón, J. / Caminal, M. (eds.). *Pensamiento político en la España contemporánea (1800-1950)*. Barcelona, 1992, pp. 649-75.

Logo da súa morte (1903), os seus sucesores manterán o seu legado doutrinal, aínda que refugando a afirmación arredista en aras de manter a cohesión política do movemento: inventarán así unha fórmula de compromiso e de ambigüidade calculada (a da reintegración foral, é dicir, a volta á situación anterior a 1833, recuperando os Foros ou "Dereitos históricos"), o que era interpretable segundo as perspectivas dos diferentes sectores que apoiaban o nacionalismo basco como independencia ou como autonomía dentro do Estado español[38]. O PNV combinará desde entón unha formulación ideolóxica esencialmente fiel ós principios sabinianos (nalgúns aspectos, practicamente ata hoxe en día) xunto cunha evolución cara á democracia cristiá e unha práctica política claramente posibilista e, na praxe, autonomista: a consecución da autonomía política foi o obxectivo inmediato do PNV tanto no período 1917-1919 como durante a II República, a pesar de que aquela non fose considerada o fin en si mesmo.

Sen ningunha dúbida, ambos os dous movementos, amais do galego, eran nacionalistas desde o punto de vista ideolóxico: definían Euscadi e Cataluña como unha Nación, e polo tanto avogaban en principio o dereito de autodeterminación para elas, cando menos en abstracto, a pesar de que por cuestións de estratexia política rematasen as máis das veces por aceptaren fórmulas autonomistas ou federais, en parte tamén porque aínda distaban de obteren a hexemonía social nos seus ámbitos territoriais. Con todo, o crecemento dos nacionalismos periféricos entre 1900 e 1923 acabará por devir un dos causantes da crise final do Estado da Restauración.

Despois do desastre colonial de 1898, o nacionalismo español entra nun período de crise de confianza e crecente división e esnaquizamento: non todo estaba acabado dentro del, xa que do seu seo xorden tamén algunhas fórmulas de grande virtualidade, coma o *Rexeneracionismo*. En puridade, o rexeneracionismo é unha forma anovada de nacionalismo español, en canto respondía á cuestión —que comezaba a ser obsesiva, por exemplo na Xeración do 98— de ¿que é España tras o desastre e a perda da súa identidade *imperial*? Dunha maneira confusa, pero positiva: era preciso construír un *Estado nacional* ("crear la nación, educar *españoles*", dicía enfaticamente Vicente Gay no ano 1908[39]) mediante unha política de modernización do país e de participación de máis amplos sectores da poboación no labor político, crebando o réxime imperante de "oligarquía e caci-

38. Mees, L. *Nacionalismo vasco, movimiento obrero y cuestión social (1903-1923)*. Bilbao, 1992; de la Granja, J. L. "La concepción de la autonomía en el pensamiento político del nacionalismo vasco: I. La Restauración" en *Sancho el Sabio* 1, 1991, pp. 187-204.

39. Gay, V. *El regionalismo ante el nacionalismo y el imperialismo modernos en la formación de los Estados*. Valladolid, 1908, pp. 23-24.

quismo", segundo expresión de Joaquín Costa[40]. Xunto diso, varios autores rexeneracionistas levaron a cabo unha endeita intelectual de recuperación do pasado histórico de Castela, considerada celme das esencias hispanas a través da Historia.

O rexeneracionismo, fenómeno político-ideolóxico case exclusivo de España, tivo porén moi diversas lecturas. De feito, o legado de Joaquín Costa foi aproveitado tanto polo fascismo español como polo socialismo, e a súa ambigua mensaxe foi alimento dos diversos rexionalismos que xorden en diversas zonas de España desde comezos do século XX, en parte como reacción/imitación fronte ó catalanismo. Nese discurso rexionalista de raigame costiana partíase dun duplo suposto: a necesidade de rexerar o Estado nacional partindo das súas partes máis "vivas", as rexións, o que supoñía artellar a Patria (española) a través dunha maior afirmación da personalidade histórica das súas rexións integrantes; e a necesidade consecuente de achegar a Administración estatal ás arelas e intereses do *país real*, o que podería solucionarse con diversas fórmulas de descentralización administrativa e/ou de autonomía municipal[41]. Tamén aquí existen interinfluencias entre nacionalismo español e nacionalismos periféricos, xa que esta dinámica de "rexionalismo rexeneracionista" podía tamén inserirse e retroalimentar o desenvolvemento dos segundos, fornecéndolles argumentos e propostas políticas: se o costismo tivo un influxo decisivo no confuso rexionalismo de Blas Infante, na historia das Irmandades da Fala tamén houbo sectores encadrables nesta onda que se negaron a aceptar a evolución doutrinal cara ó nacionalismo do galeguismo, e ficaron apegados a esta postura de rexeneración da *Patria española* a través do reavivecemento das súas rexións e comunidades locais. Pero tamén houbo outros sectores que asimilaron ese discurso con aplicación á *Nación galega* e en clave federal, sendo o obxectivo non a rexeneración da *Patria española*, senón de Galicia e de "Iberia", incluíndo dentro dese proxecto de maneira utópica a Portugal (ó igual que facía o catalanismo)[42].

40. Serrano, C. *Le tour du peuple: Crise nationale, mouvements populaires et populisme en Espagne (1890-1910)*. Madrid 1987; do mesmo autor, *Final del Imperio. España, 1895-1898*. Madrid, 1984.

41. Para as propostas rexionalistas e descentralizadoras dalgúns teóricos do Rexeneracionismo, *vid*. Nadal, *op. cit.*, pp. 204-218; unha boa exposición dun caso concreto (o de Estremadura) en Sánchez González, J. "El regionalismo extremeño" en Fusi, J. P. (ed.). *España. Autonomías*, Madrid, 1989, pp. 423-463. Sobre as orixes e desenvolvemento dos diversos "rexionalismos" hispánicos non-nacionalistas e a súa interpretación, *vid*. un primeiro achegamento en Núñez, X. M. "Region-building in Spain during the 19th and 20th Centuries", en Brunn, G. (ed.) *Region. Wissenschaftliche Konzepte und politische Aufgaben*. Münster, 1996 (no prelo).

42. Sobre o "iberismo" non existen ata o de agora visións de conxunto satisfactorias; *vid*. porén o moi decepcionante estudio de Rocamora, J. A. *El nacionalismo ibérico, 1792-1936*. Valladolid, 1994. Para un achegamento ás relacións entre o galeguismo e Portugal, *vid*. Núñez Seixas, X. M. "Portugal e o galeguismo ata 1936. Algunhas consideracións históricas" en *Grial* 113, 1992, pp. 61-77.

O rexeneracionismo non foi, porén, a única forma de nacionalismo español que xurdiu da crise finisecular[43]. Un nacionalismo español frustrado na súa expansión exterior comezou a ollar repetidamente cara ó seu interior, e a substituír o "inimigo exterior" que por un intre fora o imperialismo ianqui polo inimigo interior: a crecente ameaza que para aquel supoñía o desenvolvemento dos nacionalismos periféricos. Este discurso defensivo aliméntase do anterior pensamento nacionalista conservador, mais ó mesmo tempo empeza a enxendrar unha nova variante de nacionalismo español con tendencias autoritarias, que bebe no antigo tradicionalismo de raigame carlista mais que se retroalimenta con ideas de inspiración maurrasiana e, máis feblemente, fascista desde os anos 20, xunto con argumentos do propio rexeneracionismo (a coñecida apelación de Costa ó "cirurxián de ferro", etc.). Se noutros Estados da Europa contemporánea, por exemplo en Francia, se asiste durante estes anos ó desenvolvemento de nacionalismos conservadores "pechados"[44], que atopan un inimigo interior nas esquerdas e en determinados grupos de poboación considerados estranxeiros (inmigrantes, xudeus), en España, a falla de xudeus (malia ás veces ter presencia un antisemitismo retórico) ese inimigo interior non van ser só as esquerdas: tamén o serán os "antiespañois", é dicir, os nacionalistas periféricos alcumados sen diferenciación algunha como "separatistas".

Ora ben, non todo o nacionalismo conservador español sufriu conxuntamente con esta deriva autoritaria unha paralela evolución cara a un centralismo-uniformismo férreo. Boa parte do antigo pensamento carlista e antiliberal tamén perviviu nunha forma anovada durante o primeiro tercio do século XX, a través da obra de pensadores como Marcelino Menéndez y Pelayo. Nese discurso xogou un certo papel a exaltación das tradicións e particularismos históricos das "rexións" e provincias hispánicas como verdadeiros fogares dunha "esencia" ou dunha sorte de *Volksgeist* español que tería sido deturpado ou ameazado primeiro polo centralismo borbónico e máis tarde pola modernización e a penetración do Estado liberal. De aí que varios pensadores católicos procedesen desde finais do século XIX á recuperación da historia local, das tradicións e do *costumismo*, en clave fondamente conservadora e idealista, unha sorte de "invención das rexións" como construcción dunha imaxe idealizada dunha Patria local, dun *Heimat* que se entendía como parte integrante e complementaria dun carácter

43. *Vid.* en xeral de Riquer, B. "Aproximació al nacionalisme espanyol contemporani" en *IIIes. Jornades de Debat,* cit., pp. 245-61. Tamén, Núñez, X. M. "Spanischer Nationalismus, periphäre Nationalbewegungen und Staatskrise (1917-1936)" en Timmermann, H. (ed.). *Nationalismus in Europa, 1914-1945.* Berlín, 1996 (no prelo).

44. Como afirma M. Winock para o caso do nacionalismo francés. *vid.* Winock, M. "Nationalisme ouvert et nationalisme fermé" en id., *Nationalisme, antisémitisme et fascisme en France.* París, 1990, pp. 11-40.

nacional español global estereotipado e alleo ó paso do tempo e ós cambios inseridos pola modernización[45]. Esta corrente tradicionalista chegou mesmo a impregnar varias das propostas dos pensadores do nacionalismo español máis directamente homologables á verquente autoritaria do mesmo (de xeito semellante ó que tamén acontecía contemporaneamente en Francia)[46]. É o caso de Ramiro de Maeztu, un dos ideólogos do pensamento reaccionario español nos anos 20 e 30, para quen o celme da Patria española radicaba na interacción entre territorio, "raza" e relixión, que configurarían un "carácter nacional" español definido en termos espirituais, pero que ó mesmo tempo rexeitaba o nacionalismo de inspiración maurrassiana polo que vía nel de exaltación da "Nación" laica sobre o "espírito". Boa parte destes postulados atoparanse tamén no grupo *Acción Española* durante a II República, xunto coa aceptación dun rexionalismo conservador que non sería senón a recuperación das verdadeiras esencias da Monarquía hispana, á que xunto co catolicismo era considerada o verdadeiro elemento unificador de España ó longo da súa historia[47].

Tamén desde a crise finisecular arrinca, ó comezo feblemente, unha terceira variante do nacionalismo español que podemos denominar como "liberal-democrática", herdeira do legado demócrata do século XIX, e que ve un vieiro para consolidar a Nación política española na profundización da democracia política, na incorporación de máis amplos sectores da poboación e das "forzas vivas" sociais á política estatal e na consecución dun entendemento estable cos nacionalismos periféricos sobre a base da aceptación común dun réxime democrático e dun sistema pactado de descentralización administrativa ou autonomías territoriais. Este vai ser o proxecto nacional dun Manuel Azaña, en certa medida —a pesar de estar máis inxectado pola corrente rexeneracionista, e sobre todo dun refugo ó réxime de autonomías "particulares" en prol dunha descentralización administrativa provincial "racional"— dun Ortega y Gasset, e en xeral dos republicanos[48]. Naturalmente, dentro

45. Suárez Cortina, M. *Casonas, hidalgos y linajes. La invención de la tradición cántabra.* Santander, 1994, pp. 19-91 para o caso de Cantabria; sobre o "rexionalismo" tradicionalista de Menéndez Pelayo, *vid.* Santoveña Setién, M. *Marcelino Menéndez Pelayo. Revisión crítico-biográfica de un pensador católico.* Santander, 1994, pp. 94-105.

46. Rossi-Landi, G. "La région" en Sirinelli, J. F. (dir.). *Histoire des droites en France. 3. Sensibilités,* París, 1992, pp. 71-100.

47. De Blas Guerrero, A. *La ambigüedad nacionalista de Ramiro de Maeztu.* Barcelona, Working Paper ICPS 71, 1993; Morodo, R. *Los orígenes ideológicos del Franquismo: Acción Española.* Madrid, 1985 (2ª), pp. 174-80; González Cuevas, P. C. "Nacionalismo y 'modernización' en la obra del primer Maeztu (1897-1904)" en *Hispania* 184, 1993, pp. 557-615, e Botti, A. *Cielo y dinero. El nacionalcatolicismo en España, 1881-1975.* Madrid, 1992, pp. 73-89.

48. De Blas Guerrero, A. *Tradición republicana y nacionalismo español, 1880-1930.* Madrid, 1991; do mesmo autor "Nación y nacionalismo en Ortega y Gasset" en Beramendi, J. G. e Máiz, R. (eds.). *Los nacionalismos en la España de la II República.* Madrid/Santiago, 1991, pp. 27-37.

desta corrente existe unha grande heteroxeneidade: boa parte da forza do republicanismo español radicaba en Cataluña, por exemplo, e o republicanismo catalán —que á súa vez estaba moi impregnado de catalanismo, polo menos na súa variante lingüístico-cultural e ata organizativa[49]— defendía, como a esquerda, unha reorganización da estructura territorial do Estado en base federal, para así poder afondar mellor na democracia política. A este proxecto opoñíanse concepcións puramente *xacobinas* e uniformistas do que habería ser a vindeira República, representadas por exemplo polo Partido Radical de Lerroux —que non por casualidade nacera na Barcelona de comezos do século XX como unha corrente política oposta ó catalanismo conservador e ó movemento obreiro, contando cun apoio sobranceiro entre a poboación obreira inmigrada e parte da pequena burguesía[50].

Unha cuarta variante é o nacionalismo da esquerda obreira. Malia abxurar publicamente do seu nacionalismo español en máis dunha ocasión, a esquerda non por iso deixaba de abeirar un proxecto de construcción nacional de España. Cómpre de entrada disterar dúas posturas: dunha banda, a do anarquismo, caracterizada pola súa oposición frontal ó Estado e os seus axentes[51], e pola prédica teórica dun internacionalismo que non podía evitar un contacto fluído coas realidades territoriais nas que se desenvolvía a súa actuación. A este respecto, tense sinalado como en Cataluña a anarcosindicalista CNT, malia non estar teoricamente a prol do catalanismo, si que era un sindicato "moi catalán", que podía aceptar circunstancialmente algúns principios do catalanismo de esquerda, e que non refugaba tampouco o uso e defensa do idioma catalán[52]. Pola súa banda, o nacionalismo da esquerda marxista (socialista e, máis tarde, comunista) terá diversas variantes: haberá unha lectura puramente doutrinaria e rigorosamente unitarista, que entenderá que é preciso fortalecer o poder do Estado como vehículo modernizador e transformador da sociedade, e que polo tanto considera perigosa calquera cesión de soberanía a poderes intermedios, asemade calquera concesión fronte a ideoloxías ou reivindicacións consideradas "burguesas". Doutra banda, unha postura de meirande diálogo fronte ás reivindicacións periféricas, arraizada na tradición federal da esquerda republicana do século XIX, e que, unha

49. Duarte, A. "Republicanos y nacionalismo. El impacto del catalanismo en la cultura política republicana" en *Historia Contemporánea* 10, 1993, pp. 157-77.

50. Álvarez Junco, J. *El emperador del Paralelo: Lerroux y la demagogia populista.* Madrid 1990, e Culla i Clarà, J. B. *El republicanisme lerrouxista a Catalunya (1901-1923).* Barcelona, 1986.

51. Núñez Florencio, R. "Patria y Ejército desde la ideología anarquista" en *Hispania* 178, 1991, pp. 589-643.

52. Nagel, K.-J. *Arbeiterschaft und nationale Frage in Katalonien, 1898-1923.* Saarbrücken/Fort Lauderdale, 1991; para un contraste co caso galego, *vid.* Pereira, D. *A CNT na Galicia, 1922-1936.* Santiago de Compostela, 1994, pp. 131-138.

vez máis, tendía a ser propugnada sobre todo desde Cataluña (con moita menor forza, desde Galicia ou Euscadi)[53]. Esa diferente postura dependería moito do tipo de nacionalismo periférico co que a esquerda española tivese que convivir en cada intre histórico e ámbito territorial. Por iso, o diálogo entre a esquerda española e o catalanismo progresista era sempre moito máis fluído —o que terá os seus froitos durante a II República—; pola contra, o diálogo entre esquerda obreira e nacionalismo basco a penas existirá, debido ó carácter conservador e católico do PNV: a experiencia de Indalecio Prieto como director do xornal bilbaino *El Liberal* e a súa oposición ó nacionalismo basco nos primeiros anos da súa andaina política serán as causas de que se forxe nel unha postura intransixente fronte ós nacionalismos periféricos, que non embargante era tamén quen de desbotar en prol dun autonomismo táctico (como aconteceu durante a II República)[54]. O comunismo hispano, pola súa banda, moi minoritario na esfera política con anterioridade a 1936, adopta unha posición máis simpatizante cara ás reivindicacións nacionalistas periféricas, en parte por cumprir as directrices da Komintern no que se refería ó apoio ás reivindicacións das minorías nacionais para así conquerir mellor unha creba do Estado burgués. Esa dinámica levou ó Partido Comunista (PCE) a declararse a prol das reivindicacións nacionais de Euscadi, Cataluña e Galicia, do mesmo xeito que entre os comunistas desas zonas (e doutras, coma Canarias) ten lugar un proceso de achegamento relativo ás posicións dos nacionalismos periféricos, asimilando a liberación "nacional" á liberación do proletariado. Soamente no caso de Cataluña, porén, foi posible chegar a unha síntese entre sectores provenintes do catalanismo radical e de esquerda e sectores comunistas, dando lugar a formacións políticas propias (coma o Partit Socialista Unificat de Catalunya (PSUC), xurdido en 1936, ou o Bloc Obrer i Camperol)[55].

53. Sería o caso do socialismo catalanista de Fabra Ribas, dun Campalans, dun Joan Comorera ou logo dun Serra i Moret. *Vid.* Alcaraz i González, R. *La Unió Socialista de Catalunya (1922-1936)*. Barcelona, 1987, e Rodés, J. M. "Socialdemocràcia catalana i qüestió nacional (1910-1934)" en *Recerques* 7, 1978, pp. 125-45; en Euscadi, a postura do PSOE fronte ó nacionalismo basco foi de pechada oposición, a pesar de que circunstancialmente existiu tamén unha postura aberta do socialismo guipuzcoano —máis composto de traballadores euscaldúns autóctonos— cara a un recoñecemento do "feito diferencial" basco: *vid.* Mees, *Nacionalismo vasco,* op. cit., pp. 251-260; no caso galego, a cerrazón do PSOE fronte á cuestión nacional foi a tónica, endebén se deran casos individuais de achegamento ó galeguismo, como X. Quintanilla: *vid.* González Probados, M. *O socialismo na II República*. Sada, 1992, pp. 285-305.

54. Fusi, J. P. *El País Vasco: pluralismo y nacionalidad*. Madrid, 1985; Sáiz Valdivieso, A. *Prieto y el nacionalismo vasco*. Bilbao, 1989.

55. Bonamusa, F. *El Bloc Obrer i Camperol. Els primers anys 1930-1932*. Barcelona, 1968; Martín Ramos, J. Ll. *Els orígens del Partit Socialista Unificat de Catalunya (1930-1936)*. Barcelona, 1977. Unha mostra da connivencia estratéxica dos comunistas españois cara ós nacionalismos periféricos é o libro do naquela altura comunista profesor compostelán S. Montero Díaz, *Los separatismos,* Valencia, 1931.

O problema nacional constitúe unha das liñas de fractura que leva á creba do sistema político da Restauración, acontecida entre 1917 e 1923 (o aumento das presións catalana e basca para obteren un Estatuto de Autonomía desde 1917, ante todo), xuntamente coa presión do movemento obreiro e o estado de esclerose do sistema de partidos turnantes. A Dictadura de Primo de Rivera (1923-1930) non deu neste senso ningún paso adiante en canto á busca de solucións para o xa existente *problema nacional*, senón que, pola contra, acentuouno. Se Primo de Rivera fora saudado entusiasticamente mesmo pola Lliga Regionalista como o posible "cirurxián de ferro" que podería poñer orde no Estado, axiña se revelou que o exército non estaba disposto a tolerar ningunha concesión ós nacionalismos periféricos. Certo é que a Dictadura tentou levar a cabo, malia que á postre ficou só máis en boas intencións que noutra cousa, a reforma da Administración concibida polo rexeneracionismo e tamén abeirada desde o maurismo, vía unha reordenación da administración local (Estatuto Municipal de marzo 1924); os proxectos de creación de Mancomunidades provinciais non chegaron a coallar —si o moito menos xeneroso Estatuto Provincial de marzo de 1925, que implicou ademais a supresión da única Mancomunidade provincial existente desde 1914, a de Cataluña—. Non por casualidade foi o impulsor destes proxectos Calvo Sotelo, quen tivera contactos nos seus anos xuvenís de candidato maurista en Galicia cos nacionalistas das Irmandades da Fala. Mais a privación de liberdade de expresión para os nacionalismos periféricos —que se ven obrigados a buscaren un vieiro de oposición cultural no interior e de axitación política, conspirativa e mesmo paradiplomática no exterior—, malia non chegar ó extremo que despois supuxo o Franquismo, terá un efecto "incubación" aínda pouco pescudado mais sen dúbida importante.

No período 1930-31, despois da caída do dictador e durante o período transicional da "Dictablanda" de Berenguer, os nacionalismos periféricos reorganízanse axiña e, lonxe de contaren con forzas mirradas, ven multiplicados os seus apoios no dealbar da etapa republicana, non só os nacionalismos basco e catalán (hexemonizado aquel por un reunificado PNV no ano 1930, este pola creación dun novo partido republicano-catalanista, a *Esquerra Republicana de Catalunya* (ERC) baixo o liderado carismático do antigo líder independentista e quixotesco conspirador antidictatorial Francesc Macià), senón mesmo o máis feble nacionalismo galego, ó tempo que xorden algúns nacionalismos menores e rexionalismos noutras zonas[56]. Así, ó comezar a II

56. De la Granja, J. L. *Nacionalismo y II República en el País Vasco*. Madrid, 1986; Sallés, A. *Quan Catalunya era d'esquerra*. Barcelona, 1986; Ivern i Salva, M. D. *Esquerra Republicana de Catalunya (1931-1936)*. Barcelona, 2 vols., 1988 e 1990; Ucelay-Da Cal, E. *La Catalunya populista. Imatge, cultura i política en l'etapa republicana (1931-1939)*.

República en abril de 1931 os diversos grupos e organizacións nacionalistas contan cuns apoios insospeitados antes de 1923, e se non han esquecer os bos resultados obtidos polos candidatos galeguistas Castelao ou Otero Pedrayo —aquel concorrendo senlleiro, sen alianzas electorais— nas eleccións a Cortes Constituíntes celebradas en xuño de 1931. Mesmo no caso galego, a Dictadura de Primo de Rivera supuxera un intre de efecto incubación notable, en boa parte tamén porque durante ela se xera unha identificación entre nacionalismo español e monarquismo, e máis nacionalismos periféricos e republicanismo, que terá o seu meirande froito logo da proclamación da II República, cando o galeguismo encontre unha organización estable e artellada arredor dun partido político moderno, o Partido Galeguista (PG), que protagoniza unha xeira de expansión social que de non mediar a interrupción brusca da Guerra Civil tivérao levado, segundo todos os indicios, a converterse nun movemento de masas[57].

O nacionalismo español, pola contra, chega moi dividido á II República, e durante ela non fai senón acentuar a súa división. Dunha banda, ten lugar unha deriva cada vez máis antidemocrática e fascistizante de todo o espectro político dereitista hispánico, desde a Confederación Española de Derechas Autónomas (CEDA) ata as propostas —minoritarias— dun fascismo español. Fascismo que, na súa maioría se define por un afouto castelancentrismo[58], e do que é tamén catalizador —como se aprecia no nacemento dos primeiros núcleos fascistas en Castela (Partido Nacionalista Español, Juntas Castellanas de Acción Hispánica, JONS) da man de Albiñana, Onésimo Redondo e Ledesma Ramos— un crecente anticatalanismo e, por extensión, un nacionalismo reactivo e defensivo fronte ós nacionalismos periféricos, malia non deixar de abeirar soños imperiais. O fascismo español, deste xeito, outorga tamén prioridade, en primeiro lugar, á "recuperación" do patriotismo español ameazado polos nacionalismos periféricos, e en

Barcelona, 1982. Para unha panorámica xeral sobre a cuestión nacional na II República española, *vid.* Beramendi, J. G. / Máiz, R. (comps.), *Los nacionalismos*. Op. cit.; para unha visión historiográfica, *vid.* tamén Núñez Seixas, X. M. "Historiografía sobre la cuestión nacional en la II República española: balance y perspectivas" en *Cuadernos Republicanos* 15, 1993, pp. 67-97.

57. Castro, X. *O galeguismo na encrucillada republicana*. Ourense, 1985, 2 vols.; Beramendi, J. G. e Núñez Seixas, X. M. *O nacionalismo galego*. Vigo, 1995, pp. 143-164.

58. Deixando á parte certos xogos político-literarios de Giménez Caballero con algúns sectores vangardistas do nacionalismo catalán durante os anos 20: *vid.* Ucelay-Da Cal, E. "Vanguardia, fascismo y la interacción entre nacionalismo español y catalán. El proyecto catalán de Ernesto Giménez Caballero y algunas ideas corrientes en círculos intelectuales de Barcelona, 1927-1933" en Beramendi, J. G. / Máiz, R. (comps.), op. cit., pp. 39-96. Sobre os posteriores contactos entre fascismo e nacionalismos periféricos durante os anos 30, *vid.* tamén Núñez Seixas, X. M. "Katalanismus und Faschismus. Zur Interpretation eines katalanistischen Memorandums an das nationalsozialistische Deutschland" en *Zeitschrift für Katalanistik* 6, 1993, pp. 159-206.

segundo lugar postulará de xeito máis feble un imperialismo cultural cara a América Latina, alimentado pola apelación á *Hispanidad*[59]. O vedraño nacionalismo español de raigame católico-tradicionalista ten continuidade nesta etapa sobre todo a través das propostas do grupo de Acción Española, da CEDA en xeral e da Comunión Tradicionalista, que seguían a incidir nos mesmos tópicos (catolicismo, monarquía, rexionalismo foralista malia adoptaren un verniz fascistizante)[60].

As propostas dun nacionalismo español liberal, democrático e aberto, a un meirande diálogo cos nacionalismos periféricos dun Manuel Azaña ou dun Ortega y Gasset acabaron por seren rebordadas polos acontecementos, e en parte tamén por un nacionalismo progresista pero de raiceira xacobina, inserido como xa vimos polo Partido Radical de Lerroux (endebén este partido adoptou durante a II República unha posición cada vez máis conservadora) e retroalimentado coa oposición a nacionalismos periféricos de signo conservador, mais que curiosamente é quen de aceptar a convivencia e colabora cos nacionalismos periféricos sempre e cando estes sexan de signo progresista. Así, o entendemento entre socialistas e republicanos catalanistas e españois continuou a ser relativamente fluído, como puxo en evidencia o feito de que varios daqueles chegasen a seren ministros durante a II República[61]. A solución constitucional pola que se chega á compatibilización da concepción do Estado republicano como un *Estado integral* co recoñecemento do dereito á posesión dun Estatuto de Autonomía para aquelas rexións que o aprobasen en plebiscito —colocando unha gravosa barreira para a súa aceptación: os dous tercios do censo electoral— tiña, malia todas as súas imperfeccións e o seu carácter improvisado, unha virtualidade política: establecía implicitamente que o acceso á autonomía era consecuencia dun recoñecemento democrático da especificidade, da *diferencia*. E desta maneira foi aprobado primeiro —entusiasticamente, polo demais, pola maioría da poboación catalana— o Estatuto catalán no ano 1932; despois o Estatuto basco no ano 1933, e finalmente o Estatuto galego en 1936. España, así, camiñaba cara a un artellamento territorial de tipo pseudofederal no que se non xeneralizaba unha descentralización administrativa a todas as rexións,

59. Payne, S. G. *Falange. A History of Spanish Fascism*. Stanford, 1961; Ellwood, S. *Prietas las filas. Historia de Falange Española, 1933-1983*. Barcelona, 1984.

60. Para os carlistas, *vid*. Pradera, V. *El Estado nuevo*. Madrid, 1935, pp. 94-103; para a dereita socialcatólica, *vid*. Montero, J. R. *La CEDA y el catolicismo social y político en la II República*. Madrid, 1977, vol. II, pp. 225-241, e Elorza, A. "El nacionalismo conservador de José Mª Gil Robles", en id., *La utopía anarquista bajo la Segunda República (precedido de otros trabajos)*. Madrid, 1973, pp. 255-273; sobre o rexionalismo dalgúns sectores da dereita, *vid*. Valls, R. *La Derecha Regional Valenciana: el catolicismo político valenciano (1930-1936)*. Valencia, 1992, pp. 71-81 e de Pablo, S. "La CEDA ante el problema vasco" en J. Tusell et al. (eds.). *Estudios sobre la derecha española contemporánea*, Madrid, 1993, pp. 485-499.

61. Ucelay-Da Cal, E. "La estrategia dual catalana en la Segunda República" en Vidal-Folch, X. (ed.). *Los catalanes y el poder*. Madrid, 1994, pp. 113-123.

senón que establecía as bases para un limitado recoñecemento do carácter pluricultural ou, se se quere, multinacional do Estado[62]. Ora ben, a fugacidade da experiencia republicana empécenos saber se se tería asistido a unha multiplicación de Estatutos de Autonomía noutras rexións, xa que ó longo deses anos tamén se rexistraron novos pulos rexionalistas en Aragón, Andalucía, etc., non fallando as iniciativas cara á confección de Estatutos de Autonomía con apoio das institucións locais[63].

A progresiva radicalización social e política que ten lugar durante o curto, pero intenso, período republicano remata por embocar nun enfrontamento civil de tres anos (1936-1939), ó que os nacionalismos periféricos chegan moito máis unidos —malia a división entre o catalanismo conservador, que opta polo bando franquista, e o catalanismo republicano e de esquerda, que remanece fiel á República— có nacionalismo español[64]. Durante a Guerra Civil, este derradeiro sofre unha fonda esgazadura interna, que se simboliza sen máis en que ambos os dous bandos utilizarán bandeiras (a republicana de tres cores fronte á franquista bandeira de dúas cores), simboloxías e himnos diferentes. Igualmente, cada bando desenvolveu un discurso nacionalista de combate propio, presentando de maneira excluínte ó inimigo como "troiticeiro" e representante dunha invasión estranxeira (de aí, por exemplo, a equiparación que fan os comunistas do conflicto coa Guerra da Independencia: a continuación da xesta do pobo en armas contra do invasor). A debilidade do nacionalismo liberal-democrático español irase acentuando consonte avante o conflicto e os franquistas gañen terreo, de xeito que cara a 1939 se asiste a un fenómeno ata certo punto paradoxal: a derrota perante o fascismo non contribúe a axuntar as vontades dos nacionalismos periféricos co nacionalismo español republicano, senón que contribúe amais ó seu afastamento. Boa mostra diso serán as últimas reflexións de Manuel Azaña pouco antes da súa morte, inzadas de acritude contra do que consideraba conducta desleal dos nacionalismos peri-

62. Sobre o artellamento territorial do Estado republicano e os respectivos procesos estatutarios existe unha morea de estudios. *Vid.* de Blas Guerrero, A. "El debate doctrinal sobre la autonomía en las Cortes Constituyentes de la II República" en *Historia Contemporánea* 6, 1991, pp. 119-143; sobre o Estatuto catalán, *vid.* entre outros Gerpe Landín, M. *L'Estatut d'Autonomia de Catalunya i l'Estat integral.* Barcelona 1977; sobre o Estatuto basco, *vid.* de la Granja, J. L. *El Estatuto vasco durante la II República.* Oñati, 1990; sobre o Estatuto galego, *vid.* Vilas Nogueira, X. *O Estatuto galego.* A Coruña, 1975. Certamente, a barreira dos dous tercios do censo electoral para poder aprobar os estatutos de autonomía respectivos estivo sometida a moitas manipulacións, sobre todo nos casos basco e galego, en virtude dos pactos arranxados entre as diversas forzas políticas.

63. Sánchez Marroyo, F. "La cuestión regional en Extremadura durante la IIª República", en Beramendi/Máiz (eds.). Op. cit., pp. 451-486; Palomares, J. "Aproximación al regionalismo castellano durante la II República" en *Estudios de Historia Social,* pp. 28-29, 1984, pp. 375-388; Peiró, A. e Pinilla, B. *Nacionalismo y regionalismo en Aragón (1868-1942).* Zaragoza, 1981, pp. 175 e ss.

64. De Riquer, B. "Aproximació", op. cit., p. 260.

féricos fronte á República, pois "no se baten por la causa de la República ni por la causa de España, a la que aborrecen, sino por su autonomía y semiindependencia[65]. Do mesmo xeito, rexistrarase unha crecente tendencia á radicalización entre os nacionalismos periféricos no exilio durante os anos 40[66]. Logo de 1939, o nacionalismo español pasaba na práctica a ser identificado co bando triunfante, e os nacionalismos periféricos seguirán unha dinámica de certa radicalización e meirande afastamento verbo do que ficaba de españolismo liberal ou de esquerda. Afastamento que, unha vez esluídas as esperanzas depositadas en que a derrota dos fascismos na II Guerra Mundial trouxese aparellada a caída do Réxime de Franco (cara a 1947-1948) conduciu a un progresivo encerrarse en si mesmo de cada un dos nacionalismos ibéricos durante os anos 50 e 60, sempre dentro da impotencia e alonxamento da realidade intrahispánica que caracterizou o conxunto do exilio político español.

4. O NOVO FRACASO DA "NEOESPAÑOLIZACIÓN" FRANQUISTA

Se no exilio republicano español imperou a tendencia ó estancamento nas formulacións da II República, no interior da España as coordenadas da cuestión nacional irán evoluíndo, especialmente durante os anos 50 e 60, paralelamente ás fondas mudanzas que terán tamén lugar na sociedade española. O Franquismo, en gran medida, repetiu amplificándoo o efecto incubación que tamén producira a Dictadura de Primo de Rivera. Neste senso, a proposta de nacionalismo español de raigame católico-tradicional combinada con algunhas aportacións provenientes do fascismo hispánico non foi quen de imporse e sobre todo non foi quen de eliminar as raiceiras sociais e a "memoria histórica" dos nacionalismos periféricos. Moi polo contrario, o efecto foi o inverso: a presencia real dunha opresión estatal que buscaba reducir á súa máis mínima expresión non só ós nacionalismos periféricos, senón tamén ás manifestacións culturais diferenciais —sobre todo, a persecución contra da promoción dos idiomas periféricos, malia esta revestir unha forma particular e non poder evitar o seu cultivo en determinados ámbitos, polo menos desde os anos cincuenta[67]— fixo aparecer como

65. Azaña, M. *Memorias políticas y de guerra*. Barcelona, 1978, vol. II, p. 62.

66. Para a radicalización do nacionalismo catalán no exilio, *vid*. Díaz Esculies, D. *El catalanisme polític a l'exili (1939-1959)*. Barcelona, 1991; para o caso basco, *vid*. Beltza, *El nacionalismo vasco en el exilio 1937-1960*. Donostia, 1977; para o galego, Beramendi/ Núñez Seixas, *O nacionalismo galego*, op cit., pp. 175-187.

67. Benet, J. *Catalunya sota el règim franquista: informe sobre la persecució de la llengua i la cultura de Catalunya pel règim del General Franco*. París, 1973, e Kremnitz, G. "Wirkungsweisen repressiver Sprachpolitik, dargestellt am Beispiel des katalanischen in der Franco-Zeit" en *Zeitschrift für Katalanistik* 3, 1990, pp. 90-102; Núñez, L. C. *Opresión y defensa del euskera* Donostia, 1977; Núñez Seixas, X. M. "Galeguismo e cul-

real a idea de "ocupación española" no País Basco e Cataluña, e máis ben tivo o efecto contrario de aumentar a cohesión social das *comunidades* nacionalistas xa existentes antes —especialmente en Euscadi[68]. No caso galego, a Guerra Civil interrompera unha dinámica de acelerada expansión da súa base social, que porén non estaba aínda dabondo consolidada —como si o estaba en Cataluña ou Euscadi— como para resistir o terrible golpe de 1936. Por iso, a reconstrucción da incipiente "comunidade nacionalista" nas difíciles circunstancias da posguerra foi moitísimo máis problemática, ficando moi mirrado o número efectivo de activistas galeguistas. Así e todo, o vieiro cultural seguido polo galeguismo do interior logo de 1950 garantirá unha certa pervivencia da alta cultura en galego e dunha memoria histórica do que fora o nacionalismo republicano.

En consonancia coa combinación de represión estatal e supervivencia do legado político nacionalista de hogano, unido ó fracaso relativo do que puideramos denominar "neoespañolización franquista" de signo católico-tradicionalista, tamén se producen unha serie de importantes mutacións ideolóxicas no seo dos nacionalismos periféricos durante o Franquismo, especialmente desde finais dos anos cincuenta, ó compás das fondas transformacións que estaba a experimentar a sociedade española (industrialización, urbanización e modernización masivas, novas vagas migratorias internas cara ó País Basco e Cataluña, etc.).

Dunha banda, sobre todo no caso catalán, ten lugar unha reconversión de boa parte do catalanismo republicano e do conservador nunha proposta nacionalista de clara raigame católica (moi influída polo personalismo cristián nos anos 50), algo lóxico se se ten en conta que a Igrexa se converte no depositario da tradición nacionalista e nun dos focos protectores que fican para a preservación da cultura autóctona, ó abeiro do bouro oficial. No País Basco a dinámica foi ata certo punto semellante, mais neste caso iso supoñía fortalecer e continuar a tradición anterior[69].

Doutra banda, desde comezos dos anos 60 prodúcese a irrupción da influencia ideolóxica marxista-leninista, da doutrina do "colonialismo interno" e do exemplo político inmediato ofrecido polos movementos de liberación nacional do Terceiro Mundo sobre as novas xeracións de

tura durante o primeiro Franquismo (1939-1960). Unha interpretación" en *A Trabe de ouro* 19, 1994, pp. 99-117 (parte I), e 20, 1994, pp. 85-103 (parte II).

68. Para o caso catalán, *vid.* Johnston, H. *Tales of Nationalism: Catalonia, 1939-1979.* New Brunswick (N. J.), 1989; para o caso basco, *vid.* Gurruchaga, A. *El código nacionalista vasco durante el Franquismo.* Barcelona, 1985. Gurutz Jáuregui ten afirmado acertadamente que, se na concepción de Sabino Arana Euscadi era un país "ocupado" por España, a represión franquista fixo aparecer diante dos ollos de moitos bascos esa "ocupación" como un feito real: *vid.* Jáuregui, G. *Ideología y estrategia política de ETA. Análisis de su evolución entre 1959 y 1968.* Madrid, 1981.

69. Colomer, J. *Espanyolisme i catalanisme. La idea de nació en el pensament polític català (1939-1975).* Barcelona, 1984.

activistas nacionalistas que protagonizaron unha sorte de "rebelión xeracional" fronte ós seus maiores, máis ancorados nos postulados da II República. O resultado foi aparición de partidos como a Unión do Pobo Galego (UPG) en Galicia, o Partit Socialista d'Alliberament Nacional (PSAN) en Cataluña, ou a mesma evolución de Euskadi Ta Askatasuna (ETA, organización xurdida das mocidades do PNV no ano 1959) cara a esas posicións ideolóxicas[70]. Ese influxo tamén ten lugar sobre a esquerda canaria, por exemplo, que a partir de grupos de esquerda radical e escisións do PCE que evolúen cara ó nacionalismo periférico, ve durante os anos 60 o xurdimento dunha corrente política de esquerda nacionalista defensora dunha interpretación en clave "colonial" da situación periférica de Canarias[71].

O Franquismo consagrou a hexemonía daquel nacionalismo español de carácter reactivo (é dicir, fundamentalmente enfrontado cos nacionalismos periféricos, fronte ós que reafirma a súa identidade) e de raigame tradicional-autoritaria, sendo a longo prazo a aportación do fascismo español menor que a do nacionalismo conservador anterior, que centrará o seu discurso na afirmación esencialista dunha España católica identificada con Castela, a cal definiría á súa vez un *Volksgeist* español que se expresaría de forma complementaria no concepto de *Hispanidad*[72]. A política educativa do Franquismo será un dos eidos nos que se tentará poñer en práctica ese programa de "renacionalización"[73], ó que se unirá unha política de propaganda oficial e de exaltación patriótica centrada en certos símbolos e datas (o 18 de xullo, o 12 de outubro —Día da *Hispanidad*—, etc.), e mesmo a manipulación de símbolos deportivos (o fútbol, sobre todo). Aínda que non contamos con estudios empíricos mínimos en cantidade e calidade que nos amosen cal foi realmente a eficacia nacionalizadora do réxime, e malia poderse ter en conta que a escolarización masiva da poboación e a expansión dos medios de comunicación de masas en castelán (televisión, prensa, radio, cine) contribuíu desde os anos 50 máis que en ningunha época anterior á homoxeneización cultural e idiomática do Estado, pódese afirmar hipoteticamente que o éxito final do que se pode denominar "neoespañolización franquista" foi relativamente limitado, como se porá en evidencia a partir dos anos 60 co aumento da

70. Clark, R. *The Basque Insurgents: ETA, 1952-1980*. Madison/Londres, 1980; Sullivan, J. *El nacionalismo vasco radical, 1959-1987*. Madrid, 1988; Rubiralta, F. *Orígens i desenvolupament del PSAN, 1969-1974*. Barcelona, 1988. Sobre a UPG, *vid*. Beramendi/Núñez, *O nacionalismo galego*. Op cit., pp. 209-35.

71. Garí Hayek, D. *Historia del nacionalismo canario*. Santa Cruz de Tenerife, 1993, pp. 91-121.

72. Arbós, X. e Puigsec, C. *Franco i l'Espanyolisme*. Barcelona, 1980; Botti. *Cielo y dinero*, pp. 89-120.

73. Cámara Villar, G. *Nacionalcatolicismo y escuela. La socialización política del Franquismo (1936-1951)*. Jaén, 1984.

oposición interior, incluíndo a dos nacionalismos periféricos, e moi especialmente logo de 1975.

Esa apropiación do discurso nacionalista español por parte do Franquismo e da dereita sociolóxica en xeral terá tamén consecuencias posteriores para o conxunto do nacionalismo español, especialmente cando este se vexa obrigado a dar creto dunha credibilidade democrática durante o período final do Franquismo e o comezo da Transición democrática. Producirase unha deslexitimación apriorística de calquera forma de nacionalismo español, en canto este pasará a ser identificado sen máis coa defensa do Franquismo. En parte como resultado dese fenómeno, terá tamén lugar un desprazamento circunstancial da esquerda española na oposición cara a posicións federalistas, e mesmo de connivencia cos nacionalismos periféricos. Tratarase en ambos os dous casos dun federalismo pouco convencido, máis ben de "reacción espontánea" —cunha só moi xenérica conexión co referente federalista das opcións democráticas do século XIX, por exemplo— e dunha aceptación dos postulados dos nacionalismos periféricos máis provocada pola imposibilidade momentánea de atopar un referente nacional español lexitimado que pola comuñón real con aqueles, coa excepción da esquerda catalanista (onde xa se chegara a unha síntese político-ideolóxica estable entre marxismo e nacionalismo catalán con anterioridade a 1936)[74].

Dunha banda, o PCE proseguiu na liña marcada pola III Internacional durante o período de entreguerras e manifestada parcialmente durante a II República de apoio verbal ás reivindicacións nacionalistas periféricas, o que tamén viña motivado pola necesidade de competir durante os anos 60 coas opcións da propia esquerda nacionalista (por exemplo, no 1968 créase o Partido Comunista de Galicia, con autonomía organizativa, perante a necesidade de competir coa UPG); doutra banda, o Partido Socialista (PSOE) chega a afirmar nos seus Congresos de 1974 e 1976 (coma o PCE no seu de 1975) o dereito de autodeterminación das nacionalidades ibéricas (identificando estas con Galicia, Cataluña e Euscadi) e a súa preferencia por un Estado federal[75]. Ademais de evidenciar a atmosfera de desorientación político-doutrinal sobre a cuestión nacional existente daquela na esquerda española, esa postura tamén viña motivada pola necesidade de aglutinar a todos os partidos socialistas de ámbito territorial que xurdiran desde os 60 e que ameazaban con artellar unha plataforma de coordi-

74. *Vid.* "Nous Horitzons" en *Nuestra utopía. PSUC: cincuenta años de historia de Cataluña.* Barcelona 1986; Martín Ramos, J. Ll. (ed.). *Història del socialisme a Catalunya (1940-1975),* Barcelona, 1994.

75. De Blas Guerrero, A. "El problema nacional-regional español en los programas del PSOE y del PCE" en *Revista de Estudios Políticos* 3, 1978, pp. 155-70.

nación a nivel estatal: a postura aberta do PSOE —a pesar de non ser non convencida— cara ás reivindicacións "periféricas" foi un dos factores que lle permitiu completar o proceso de unidade socialista nos anos 70 arredor del, atraendo cara á súa órbita tanto ó catalanismo socialista de Reventós e Pallach como parte do Partido Socialista Galego (PSG), poñamos por caso.

5. NACIONALISMOS NA ESPAÑA DEMOCRÁTICA (1975-1995)

Desde comezos dos anos 70, incrementarase a presión da oposición antifranquista nalgunhas zonas do Estado, particularmente en Cataluña, formando plataformas suprapartidarias que reclamaban entre as súas reivindicacións a recuperación, como mínimo, do Estatuto de Autonomía da II República (caso da Assemblea de Catalunya, formada en 1972). Organismos máis ou menos semellantes estendéronse desde 1975 a Euscadi e Galicia, e estaban apoiados polos partidos nacionalistas periféricos e os partidos de esquerda (malia existiren fondas diferencias no alcance final das reivindicacións duns e doutros). Igualmente, xurdiron tamén reivindicacións autonómicas, máis febles, en Andalucía, Aragón, Valencia, Asturias ou as Illas Baleares.

A transición e consolidación democrática en España, proceso ó que tamén contribuíron decisivamente os sectores maioritarios dos nacionalismos periféricos cun notable grao de pragmatismo (sobre todo, o nacionalismo catalán, que participou activamente na redacción da Constitución de 1978), trae aparellada asemade un primeiro tento de solución consociacional ó problema do artellamento territorial do Estado e á satisfacción das demandas dos nacionalismos periféricos. Desde as primeiras eleccións lexislativas democráticas en xuño de 1977 e marzo de 1979, así como nas primeiras eleccións municipais de abril de 1979, demostrouse que aqueles gardaban unha gran vitalidade —sobre todo os nacionalismos basco e catalán—. A eles engadíase a pervivencia, malia (ata 1995) estar fragmentado en diversos partidos e cunha forza social inferior, do nacionalismo galego, a aparición dun camaléonico e inestable nacionalismo canario e un rexionalismo andaluz de esquerda que nos anos oitenta perderá moita forza[76].

Tanto o PNV coma o nacionalismo catalán de centro-dereita (este último agora nutrido de anovadas compoñentes ideolóxicas, como a democracia cristiá, o personalismo cristián e a socialdemocracia) que dende 1978 está representado pola coalición Convergència i Unió [CiU]

76. Geiselhardt, E. *Regionalismus in Andalusien*. Frankfurt am Main, 1985; Liebert, U. *Neue Autonomiebewegungen und Dezentralisierung Spaniens. Der Fall Andalusien*. Frankfurt am Main, 1986; Garí-Hayek. *Op.cit.*, pp. 190 e ss.

adquiren unha hexemonía política relativa en Euscadi e Cataluña. Ambos os dous partidos serán os maiores protagonistas na construcción posterior do autogoberno nos seus respectivos ámbitos territoriais, e caracterizaranse, especialmente o catalanismo, pola súa combinación de firmeza nos principios nacionalistas e flexibilidade á hora de aceptar un autonomismo na praxe. A longo prazo, ambos os dous partidos aspiran a unha sorte de relación bilateral co resto do Estado, concretable en forma confederal ou en clave renovada de "pacto foral" (no caso do PNV), mais dentro deles conviven sectores sociais e políticos moi dispares[77]. Igualmente, teñen tamén unha presencia desigual as opcións abertamente independentistas, en máis dun caso vencelladas a posicións que se confesan de esquerda radical, malia ese crecemento ser máis moderado e en ningún caso vaia máis alá dun 17% dos resultados electorais en Euscadi (o voto á coalición radical Herri Batasuna (HB), e ata o de agora dun 9,5% dos votos en Cataluña (onde o independentismo era nun principio moi feble electoralmente, malia estar representado por movementos sociais de grande vitalidade coma a *Crida a la Solidaritat,* e desde 1992 está encarnado na ERC, ó facerse os independentistas co control do vello partido catalanista)[78].

Como síntoma do consenso que presidiu globalmente o proceso da Transición, as diverxencias verbo da futura estructuración territorial do Estado que existían entre os partidos nacionalistas periféricos (que reclamaban que a Constitución establecese un Estado multinacional, con réximes de autonomía reservados a Euscadi, Cataluña e Galicia), os sectores reformistas procedentes do Franquismo serodio (partidarios na súa maioría dunha descentralización administrativa) e a esquerda española, partidaria naquela altura —polo menos en teoría— do federalismo, remataron por converxer nunha solución de compromiso. Esta consistiría nun réxime de autonomías xeneralizado a todo o Estado, no que se establecían dúas vías de acceso e dous teitos competenciais diferentes, estando reservado o máis alto e a vía "rápida" a aquelas Comunidades Autónomas que xa tiveran aprobado na II República un Estatuto de Autonomía, é dicir: Cataluña, Euscadi e Galicia, que reci-

77. Marcet, J. *Convergència Democràtica de Catalunya: el partit i el moviment polític.* Barcelona, 1984; De Riquer, B. "El nacionalisme català, 1960-1986" en VV. AA., *Catalunya-Québec: Autonomia i mundialització.* Barcelona, 1990, pp. 215-35; Vidal-Folch, X. "Los catalanes y el poder, hoy" en id. (ed.), *op.cit.,* pp. 13-85. Sobre o PNV actual, a penas contamos con estudios monográficos: *vid.* unicamente as diversas referencias en Granja. *El nacionalismo vasco. Op. cit.,* así como no libro do xornalista P. Unzueta, *Sociedad vasca y política nacionalista,* Madrid, 1987.

78. Sobre Euskadi, *vid.* Pérez-Agote, A. et al., *El nacionalismo vasco a la salida del Franquismo,* Madrid, 1986; Linz, J. J. *Conflicto en Euskadi,* Madrid,1986; Mata López, J. M. *El nacionalismo vasco radical. Discurso, organización y expresiones.* Bilbao 1993. Para as estratexias de ETA, vid. entre outros Ibarra, P. *La evolución estratégica de ETA.* Donostia 1987, e (malia a súa óptica claramente militante e moi parcial) Letamendía, F. *Historia del nacionalismo vasco y de E.T.A.* Donostia, 1994, 3 vols.

biron a denominación de "nacionalidades históricas". A Constitución de 1978 establece así un marco que combina a concepción de España como única *Nación* cun réxime de estatutos de autonomía para todos os territorios do Estado, e un recoñecemento á "diferencia" cualitativa reclamada polos nacionalismos periféricos. O título VIII da Carta Magna consagra o chamado Estado das Autonomías, que consistiu, como se dixo daquela, nun "café para todos", unha solución temporal acatada como programa mínimo máis que aceptada de bo grao polos nacionalismos periféricos, sobre todo polo basco, o que xerará no sucesivo un soterrado descontento por parte daqueles[79].

De aí arrinca unha debilidade de base da situación constitucional española. Dunha banda, o electorado basco abstívose maioritariamente no referendo constitucional de 1978, seguindo a posición do PNV (é dicir, tolérase a Carta Magna, mais non se acepta, caso contrario da maioría do catalanismo), ó non ver recoñecida no texto constitucional a súa reivindicación de volta ós *Fueros* ou dereitos históricos interpretados como soberanía do pobo basco[80]. Doutra banda, case todos os partidos e forzas políticas que no seu día consensuaron a fórmula autonómica establecida na Constitución estaban lonxe de crer na virtualidade a longo prazo da Carta Magna. Non hai máis que lembrar as reticencias espremidas no seu día por un dos ponentes redactores da mesma, Manuel Fraga, que atoparon continuidade na negativa de Alianza Popular (AP) a aceptar o termo "nacionalidades"; ou o feito de o federalismo pervivir como meta final de varios sectores do Partido socialista (sobre todo, no seo do socialismo catalán) e da esquerda (pos) comunista (primeiro o PCE, hoxe en día Izquierda Unida, IU).

O Estado das autonomías encerra substanciais imprecisións e ata contradiccións políticas de base, o que en parte ten motivado que os ulteriores desenvolvementos dos seus principios teñan sido moi dependentes de negociacións políticas conxunturais[81]. Así e todo, ten acadado unha certa consolidación despois de 17 anos. A fundamental das

79. Para unha visión xeral do proceso, *vid.* Ysàs, P. "Democracia y autonomía en la Transición española" en *Ayer* 15, 1994, pp. 77-107; Solé Tura, J. *Nacionalidades y nacionalismos en España*. Madrid, 1985; Núñez Seixas, X. M. "Nacionalismos y regionalismos ante la formación y consolidación del sistema autonómico español (1975-1995). Una interpretación" en Tusell, J. et al. (eds.) *Historia de la transición y consolidación democrática en España (1975-1986)*. Madrid, 1995, vol. I, pp. 427-55; do mesmo autor "Nationalismen und Regionalismen in Spanien: Von der Diktatur zur Demokratie (1970-1995)" en H. Timmermann (ed.). *Nationalismus in Europa 1945-1995*. Berlín 1996, no prelo.

80. PNV. *El Partido Nacionalista Vasco ante la Constitución: historia y alcance de unas negociaciones*. Zarautz, 1978.

81. Sobre a natureza e artellamento xurídico-político do Estado das Autonomías existe xa unha inxente bibliografía. *Vid.*, sen sermos exhaustivos, Fernández Rodríguez P. et al. *La España de las Autonomías*. Madrid, 1985; Nohlen, D. e González Encinar, J. (eds.). *Der Staat der Autonomen Gemeinschaften in Spanien*. Opladen, 1992; Thiery, P. *Der spanische Autonomiestaat. Die Veränderung der Zentrum-Peripherie-Beziehungen im*

vaguidades do sistema autonómico é a indefinición conceptual, xa que afirma dunha banda que España é a única *Nación*, e ó tempo recoñece a existencia de "nacionalidades históricas" (¿cal é a diferencia entre unha *nación* e unha *nacionalidade*), do que se derivan moi diverxentes interpretacións. Dunha banda, ó establecer dúas vías de acceso á autonomía (a "vía rápida" do Art. 151, seguida polas nacionalidades históricas e, despois de longos avatares, por Andalucía; e a "vía lenta" do Art. 143 seguida polas demais, malia dentro destas Valencia, Navarra e Canarias teren avantado máis ás présas que as outras 10) e a mención expresa ás nacionalidades históricas, satisfacíase a esixencia dos nacionalismos periféricos de que a estructura territorial do Estado recoñecese ata certo punto os "feitos diferenciais". Doutra banda, de acordo con ese principio tense creado dun xeito ás veces moi artificial unha chea de administracións autonómicas de nova planta en zonas nas que non existía ningunha reivindicación política de autogoberno. Con iso, non só se ten xerado un certo caos administrativo e económico (frecuente superposición e duplicidade de administracións, o recurso acó e aló ó financiamento das CC. AA. mediante a emisión de Débeda Pública), senón tamén un eido de actuación complementario para o xurdimento de elites políticas rexionais que atoparon unha lexitimación dos seus aparellos de poder na reivindicación de meirandes cotas de autogoberno, e que mesmo nalgúns casos (A Rioxa, Cantabria...) habían comezar por "inventar" unha rexión ata entón inexistente.

De aquí, a falla de claridade sobre a definición dos principios da estructuración territorial do Estado leva a unha remanente incomprensión entre os nacionalismos periféricos e o resto das elites políticas autonómicas, ó que se engade a proliferación de rexionalismos e ata de "nacionalismos" en varias rexións que na maioría dos casos só son etiquetas para a lexitimación de cotas de poder local, ou de siglas políticas xurdidas de sucesivas escisións que xa non sabían qué espacio político ocupar[82]. A iso contribuíu en moito o estado de desestructuración que afectou a boa parte do centro-dereita español desde o espectacular derrubamento da Unión de Centro Democrático (UCD) nas eleccións xerais de 1982, o que fixo aparecer como única saída razoable a curto prazo a varios grupos de notables e elites políticas locais, para as que a

postfrankistischen Spanien. Saarbrücken/Fort Lauderdale, 1989; asemade os artigos de De Blas, A., Vilas Nogueira, J. e Vallès, J. M. en Cotarelo, R. (comp.). *Transición política y consolidación democrática. España (1975-1986)*. Madrid, 1992.

82. Un caso caricaturesco pola súa evidencia foi o protagonizado no seu día por un parlamentario tránsfuga da Asemblea Rexional de Madrid, quen, perante a claridade dos seus móbiles oportunistas optou por definirse como "rexionalista madrileño", fundando unha agrupación politica con ese nome (o *Partido Regionalista Independiente de Madrid*, PRIM). *Vid.* unha exposición dos seus principios en Piñeiro, N. *Regionalismo. Madrid, capital y región*. Madrid, 1991.

AP de Manuel Fraga non era aínda unha opción clara de futuro, a súa reconversión en defensores de rexionalismos —ou mesmo nalgúns casos de "nacionalismos"— que ideoloxicamente eran máis ben roupaxes demagóxicas. Mais só así podían aquelas xustificar a súa existencia e construírse un espacio político propio, gracias á nova *estructura de oportunidade política* que lles ofrecía o Estado das Autonomías. Foi ó abeiro desa dinámica que se fortaleceron considerabelmente partidos rexionalistas xa existentes ou de nova creación, coma o PAR, Unión Valenciana (UV), UPN, as Agrupaciones Independientes de Canarias ou mesmo Coalición Galega, por pormos algúns exemplos[83]. O programa ideolóxico destes partidos rexionalistas adoita ser conservador, malia apelaren á posición centrista, e o seu rexionalismo unha toma de posición pragmática con escasa fundamentación teórica. Soamente no caso dos rexionalistas máis conservadores atopamos unha construcción máis elaborada, que apunta a unha sorte de neoforalismo tradicional emparentado co carlismo, do que é claro exemplo a navarra UPN[84]. Algúns deses partidos rexionalistas (o PAR, UPN) chegaron ó poder nas súas respectivas CC. AA., sempre en coalición cos grandes partidos estatais, ó longo dos anos 80, revelándose como pragmáticos improvisadores desde as institucións por eles controladas, e caracterizándose por levar a cabo un fomento dos sentimentos de identidade rexional da poboación, por tentaren consolidar pequenos "Estados do benestar" a escala autonómica (nunha época, anos 80 e primeiros 90, de expansión do gasto público), e por seguir, ás veces mimeticamente, as estratexias de presión dos nacionalismos periféricos. Esa dinámica de afirmación, á que moitas veces tamén se prestan as seccións rexionais dos grandes partidos estatais, ten levado nalgunha ocasión a enfrontamentos entre comunidades autónomas —como a histriónica "guerra da auga" do verán de 1994— e así mesmo a necesidade de xustificar a propia posición de poder mediante a reivindicación da equiparación competencial coas chamadas "autonomías de primeira". Con iso, algúns rexionalismos —coma o PAR a comezos dos anos 90[85]— se reconverten con pouca coherencia teórica en partidos "nacionalistas" e venden a mensaxe de que maiores competencias equivalen *automaticamente* a mellor calidade de vida dos cida-

83. Sobre Coalición Galega, *vid.* Soutelo, R., Prada, J. e de Juana, J. "Transición y élites políticas: el nacimiento de Coalición Galega en Ourense" en Tusell et al., *Historia de la Transición,* pp. 490-512.

84. *Vid.* as acertadas observacións de Loyer, B. "Nations, États et citoyens en Espagne" en *Hérodote* 73-74, 1994, pp. 76-91. Sobre o "neoforalismo" da UPN, pódese ver a colección de escritos do seu dirixente nos anos 80 Medrano y Blasco, L. F. *El partido foral necesario.* Madrid, 1984.

85. PAR, *Un proyecto para los 90. Por el progreso y la identidad de Aragón.* Zaragoza, 1991. Porén, a definición nacionalista non chega máis alá de reclamar para Aragón o estatuto de "nacionalidade histórica" e o máximo teito competencial. Algo semellante se podería afirmar de Coalición Canaria e Unió Mallorquina, por exemplo.

dáns (co cal se teima en supostos agravios comparativos ou respecto das "nacionalidades históricas"), a pesar de que o que está en xogo en máis dun caso á hora de loitar polas grandes competencias (educación, sanidade) é a capacidade de incrementar os ámbitos de poder clientelístico propio.

En virtude desa dinámica, a gaiola de grilos en que se converte o Estado das autonomías provoca á súa vez o receo dos nacionalismos periféricos, que ven en calquera equiparación competencial e de tratamento unha negación ou minusvaloración do que eles consideran o fundamento lexítimo da súa reivindicación de autogoberno: o definirse como *nacións* diferentes, malia que non por iso reivindiquen necesariamente a independencia. Neste senso, pódese afirmar que a proposta mecanicamente aducida desde boa parte da esquerda española —a evolución da estructura do Estado das autonomías na dirección dun Estado federal simétrico— non viría solucionar practicamente nada ó contencioso territorial existente, en canto crearía 17 Estados federais baseados sobre as actuais CC. AA. Porque, se de feito os nacionalismos periféricos —sobre todo o catalán e o galego— tenderon historicamente a defender unha estructuración federal do Estado español, sempre o fixeron considerando que as unidades básicas que se federarían serían catro: Galicia, Cataluña, Euskadi e "Castela", identificada co resto da España[86]. Ou, como moito, postulaban un Estado federal composto de todas as rexións, pero *asimétrico*.

Esta situación leva a unha remanente tensión territorial, e explica que a "racionalización" do proceso autonómico se teña convertido desde 1980 nunha preocupación constante e aínda non resolta dos sucesivos Gobernos e dos partidos estatais maioritarios, desde a famosa LOAPA de 1981 e a LPA de 1983 ata os Acordos Autonómicos de PP e PSOE de 1992, partidarios dunha homoxeneización competencial case completa —unha homoxeneización absoluta é imposible, dada a existencia, por exemplo, dos Concertos Económicos na Comunidade Autónoma Basca e Navarra— das 17 CC. AA. Certo é, porén, que desde 1990 se teñen dado pasos na resolución dalgunhas das imprecisións iniciais do sistema nas catro áreas máis conflictivas (fixación das competencias transferibles, intransferibles ou "delegadas" do Estado ás CC.AA.; o artellamento de mecanismos de corresponsabilidade financeira entre as CC.AA.; a conversión do Senado nunha "Cámara territo-

86. Sen irmos máis lonxe, esta era a proposta da ERC durante a II República, ou do dirixente do PG Alfonso R. Castelao na súa obra magna *Sempre en Galiza* (Bos Aires, 1944). O PNV, pola contra, segue a manterse na súa característica ambigüidade, mais de cando en vez deixa albiscar a pervivencia da súa vedraña reivindicación, a "reintegración foral" interpretable hoxe en día como un estatus case confederal no que se establece un pacto do País Basco soberano coa Coroa (fórmula que tamén engada a algúns sectores de CiU).

rial" ou das CC.AA. e o establecemento de foros de cooperación política; e a participación das CC.AA. na política do Estado perante a Unión Europea), como ten revelado a grande diminución do número de leis recorridas polas CC.AA. perante o Tribunal Constitucional (de 131 en 1985 a ningunha en 1994 e 12 en 1995). Non embargante, ningún dos problemas aludidos ten solución definitiva ata o de agora, e aínda fican sen resolver dúas cuestións adicionais: a racionalización da "administración periférica do Estado", comezando polos Gobernos Civís; e o rol e financiamento da administración municipal.

A proliferación antes aludida de "rexionalismos" ó abeiro da xeneralización do sistema autonómico traduce tamén outra realidade, herdada do Franquismo: que aínda continúan os problemas de lexitimación do nacionalismo español, tanto a dereita como a esquerda. Moitos deses rexionalismos son reducibles ideoloxicamente, como xa afirmamos, a formas de nacionalismo español. Velaí o certo anticatalanismo do PAR ou de UV, ou o antinacionalismo basco de UPN e de Unidad Alavesa, que no fondo pretende representar e traducir a opinión dos sectores de poboación opostos á concepción nacionalista e bascofalante de Euscadi nunha forma "aceptable" e lexitimada no contexto político actual: a defensa do "ameazado" idioma castelán faise no nome do *idioma alavés*, e afírmase a pretensión de pedir a *autodeterminación* de Álava (para reintegrarse en España, sobreenténdese, no caso de que o conxunto de Euscadi se encamiñase cara á independencia).

O nacionalismo da dereita española, fóra das organizativamente minoritarias manifestacións da extrema dereita, segue a presentar aínda hoxe grandes problemas de lexitimación, o que é comprensible se se considera o peso do Franquismo e a interrupción brusca daquela tradición de nacionalismo liberal da II República. De aquí que nos últimos tempos as mensaxes provenientes desde o eido da dereita sexan bastante contradictorias, pois nelas convive a praxe política do Partido Popular (PP) nas Illas Baleares ou en Galicia —onde promove a defensa da cultura autóctona e fomenta moderadamente os referentes de identidade territorial (ou "autoidentificación") da poboación, malia a distancia entre declaracións teóricas e realizacións prácticas seren moi grande— coa do PP en Euscadi e Cataluña, onde con máis forza se manifesta a tradición de nacionalismo "reactivo" que arrinca desde comezos deste século. Mais, así mesmo, o españolismo da dereita democrática leva a cabo nos últimos anos unha endeita de recuperación da herdanza do liberalismo conservador e do republicanismo reformista (Cánovas, Azaña, etc.), combinada desde algúns sectores da dereita coa solución da "Administración única" do actual presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga. Esta proposta, á marxe de calquera valoración política, supón unha acatación e racionalización do sistema

autonómico tal e como este aparece definido na Constitución (en canto postula a substitución da administración central pola periférica alí onde exista unha duplicidade innecesaria de funcións entre unha e outra), para así evitar en derradeira instancia a proliferación de nacionalismos periféricos[87]. Pero esas mensaxes "modernizadoras" conviven coa pervivencia dos vellos esquemas esencialistas anteriores á hora de definir o que é a *Nación española*, para o que un intelectual próximo ó PP recorría en 1994 á tradición católica, a Conquista de América, á idea de *comunidade de destino* forxada por Castela e á existencia dun *Volksgeist* español formado na época imperial[88]. E a redescuberta por parte dun coñecido e provocador intelectual da dereita española da figura de Azaña contrastou simbolicamente coa reedición ampliada do seu catastrofista libro de 1979 sobre o perigo de "separación" que entrañarían as políticas lingüísticas dos nacionalismos periféricos[89]. Malia ter aceptado plenamente a Carta Magna no referente ó modelo autonómico de estructuración do Estado, a dereita española actual mantense circiamente na defensa dunha única Nación política (España), postura combinada só nalgúns sectores cunha aceptación plena da diversidade cultural e lingüística de España, que non se traduce porén nun recoñecemento político da "diferencia", senón que tende cara a unha homoxeneización competencial de todas as CC. AA.[90], coa excepción das peculiaridades lingüísticas dalgunhas delas.

Aínda que en moitos ámbitos persiste a desorientación teórica e política verbo da cuestión nacional entre a esquerda española, e malia os recentes chamamentos dalgúns intelectuais desa tendencia para reaccionar contra da "ameaza" dos nacionalismos periféricos e recuperar o nacionalismo español[91], é posible afirmar que a esquerda semella elaborar unha forma de neoespañolismo que tamén bebe nas fontes do rexeneracionismo e do republicanismo, xunto cun discurso de "modernidade" e europeísmo, que a leva a arrenegar decote da defi-

87. Fraga, M. *Impulso autonómico*. Barcelona, 1994.

88. Blanco Ande, J. "El regionalismo entre el concepto de Estado-nación y el nacionalismo radical", en VV. AA. *El regionalismo en Europa*. Soria, 1994, pp. 37-48. O libro é un compendio de conferencias de presidentes autonómicos e intelectuais do PP, xunto con algunhas aportacións de políticos da CSU. Este autor considera, así mesmo, que o rexionalismo é unha manifestación sa das formas de vida dalgunhas rexións españolas, as súas tradicións, etc., mais os nacionalismos periféricos serían simplemente unha traizón, expresión dun espírito de revancha.

89. Jiménez Losantos, F. *La última salida de Manuel Azaña*. Barcelona, 1994, e *Lo que queda de España*. Madrid, 1995 (2ª ed.).

90. Un exemplo desta postura (aceptación da pluralidade cultural da España, acatamento do marco autonómico, mais ó mesmo tempo defensa da igualdade de principio de todas as rexións, asemade a afirmación de nacionalismo español e da necesidade neorexeneracionista de conquerir un novo "patriotismo") atópase no recente libro do presidente do PP, J. M. Aznar, *España: La segunda transición*. Madrid, 1994.

91. Alonso de los Ríos, C. *Si España cae...* Madrid, 1994; García Trevijano, J. *El discurso de la República*. Madrid, 1994.

nición "nacionalista" (e así se pode demonizar ó nacionalismo en abstracto, sobreentendendo con el nada máis que ós periféricos). Mais segue sen atopar unha fórmula que lle permita defender, nas súas verbas, a compatibilidade da existencia dunha *Nación política* española e unha plurinacionalidade *cultural* do Estado. De aquí a novidosa definición de España como "Nación de nacións", un auténtico contrasenso teórico e conceptual, que adoito ten dado lugar a verdadeiros exercicios sofísticos, como se expresaba nos debates constitucionais de 1978 e nas ulteriores "explicacións" dese concepto por parte, sobre todo, dos líderes do PSOE[92]. Se o concepto de nación implica soberanía política, ¿como poden convivir dúas entidades territoriais con soberanía? Aínda que co termo "nación de nacións" quérese resucitar a definición de Meinecke en 1907, o certo é que, na práctica, estase con ela a expresar a idea de "nación española multicultural", o que é máis coherente desde o punto de vista teórico. En relación con iso, tamén goza de aceptación entusiasta á formula concibida en orixe por Jürgen Habermas para Alemaña de "patriotismo constitucional", é dicir, de defensa da Nación política baseada na libre vontade dos cidadáns xuntamente coa aceptación teórica do carácter plurinacional no senso cultural do Estado, e que podería proxectarse cara a unha dimensión europea[93]. Non embargante, cómpre preguntarse se ese afouto europeísmo non é máis ben unha fuxida cara adiante —tentando esluír as posibles contradicciónsinternas na crecente internacionalización da vida política e económica do Vello Continente no seo da Unión Europea— que un postulado constructivamente asumido.

Ademais, dentro da esquerda española semellan convivir hoxe dúas almas. Se nalgúns sectores é apreciable unha aceptación sen grandes problemas da idea de España como Estado plurinacional (caso do PSC), noutros sectores domea un españolismo herdeiro da tradición histórica *xacobina* da propia esquerda española, que nalgunhas manifestacións chega ata a negar a diversidade cultural dos diferentes pobos de España, e que ademais retroaliméntase coa oposición constante cos nacionalismos periféricos. Velaí o caso de boa parte da fracción "guerrista" do PSOE de base electoral agraria-meridional (da que é típico representante o presidente da Comunidade Autónoma de Estremadura, Juan Carlos Rodríguez Ibarra); de amplos sectores do socialismo basco ou catalán que, con base sobre todo na poboación inmigrada en Euscadi ou Cataluña, profesan unha oposición frontal a calquera reivindicación dos nacionalismos periféricos; ou dun sector do socialismo galego hoxe en

92. Unha boa análise en de Santiago Guervós, J. *El léxico político de la Transición española*. Salamanca, 1992, pp. 192-251.

93. Laborda, J. J. "Patriotismo constitucional y Estado democrático" en *Sistema* 108, 1992, pp. 5-14.

día, representado emblematicamente polo actual alcalde da cidade de A Coruña, Francisco Vázquez. Este derradeiro, á parte da compoñente electoralista que poida existir na súa postura teimudamente oposta ó máis lene galeguismo cultural (para gañar os votos da dereita sociolóxica) recorre repetidamente a unha posición tradicional da esquerda española, enfortecida pola necesidade de oporse ó crecemento do nacionalismo galego nos últimos anos, e que non por casualidade apela tamén á tradición —de raigame progresista decimonónica, fortalecida despois co rexeneracionismo— do *municipalismo*, é dicir, a defensa e potenciación da autonomía dos concellos como base para unha descentralización administrativa ó servicio da democracia política e do benestar cidadán. Non obstante, o anovado énfase municipalista de varios sectores tanto da esquerda como da dereita españolista parece tamén neste caso obedecer parcialmente á mesma lóxica que a que rexe a proliferación dos "rexionalismos autonómicos": a necesidade de garantir o control de parcelas de poder, contrarrestando as propostas de meirande autogoberno territorial dos nacionalismos periféricos[94].

6. ALGUNHAS HIPÓTESES PARA O FUTURO

Desde a perspectiva histórica sucintamente exposta, e sen pretendermos propoñer ningunha receita máxica, podemos aventurar as seguintes coordenadas básicas que ó noso xuízo influirán grandemente na evolución ulterior da cuestión nacional en España no derradeiro lustro do século XX:

1. É difícil pensar que a solución autonómica, tal e como foi concibida na Constitución de 1978 e arestora é posta en práctica, poida continuar a longo prazo de xeito invariable[95]. É moi probable que, antes ou despois, se mostre precisa unha nova reforma da estructura territorial do Estado, de xeito que nela se recoñeza non só unha estructura

94. *Vid.* Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP): *Asamblea General Extraordinaria. La Coruña, 5 y 6 de noviembre de 1993. Resoluciones.* Madrid, 1994. Non embargante, para outras tendencias do PSOE o municipalismo é considerado máis ben como un instrumento para afondar nunha interpretación en clave federal da Constitución de 1978: *vid.* o artigo do alcalde de Barcelona, J. Maragall, "Los municipios y el federalismo" en *Anuario El País 1988*. Madrid, 1989, p. 129.

95. Outras visións máis optimistas atribúen unha grande virtualidade ó sistema autonómico tal e como funciona na actualidade, chegando a afirmar que este leva a cabo unha nidia diferenciación entre "Nacións culturais" e a Nación política: *vid.* Solozábal Echevarría, J. J. "El Estado autonómico como Estado nacional (adaptabilidad y rendimiento integrador de la forma política española)" en *Sistema* 116, 1993, pp. 67-84. Ou ben inciden na potencial tendencia federalizante do modelo español das autonomías: *vid.* Ruipérez Alamillo, J. "Sobre la naturaleza del Estado de las autonomías" en *Revista de Estudios Políticos* 81, 1993, pp. 73-102.

descentralizada e máis ou menos tendente cara a un sistema federal, senón un grao de autogoberno ou de tratamento específico (o que non quere dicir privilexado) a determinar a aqueles territorios que expresen ou teñan esprimido a súa vontade nacional/diferencial de xeito maioritario. Unha meirande descentralización, sexa seguindo a receita da Administración única ou sexa seguindo unha fórmula totalmente federal —se ben esta ten un fundamento diferente: a soberanía previa dos Estados que forman a federación— non resolverá de seu as tensións entre o Goberno central e os nacionalismos periféricos, xa que o que estes decote reclaman é como mínimo un tratamento bilateral que recoñeza a súa *diferencia,* por considerárense *nacións,* e non unha relación multilateral esluída no resto das CC. AA. (ou, se cadra, futuros Estados federais)[96]. Isto acontece precisamente cando tanto a dereita como a esquerda española están basicamente de acordo nun modelo igualitario de descentralización do Estado, malia ser a esquerda, de acordo coa súa tradición, a que aínda sosteña de xeito máis mecánico que convencido (ou minimamente matinado) a bandeira do federalismo. E mesmo dentro desta postura, cómpre disterar os que defenden o federalismo simétrico (por exemplo, Julio Anguita) dos que propoñen un federalismo asimétrico que teña en conta as "diferencias nacionais" (por exemplo, Rafael Ribó).

2. Igualmente, tamén é difícil pensar que poida existir hoxe en día, e en principio a medio prazo, unha tendencia clara cara ó secesionismo, especialmente en Euscadi e Cataluña, malia os pasaxeiros "efectos demostración" que periodicamente abalan as arelas máis ou menos contidas de independencia entre os nacionalistas periféricos (cada vez que se proclame un novo Estado independente, como aconteceu co gallo da independencia dos Estados bálticos)[97]. Un feito na nosa opinión evidente na actualidade é que os partidos nacionalistas periféricos maioritarios, malia todos os desafogos teóricos e retóricos (imprescindibles cada certo tempo, polo demais, para asegurar a cohesión das súas bases), prefiren polo de agora non enfrontarse cos dilemas políticos que suporían a aplicación práctica e inmediata do dereito de autodeterminación. Dilemas que se manifestan especialmente crus no caso basco, como algunha vez ten manifestado explicita-

96. Neste senso, coincido en xeral con Tusell, J. "España, nación de naciones. Cataluña en el contexto español actual" en *Cuenta y Razón* 89, 1994, pp. 22-26, menos no concepto de "nación de nacións".

97. Porén, a independencia de Eslovaquia ou a recente victoria electoral dos independentistas en Québec tiveron un efecto moitísimo menor, xa que as circunstancias políticas internas eran menos favorables a que ecoase ou se amplificase ese efecto demostración. Unha boa análise destes fenómenos en Conversi, D. "Dommino Effect or Internal Developments? The Influence of International Events and Political Ideologies on Catalan and Basque Nationalisms" en *West European Politics* 3, 1993, pp. 245-70.

mente Xabier Arzalluz: ¿Que territorios configurarían, por libre decisión democrática nun referendo, unha vindeira Euscadi independente? ¿Guipúzcoa e Biscaia, no mellor dos casos? Que acontecería se Navarra e Álava, como de acordo coa súa orientación política actual sería en principio previsible, rexeitasen nese referendo a independencia (sen falarmos do País Basco-francés)? Deixando á parte, claro está, o feito de ter que garantir a convivencia entre a comunidade nacionalista e a non--nacionalista (composta esta en boa parte por inmigrantes do resto da España, ou por descendentes de inmigrantes), como recoñece o famoso discurso de Arzalluz no Teatro Arriaga de Bilbao en 1988. Tanto o nacionalismo basco coma o catalán, malia ostentaren nos seus respectivos territorios a maioría social e electoral —máis ampla, aínda que máis dividida, no caso de Euscadi, pero con moi notorias desigualdades territoriais[98]— son conscientes de que esa maioría é máis relativa que absoluta, e xa que logo de que non ostentan unha hexemonía indiscutible dentro dos seus ámbitos xeográficos. Ese grao de hexemonía, ademais, varía significativamente segundo se trate de eleccións autonómicas, xerais ou europeas: a recente tendencia á suba do voto "españolista" no País Basco nas eleccións europeas e autonómicas de 1994 pode ser un claro exemplo do devandito.

Isto é así tamén por outra razón: non sempre existe unha correlación tan idéntica como *a priori* se pode pensar entre voto nacionalista, consciencia nacional e vontade independentista, como pode amosar o recente fracaso (pola mínima, pero fracaso) do referendo pro-independencia en Québec, ou o nivel de voto nacionalista en Escocia, que non se corresponde co grao de consciencia nacional manifestado en todas as enquisas de opinión. Lembremos que na mellor época electoral do Scottish National Party (SNP) o referendo sobre a *Devolution* celebrado en 1979 en Escocia tivo un resultado negativo, o que supuxo un lastre considerable para o nacionalismo escocés (que aínda hoxe non volveu a conquerir a cota do 30% dos sufraxios que acadara a mediados dos 70). Estas leccións están moi presentes tamén na memoria dos partidos nacionalistas periféricos maioritarios: tensar demasiado a corda pode chegar a ser contraproducente. Ó que se engade outro factor: a *institu-*

98. Lémbrese o crebacabezas político que é o País Basco: en cada unha das tres provincias da Comunidade Autónoma Basca un partido político diferente ostenta a maioría social *relativa* (o PNV en Biscaia, HB en Guipúscoa, o tándem PP-Unidad Alavesa en Álava), o mesmo que en Navarra (UPN-PP). E incluso dentro de cada unha das provincias, a disparidade é acusada: a "batasuneira" Guipúscoa ve cómo na capital, Donostia, o PP obtén ultimamente a maioría relativa; non é o mesmo a parte bascófona que a parte castelanófona de Álava, ó igual que en Navarra; dentro de Biscaia, a divisoria márcaa a beira esquerda do Nervión (zona de concentración da maioría da poboación inmigrante). Aínda que tras as últimas eleccións autonómicas bascas (outubro de 1994) o PNV afirma a súa maioría relativa en todas as provincias, no mellor dos casos (Biscaia) non chega ó 40%. *Vid.* en xeral Llera, F. *Los vascos y la política*. Bilbao, 1994.

cionalización de boa parte dos nacionalismos periféricos gracias a eles detentaren o poder autonómico (como acontece no País Basco e Cataluña) e o obrigado cambio de discurso lexitimador dos nacionalismos ó teren que convivir cun Estado democrático dan lugar a unha certa desmobilización, e ó tempo fomenta un meirande pragmatismo, patente xa en partidos coma o PNV e CiU[99].

3. Xa que logo, cómpre preguntarse: ¿Que pervive, se fica algo, do que puideramos denominar sentimento nacional español? Aínda que os estudios sobre identidade nacional na España contemporánea están lonxe de seren satisfactorios, podemos aventurar hipoteticamente que tamén neste aspecto se atopan mensaxes contradictorias. Dunha banda, indubidable é que determinados instrumentos ou vehículos de identificación colectiva *nacional* española son moito máis febles que noutros Estados europeos (por exemplo, case todo o referente á unha simboloxía *nacional* unanimemente aceptada). Mais, doutra banda, o que é un feito revelado tanto polas enquisas de opinión como por varios estudios especializados é que mesmo en zonas de grande arraizamento dos nacionalismos periféricos existe unha preponderancia certa do que se dá en chamar "duplo patriotismo", é dicir, da coexistencia dun sentimento de identificación coa nacionalidade *periférica* con outro de solidariedade ou identificación co conxunto de España que non son sempre percibidos como excluíntes, senón mesmo como complementarios[100]. É máis, os sentimentos de identidade nacional e de pertenza a unha colectividade rara vez son absolutos, senón que existe unha gradación máis ou menos acusada de fidelidade a varias esferas ou referentes: neste senso, seguen a ser maioría as persoas que nas enquisas de opinión ó respecto sobre identidade nacional se senten, en maior ou menor medida ou proporción, catalanas, bascas, galegas, etc., ó mesmo tempo que españolas[101]. Algúns exemplos significativos pódennos ilustrar esta situación: así, se os Xogos Olímpicos de Barcelona no ano 1992 foron utilizados como plataforma reivindicativa por parte do nacionalismo catalán, non deixou de sorprender a todos que, unha vez comezados estes e garantida unha pre-

99. Gurrutxaga, A. *La refundación del nacionalismo vasco* Leioa, 1990; do mesmo autor e Unceta, A. "Nacionalismo vasco y democracia: Crítica de la doctrina actual" en *Sistema* 124, 1995, pp. 43-67.

100. Petrosino, D. "Autonomia e indipendentismo in Sardegna, in Catalogna e nel Québec: un tentativo di comparazione" en VV. AA. *Le autonomie etniche e speciali in Italia e nell'Europa mediterranea*. Cagliari, 1988, pp. 214-231; Andrés Orizo, F. *Los nuevos valores de los españoles*. Madrid, 1991, pp. 167-180.

101. Naturalmente, a fiabilidade dos indicadores que fornecen as enquisas de opinión non sempre é absoluta; mais si é orientativa. Poderíanse considerar outros factores, como a presencia de inmigrantes en Euscadi e Cataluña que tenden a contestar nas enquisas cunha orientación máis "españolista"; porén, e dado que tanto o nacionalismo basco coma o catalán —este de xeito máis decidido— consideran que tan cidadáns son uns coma outros, o resultado final pouco varía a efectos prácticos.

sencia simbólica notable á personalidade disterada de Cataluña (o idioma catalán, a bandeira, etc.), a reacción do público fronte á representación española non foi de refugo —como se temía desde as instancias gobernamentais— senón todo o contrario. Lémbrese a final olímpica de fútbol nun estadio do F. C. Barcelona ateigado de bandeiras españolas e catalanas que apoiaban á selección española[102].

Naturalmente, que o duplo patriotismo tenda a ser a situación dominante hoxe en día non quere dicir que sexa uniforme nin inmutable, como ben sabemos os historiadores: o tempo será o encargado de clarexar se eses sentimentos mudan ou remanecen inalterables, ou se o balance entre tendencias centrífugas e centrípetas vira definitivamente nunha ou noutra dirección. Diversos factores poderán influír no desenvolvemento da cuestión nacional no Estado español: entre eles, o grao de madureza e responsabilidade das elites políticas tanto do Estado como dos nacionalismos periféricos e das administracións autónomas; a consolidación dun modelo de Estado aceptado explicitamente por todos; a evolución da situación económica e o impacto que nas diferentes zonas de España está a producir a "europeización" da lexislación económica e social dentro da Unión Europea, e mais as consecuencias que aquela está a ter nos diferentes sectores productivos rexionais; a consolidación ou perda de lexitimidade das institucións estatais; finalmente, non menos importante, a desaparición do fenómeno terrorista en Euscadi e da intolerancia política que acompaña ó seu entorno organizativo e social, que, cómpre non o esquecer, representa a unha minoría da poboación basca. Nada se avantará politicamente se non se observa un principio fundamental para que as tensións nacionais decorran sempre polos cauces da democracia: tan lexítimo é ser nacionalista *periférico* como nacionalista *español*, sempre e cando ambas as dúas posturas se identifiquen coas regras do xogo democrático. O que non ten necesariamente por que implicar en todos os casos estricta lealdade constitucional, xa que, postos a mirar polo miúdo, boa parte do espectro partidario actual defende ou abeira posicións ideolóxicas que nalgúns aspectos rebordan o establecido na Constitución de 1978 (¿cal é a postura, por exemplo, de moitos sectores de IU fronte á Monarquía?). Do mesmo xeito, o feito de defender o dereito de autodeterminación para un territorio determinado é de seu un obxectivo tan democrático coma o de defender o contrario, que a *Nación* é España no seu conxunto. O realmente importante é como se pretendería levar a cabo a autodeterminación, ou por que medios se quererría manter inalterable a Constitución.

X. M. N. S.

102. E isto non quere ser unha *boutade*: os deportes de masas constitúen hoxe en día unha das maiores manifestacións públicas de identidade que teñen lugar de xeito aberto (malia estaren suxeitas a uns códigos moi específicos).

O papel da traducción no sistema lingüístico e literario nacional: o ámbito galego

Áurea Fernández Rodríguez

Son munerosos os factores que contribuíron ó importante desenvolvemento da ciencia da traducción. Pois baixo a presión da chegada da informática, da gramática xenerativa e da lingüística textual, desde os anos 1960 coñeceu un espertar rápido e mesmo nalguns momentos espectacular. Os intercambios internacionais entre os países provocaron ademais que a actividade traductora resulte ser na actualidade unha das esenciais e máis dignas de estimación do mercado de intercambio mundial universal.

O tema da traducción resulta ser un campo de investigación privilexiado tanto pola súa posición equívoca como polo seu papel complexo e influente no sistema lingüístico e literario receptor. A importancia da traducción como mediadora entre as culturas maniféstase de maneira exemplar nos intercambios entre as linguas e as literaturas, nas transferencias de culturas e modelos literarios, relixiosos, científicos e outros. En suma a traducción é, ó longo das épocas, un documento clave sobre a maneira de definir, asimilar ou rexeitar o estranxeiro —ou o estraño.

Desde Cicerón —primeiro maestro de traductores— ata Pierre Klossowski, a traducción encargouse de xustificar, xulgar ou explicar as súas técnicas e funcións colocándose así nun posto primordial da historia das prácticas traductoras e da recepción dos textos traducidos. A súa posición determina a súa función, alternativamente innovadora ou conservadora, segundo que as traduccións favorezan a asimilación de novos xéneros, temas, sabedorías ou formas, ou que, polo contrario, se adapten ás normas da cultura receptora. Neste último caso, convértense en axentes eficaces dun proceso de neutralización de influencias estranxeiras. Pero a miúdo ofrecen distintos compromisos

entre esas dúas opcións baixo o efecto das estratexias en vigor no interior dos sistemas.

Existe unha historia da traducción da mesma maneira que unha historia da literatura pero non temos, ata agora, un estudio de conxunto escrito que trate a historia dos textos traducidos en galego nin, ó noso coñecemento, noutra lingua; só podemos dispoñer de fragmentos ou esbozos. Algúns escritos aportaron ó coñecemento do público as grandes testemuñas da tradición occidental, alemana, inglesa, francesa ou española[1]. Aínda que de forma imperfecta, estes textos evidencian o pensamento histórico relacionado cos criterios e funcións da traducción. Gracias a eles podemos apreciar a gran diversidade de tendencias, de temas e tamén de formas discursivas durante distintas épocas.

Ata o século XIX, o pensamento da traducción interesouse pouco polos textos científicos, pola filosofía, a historia ou xéneros como os relatos de viaxes. Hoxe en día a traducción está presente en múltiples aspectos da vida diaria: folletos de instruccións de aparatos, noticias periodísticas e televisivas, cine, textos xurídicos, técnicos, relixiosos, novelas, literatura infantil e teatro. Así e todo, o eido da literatura é o que acapara o número de traduccións máis elevado. Henri Meschonnic fala do papel da traducción como axente da evolución literaria nos seguintes termos:

> Traduire entre dans le travail incessant qui change les formes littéraires d'une société. Mais l'idéologie courante et l'enseignement de la littérature ont caché et cachent encore cette importance de la traduction[2].

Lembremos, simplemente como exemplo, o papel determinante para a literatura alemana da traducción do Novo Testamento levado a cabo por Martin Luther (Lutero) no ano 1522. Dando a coñecer o texto sagrado na lingua que falaban os alemáns na vida real, na linguaxe viva, Martin Luther quedou recoñecido coma o fundador da lingua e da literatura alemanas.

A utilidade e a necesidade de traducir textos dunha lingua orixinal determinada a outra lingua terminal é actualemente indiscutible, non só

1. *Das Problem des Übersetzens* (Ed. H.-J. Störig) Govers, Stuttgart, 1963; Horguelin, P. *Anthologie de la manière de traduire. Domaine français.* Linguatech, Montreal, 1981; Julio-César Santoyo, P. *Teoría y crítica de la traducción: Antología.* Publicacions de la Universitat Autónoma de Barcelona, Bellaterra, 1987. Os traballos de T. R. Steiner *(English Translation Theory, 1650-1800.* Van Gorcum, Assen-Amsterdam, 1975) e de A. Lefevere ("Translating Literature: the German Tradition" en *From Luther to Rosenzweig.* Van Gorcum, Assen-Amsterdam, 1977) adoptan unha visión cronolóxica e temática ó mesmo tempo.

Dúas obras a ter en conta no eido da historia da traducción neste momento son: Ballard, Michel. *De Cicéron à Benjamin. Traducteurs, traductions, réflexions.* Eruditon-Didier, París, 1992; e d'Hulst, Lieven. *Cent ans de théorie française de la traduction. De Batteux à Littré* (1748-1847). Presses Universitaires de Lille, 1990.

2. Meschonnic, Henri. *Pour la Poétique II. Epistémologie de l'écriture. Poétique de la traduction.* Reimpresión (1ª ed. 1973), Gallimard, París, 1980, p. 410.

como medio de comunicación entre distintos pobos e individuos fóra das nosas fronteiras senón tamén como instrumento de normalización cultural en países con linguas minoritarias coma España. Fai case medio século apuntaba German Bleiberg (1949) ó respecto:

> La traducción puede considerarse como una labor de la más alta estimación intelectual; tanto por lo que representa en cuanto a trabajo desarrollado por el traductor, como por lo que se refiere a las relaciones culturales entre los pueblos de distinto idioma[3].

Polos obxectivos que perseguían, polas súas consecuencias, polo carácter propicio, as traduccións do Renacemento son o prototipo das "primeiras traduccións"[4]. A práctica da traducción polos humanistas franceses é un dos principais elementos que contribuíron a defender e ilustrar a lingua francesa nese período[5]. Foi precisamente no século XVI cando os traductores filólogos e filósofos formularon a cuestión do "¿por que traducir?" Nese momento as traduccións —que tiñan un obxectivo esencialmente humanista— pódense considerar como "grandes descubrimentos" da época. Esas traduccións tiveron consecuencias políticas, relixiosas e hermenéuticas.

Dous séculos máis tarde —dous séculos de traducción—, a reflexión sobre a definición da traducción móvese cara ó acto de traducir. Do seu papel como medio de enriquecemento da lingua pasa a se converter, no Século das Luces, nun medio de enriquecemento do lector para o descubrimento e o recoñecemento da alteridade. O sistema literario francés do século XVIII quedou profundamente modificado polos textos traducidos[6]. Ademais a lingua francesa serviu de mediadora entre o inglés, lingua fonte, e outras linguas europeas, especialemente a española.

3. Bleiberg, German. *Diccionario de literatura española* (1949). Revista de Occidente, Madrid, 1972, pp. 887-888.

4. Isto non quere dicir que a actividade traductora comezase aí. As primeiras testemuñas remóntanse aló polo terceiro milenario antes de Cristo: Siria, logo o Exipto dos Faraóns, a Babilonia do segundo milenario, a Antiga Grecia, Cartago e o Imperio Romano recorreron á traducción administrativa e diplomática.

A propagación das relixións foi tamén motivo dunha importante actividade da traducción. Na era cristiá, en Roma, expuxéronse as primeiras regras da arte de traducir ó tempo que se impuxo un novo xénero: a traducción literaria. A primeira, neste eido, foi a *Odisea* (240 a. de C.) feita por Livius Andronicus.

A maioría dos autores latinos crearon as súas primeiras obras traducindo ou imitando ós gregos. A miúdo, a traducción precede á creación literaria.

5. Os abundantes debates sobre a traducción no século XVI francés estarían en relación co mandato de Villers-Cotterets (1539) polo que o emprego da lingua francesa era obrigatorio mesmo nos actos xurídicos. Desta maneira, ó mesmo tempo que se impoñía a lingua vulgar tamén se protexía.

6. As primeiras traduccións de dez obras teatrais de Shakespeare propostas en Europa foron feitas en francés en plena Ilustración (1749). Estas traduccións ocuparon un lugar relevante na cultura europea tanto polo feito de seren lidas e comentadas pola elite como polo seu papel de intermediarios, xa que os mesmos textos traducidos en francés, á súa vez vertidos a outras linguas, permitiron a introducción do dramaturgo inglés noutras culturas.

A pesar da instauración en España, co século XVIII, da dinastía francesa de Borbón ata ben entrado o século, entre o pobo e aínda entre os escritores, a tradición máis profundamente vixente seguía sendo a do Século de Ouro. Non embargante, andando o século a noutrora gran potencia, España, imita a Francia nas súas formas de poder e cultura. Un dos primeiros actos da política cultural da nova dinastía, imitando o modelo francés, é en 1713 a fundación da Real Academia Española co lema "limpia, fija y da esplendor": enténdese á lingua española. Pouco a pouco a nación se ía contaminando con lecturas e traduccións francesas[7].

Coincidindo coa crise da narrativa española, incrementada durante o primeiro tercio do século XIX, unha forte ola de traduccións francesas foron introducidas en España. Esta época, unha das máis pobres (en obras creadas) da literatura española fará que os editores se lancen á empresa de publicar traduccións de novelas e outras obras estranxeiras de moi distinto valor literario. ¿Como interpretar estes feitos? A xulgar polo grao que se lle concedía ó francés poderiamos aplicar a reflexión feita por Gustave Lanson no ano 1917 onde asegura que o éxito dunha literatura estranxeira é signo de debilidade da literatura nacional.

O certo é que a penetración e a admiración do espírito francés, por unha parte, e do espírito revolucionario, por outra, resultou inevitable; a pesar de que todo o movemento filosófico que tomou corpo na literatura francesa quedara condenado pola Inquisición (1747-1807). Os españois con preocupacións intelectuais procuraron informarse non só sobre os novos pensamentos filosóficos en plena ebulición no país veciño senón tamén sobre os últimos adiantos científicos. Isto contribuíu á introducción e á aportación dun vocabulario técnico-científico que non posuía o español. A lingua francesa, máis rica e abundante, ofreceulle á española unha abundante terminoloxía acorde cos novos descubrimentos tecnolóxicos e científicos do momento. Participaron na creación deste vocabulario insignes filólogos coma Feijoo, Sarmiento, Terreros e Capmany.

O tardío florecemento da novela romántica no século XIX é un expoñente máis dos síntomas de retraso que viña sufrindo a literatura española. Nunha visión de conxunto, Alemaña[8] deu a pauta na teoría

7. Sobre o tema das traduccións francesas na cultura española pódese consultar o noso traballo titulado "La traducción, vehículo cultural" en *Revista de Estudios de Investigación Franco-Española* 10, Universidade de Córdoba, 1994, pp. 11-26.

8. O adxectivo "deutsch" ("alemán") ía unido á idea de escuro, fantástico, filosófico. A miúdo, sen ter lido as obras alemanas, eloxiábase a fantasía xermana, por exemplo no romance de Rivas *El sombrero*, ou a profundidade filosófica en *El estudiante de Salamanca* de Espronceda. *Vid.* Hoffmeister, Gerhart. *España y Alemania. Historia y documentación de sus relaciones literarias.* Gredos, Madrid, 1980 (versión española de Isidro Gómez Romero; título orixinal: *Spanien und Deutschland. Geschichte und Dokumentation der Literarischen Beziehungen.* Erich Schmidt Verlag, Berlín 1976).

do Romanticismo, pero a corrente romántica chegou a España a través dunha lingua mediadora, a francesa. O único alemán coñecido en España foi E.T.A. Hoffmann. Aínda que a primeira traducción ó español, *La lección de violín,* non apareceu ata 1837, xa foi coñecido por traduccións francesas desde 1830. No ano 1847 publícanse as súas *Obras completas,* traducidas por Cayetano Cortés seguindo como modelo unha versión francesa. O influxo dos contos fantásticos de Hoffmann estendeuse desde Bécquer (*Leyendas*) ata Zorrilla, pasando por Rosalía de Castro (*El caballero de las botas azules*).

Aínda que a súa aportación ó movemento do Romanticismo foi relevante —Alexandre Dumas, Chateaubriand, Eugenio Sue e Lamartine foron profundamente coñecidos e admirados por intelectuais galegos como Nicomedes Pastor Díaz (1811-1863)[9] e Ramón Otero Pedrayo (1888-1976)[10]—, Galicia permaneceu ausente do panorama da historia do romanticismo español ó non dispoñer, naquela época, dun centro difusor de creación literaria. E como di Francisco Fernández del Riego

> O símbolo humán do Romanticismo galego é o fondo amor ó país natal. Amor ó que nos é propio, individual, xenuino. Atal amor manifóstase na poesía, na direición da historia, no estudo da lingoa[11].

Co ánimo de dignificar a lingua galega, de demostrar que era capaz de adoptar rexistros literarios de calidade, a mediados do século, na revista *Nós*[12] primeiro e de maneira máis sistemática na revista *Grial,* comenzáronse a facer as primeiras traduccións de anacos de obras interesantes dunha maneira consciente, sabedores da súa repercusión.

As primeiras traduccións ó galego pois, coma sucedeu cunha boa parte da crítica literaria galega[13], desenvolvéronse tradicionalmente en revistas ou publicacións periódicas a miúdo de curta vida, pero dinamizadoras e vivificadoras da cultura e dunha riquísima información para o estudioso. Isto é atribuíble por unha parte á precariedade editorial que

9. Pastor Díaz traduciu en versos cataláns *Papillon et fleur* de Victor Hugo, autor profundamente coñecido por el.

10. O inmenso culto que Otero Pedrayo rendeu a Chateaubriand durante a súa vida —morreu cun tomo das *Mémoires d'Outre-Tombe* nas súas mans— abonda para mostrar a súa paixón romántica. Otero latía ó ritmo dos grandes do romanticismo francés. A lembranza de Lamartine brotaba a miúdo dos seus beizos e deleitábase recitando os seus versos.

11. Fernández del Riego, Francisco. *Galicia no espello.* Bos Aires, Ediciones Galicia, 1954, p. 206.

12. A revista *Nós* foi fundada polos homes nados entre 1880 e 1990 e que forman a primeira promoción dos Novecentistas ou Continuadores. Esta promoción é a de Castelao, Otero Pedrayo, Vicente Risco, Cuevillas, Villar Ponte. A mesma revista aglutinará tamén ós intelectuais coma Rafael Dieste, Viqueira, Filgueira Valverde, Montes, Blanco-Amor, Correa Calderón, etc. vencellados polo lema dunha Galicia europea.

13. Tarrío Varela, Anxo. *Literatura galega. Aportación a unha historia crítica.* Xerais, Vigo, 1994.

padeceu Galicia ata os anos 80 do noso século, decantada, á súa vez, da falta dun número de lectores suficiente e da ausencia da lingua e da literatura galegas no ensino ata a restauración da democracia en España.

Nun país coma Galicia onde a lingua se atopa nunha clara situación de dependencia verbo do español, a traducción posúe unha función normalizadora da que ninguén pode dubidar na actualidade. Pero, dado o papel relevante do mundo editorial nas letras galegas na década dos 80, temos que distinguir un antes en un despois desa consolidación. A organización da vida literaria galega antes dese período descansa sobre medios de comunicación que supoñen un sistema literario diferente ó que coñecemos a partir dos anos oitenta.

Entre outros fenómenos, a consolidación do mundo editorial galego a principios dos anos 80 proporciona unha eclosión das traduccións promovidas tamén desde ese marco de potenciación lingüística, aínda que non se desbotaba o aspecto da rendibilidade económica que máis tarde se demostraría que non o acompañaba.

Como é sabido, un período da historia literaria galega principalmente privilexiado no eido que tratamos, despois da xeración dos chamados Precursores, é o da xeración dos Novecentistas ou Continuadores que inclúe o Grupo Nós e outros intelectuais galegos como Rafael Dieste, Viqueira, Filgueira Valverde, Montes, Blanco-Amor, Correa Calderón, o xornalista Paz-Andrade, o economista Peña Novo ademais de Álvaro Cunqueiro, Iglesia Alvariño, Carballo Calero e poetas tales como Noriega Varela, Cabanillas, López Abente, Taibo, Manuel Antonio, Amado Carballo, Bouza-Brey, etc. Entroncados coa cultura do resto de Europa, un mesmo lema os vencella a todos: "Galicia europea".

Os compoñentes do Grupo Nós que emprincipia a xeira do chamado segundo renacemento optaron por beber na fonte da corrente europea, preferentemente na francesa[14], para elevar a lingua e a cultura galegas á altura e ó nivel do esplendor europeo. A maioría dos membros da Xeración Nós contaban nas súas bibliotecas obras orixinais de escritores franceses. Pero o coñecemento do francés ou doutras linguas —eran trilingües ou mesmo cuatrilingües— non impediu a creación e o desenvolvemento de boas traduccións[15].

14. Estes intelectuais galegos, nados a finais do século XIX ou principio do século XX, coincidiron na súa xuventude cunha época favorable na vida literaria francesa, xa que os anos 1920 marcan o cénit da importancia dada ós escritores por parte do país. Aínda que haxa outros motivos máis sólidos coma o do tema do nacionalismo ou do rexionalismo, esta situación favorece a influencia de escritores franceses nos homes da Xeración Nós. Os mestres da hora, aló polos anos 1920, eran Barrès, Bourget e Naurras, con votos para Stendhal, Flaubert, Mallarmé, Péguy, Anatole France, Claudel, Gide e Proust.

15. Isto mesmo sucedeu en Francia no século XVI e sobre todo no XVII; todos os homes cultos franceses coñecían algunha lingua estranxeira pero non por iso renunciaron a verter excelentes textos. Como o sinala o gran traductor francés Jacques Amyot (1513-

Ademais de textos filosóficos, versións da mellor literatura apareceron en galego. Podemos destacar a versión galega das *Églogas* de Virxilio realizada polo poeta Gómez Ledo publicadas no ano 1930 e as *Odas* de Horacio por Aquilino Iglesia Alvariño. Xesús Alonso Montero recolle numerosos textos latinos e gregos que Aquilino Iglesia Alvariño verteu ó galego nun traballo titulado: *Aquilino Iglesia Alvariño, traductor al gallego de textos latinos y griegos*, en Estudios clásicos (Madrid, C.S.I., 1962). Creacións de antigos clásicos como Homero, Teócrito, Anacreonte, Ovidio, Plauto están en galego. Pegadas destas traduccións non serían moi difíciles de atopar nas creacións dos propios poetas traductores coma Aquilino Iglesia, Chao Ledo ou Cabanillas, ademais doutros coma Díaz Castro[16].

Hai unha oferta en galego de moitas traduccións da mellor literatura dun nivel alto, mellor, en moitas ocasións, das que se viñan manexando noutras linguas. Álvaro Cunqueiro dános un exemplo cando menciona a superioridade da traducción galega da peza de teatro de Shakespeare, *A traxedia de Macbeth*, feita por Pérez Barreiro-Nolla:

> Unha rápida comparanza entre a traducción de Pérez Barreiro coa, ao castelán, dun Astrana Marín, dá sen máis, con clara evidencia, a superioridade da galega, aínda que *Macbeth, Hamlet, Lear*, por ser as derradeiras traduccións que fixo Astrana, son as súas mellores[17].

Pero tamén hai manifestacións de literaturas máis "exóticas" coma a oriental (*Cando as rocas somellan xade* de Lu Chi e traducida por Álvaro Cunqueiro), a ucraniana (o poema de Ivan Franko, *Cristo e a cruz*, ou *Solpor* de Taras Shevchenco traducidos ambos os dous por M. Fabeiro Gómez, probablemente do castelán) ou a literatura persa, sobre a que Francisco Fernández del Riego escribía xa no ano 1954 nos seguintes termos:

1572) —chamado "príncipe dos traductores" do século XVI— referíndose ás súas versións do grego Plutarco (*Vies des hommes illustres*, 1559; *Oeuvres morales*, 1572) o texto tradúcese unicamente coa intención de substituír o orixinal. Por iso a traducción resulta máis asequible que o texto orixinal ós lectores doutra cultura, incluídos aqueles que coñecen a lingua fonte. A obra de Jacques Amyot é quizais a única traducción considerada como equiparable ó orixinal ou a que o remplazara verdadeiramente, foi a que se escolleu para a edición das *Vies parallèles* na "Bibliothèque de la Pléiade" no ano 1959. En efecto, representa un excelente exemplo de naturalización dun texto estranxeiro, e pode servir de modelo de texto tratucido do tipo "dinámico", isto é, do texto que tende á integración na cultura da lingua meta.

16. En Francia, no seu día, as traduccións latinas en verso de Virxilio (*Les Georgiques*, 1770, *L'Enéide*, 1804) representaron non só a gloria do seu traductor Jacques Delille, (1783-1813), senón tamén a da traducción versificada. Delille converteuse ademais no principal branco dos poetas románticos.

17. Cunqueiro, Álvaro. "Shakespeare en galego" en *Obra en galego completa. Ensaios IV*. Ed. Galaxia, Vigo, 1991, pp. 378-379.

> Plácido Castro fixo unha escrupulosa versión de Omar Khayyam, a traveso do inglés na millor tradución que hoxe esiste. Seu labor haberá de se continuar dando a coñecer na nosa lingua, a obra de outros escritores persas: a coleición de léndas heroicas que Firdusi recolle en *O Libro do Rei*, e as finas narraciós de O *xardín das rosas*, de Saad[18].

Especial interese teñen versións galegas de autores que con anterioridade aínda non se deran a coñecer na lingua de Castela. Así podemos citar a *Escolma de poesía céltica*, de Julius Pokorny na traducción galega de Celestino F. de la Vega e Ramón Piñeiro desde o alemán, reeditada pola Editorial Galaxia na súa colección Dombate-poesía baixo o título *Cancioneiro da poesía céltica*. Segundo nota da Editorial Bibliófilos Gallegos do ano 1952, esta é a primeira versión a un idioma romance[19].

A primeira traducción que se fixo na península[20] do *Ulises (1922)* de James Joyce (1882-1941), aínda que era moi parcial, foi feita precisamente na revista *Nós* 32, 1926, pp. 3-11, baixo o título: "Ulysses. Anacos de soadisema novela de James Joyce, postos en Galego do texto inglés, por Ramón Otero Pedrayo". Otero traduciu eses fragmentos tres meses despois de que Vicente Risco mostrase tamén o seu interese polo escritor irlandés adicándolle boa parte do seu artigo "A moderna literatura irlandesa" aparecido na mesma revista *Nós* 28, 1926, pp. 2-5. As pasaxes traducidas por Otero Pedrayo coinciden en gran parte coas de Valéry Larbaud polo que se supón que teñen moito que ver na elección dos textos que o intelectual galego decide traducir[21].

O monólogo interior ou "stream of consciousness", método que aínda que inaugurado por Emile Dujardin na obra *Les lauriers sont coupés*, foi admirablemente desenvolvido por James Joyce no seu *Ulises* (1922), especialmente no último capítulo. Pola súa vontade de traducir nunha técnica "do punto de vista", a obra representa unha das xoias da novela moderna do século XX, xa que rompe cos elementos estructurantes que definen a novela anterior. Coa aparición do "stream of consciousness"[22] nos anos 20, o monopolio da terceira persoa narrativa que caracterizaba o século XIX desaparece.

18. Fernández del Riego, Francisco. *Galicia no espello*. Ed. Galicia, Bos Aires, 1954, p. 222.

19. Alonso Montero, Xesús e Ramos de Castro, E. *Cen anos de literatura galega. Catálogo da exposición bibliográfica*. 9-12-1963 - 19-12-1963. Sección de Publicacións del Círculo de las Artes de Lugo, 1965, p. 73.

20. As únicas traduccións que existían era a de Valéry Larbaud na revista *Commerce* en 1924 —e non na *Nouvelle Revue Française* no mes de abril do ano 1922 como se pensou nun principio— e a de Jorge Luís Borges, "El Ulises de Joyce" en *Proa* II, 6, no ano 1925.

21. Gran coñecedor das literaturas ibéricas, Valéry Larbaud xogou un papel importante para os homes do Grupo Nós. *Vid*. González-Millán, X. "Jame Joyce e a Xeración Nós" en *Grial* 101, pp. 29-44.

22. Obras importantes inscritas nesta mesma dirección moi coñecidas polos compoñenetes da Xeracións Nós en versións francesas son as de Virginia Woolf (1882-1941),

O aprecio da vida e da obra do enigmático J. Joyce non se deriva só do feito que anovara no xénero novelesco pois hoxe poucos son os escritores que non recoñezan a débeda co mestre irlandés.

Mariño resalta a importancia desta traducción reafirmando ós homes da Época Nós como intelectuais de vangarda, á altura da cultura europea do momento. Por iso é significativa a transcendencia da mesma xa que esta forma atopou eco nos homes que se moveron en torno a revista *Nós* e máis tarde nos escritores galegos da Nova Narrativa, considerados seguidores desta renovación.

Hai estudiosos que se preguntan por que Otero Pedrayo —figura representativa da modernización da prosa galega— fuxiu sempre do monólogo interior ou do "stream of consciousness", mesmo en *Arredor de si* (1930), onde a primeira persoa narrativa ofrecería moitas máis posibilidades ó personaxe para mostrar a súa propia visión. No monólogo interior os personaxes convértense en narradores da acción porque cada home ten a súa verdade; só aportarán a súa versión subxectiva da verdade e de aí a relatividade que invade todas as ideoloxías. Non embargante, Ramón Otero Pedrayo non puido quedar fóra da influencia de James Joyce e do seu monólogo. Pois a confesión de Adrián Solovio de *Arredor de si* aínda en terceira persoa é un monólogo "narrativizado " como diría Dorrit Cohn[23] e todo o que alí sucede desenvólvese na conciencia do protagonista[24]. Ademais Otero non renega totalmente do monólogo interior xa que, neste contexto en terceira persoa, aparecen insertados monólogos onde utiliza a primeira persoa. Coa súa técnica Otero Pedrayo revela que para el —como para outros partidarios desta teoría como Musil, Proust e Nathalie Sarraute— o discurso interior e os outros aspectos da vida mental deben ser claramente disociados.

A combinación dos dous estilos, monólogo narrativizado e monólogo citado, presenta os movementos da vida interior segundo unha orde determinada: forma un lazo entre a emoción muda por un lado e as palabras expresando esa emoción por outro. Otero Pedrayo soubo apro-

admiradora de Proust, (sobre todo en *Mrs. Dallaway 1925* e *To the lighthouse*) e William Faulkner 1897-1962) (en *The Sound and the Fury*, 1927). Os precursores do "nouveau roman" francés— na xeración seuinte e por conseguinte da nova narrativa galega atoparan de novo nestas obras pasto das súas lecturas.

23. *Vid.* Cohn, Dorrit. *La transparence intérieure. Modes de représentation de la vie psychique dans le roman.* Ed. Seuil, París, (col. Poétique), 1981 (traducido por Alain Bony do inglés: *Transparent minds*, Princeton University Press, Guildford, Surrey, 1978.

24. Isto lémbranos tamén a Des Esseintes, o protagonista de *A rebours* de Joris Karl Huysmans, título varias veces repetido por Otero Pedrayo así coma a expresión "a contrafío" porque Des Esseintes resúltalle ser o espécime máis decadente. Polo demais non é de estrañar xa que os fragmentos tan diversos coma discontinuos do monólogo de Des Esseintes mostran a primeira experiencia inconsciente do "stream of consciousness" literario que máis tarde introduciu con plena conciencia James Joyce.

veitar o valor do monólogo nestas condicións para demostrar a diferencia existente entre o discurso interior e a "linguaxe" do inconsciente.

Fra Vernero[25], novela-ensaio publicada no volume LXVIII da revista *Nós* (outono 1934) é outro expoñente máis onde Otero Pedrayo mostra pegadas da técnica do *Ulises*. Pois a evolución anímica de Zacarías, personaxe principal, sería imposible de comprender sen o monólogo interior. Curiosamente coma no caso da obra de James Joyce, é na última parte —concretamente no penúltimo capítulo, o VIII— onde o heroe comeza a falar consigo mesmo en longos monólogos. A novela revela así unha estructura moderna xa que non conta aventuras vistas senón "vividas" na imaxinación.

Flor de diversos, escolma de poetas traducidos por Álvaro Cunqueiro dános un breve reflexo da cultura que dominaba este autor e todos os intelectuais galegos da Xeración dos Novecentistas. Unha selección de poemas de autores alemáns, franceses, ingleses, italianos, suecos, cataláns, rusos e gregos entre outros foron dados a coñecer en lingua galega polo autor de *Merlín e familia*. Temos como meros exemplos: Friedrich Hölderlin[26], Heinrich Heine, Rainer Mª Rilke, George Grosz, George Heym e Paul Celan; franceses como François Villon, Gustave Nadaud, Charles Baudelaire, Paul Valéry, Charles Péguy, Guillaume Apollinaire, Jules Supervielle, Paul Éluard. As traduccións de Álvaro Cunqueiro cumpren, segundo Xesús González Gómez, dúas funcións: "unha de carácter, digamos, público" porque pretende informar ó lector dando a coñecer os poetas estranxeiros e "outra, de carácter privado ou [...] creativo". A maior parte dos poemas creados polo autor mindoniense mostran pegadas dos poetas e poemas traducidos:

> Gustave Nadaud, Bernat de Ventadorn, algún de Paul Éluard, Ungaretti e Montale, e todos aqueles que falan do ciclo artúrico ou que conteñen grandes doses de melancolía: a maior parte dos poemas traducidos ao noso idioma por Álvaro Cunqueiro[28].

25. Cardona, Angeles. "La literatura del s. XVIII a través de una novela gallega: *Fra Vernero* (Zacarías Werner) de Ramón Otero Pedrayo" en *Europa en España, España en Europa*, Simposio Internacional de Literatura Comparada, PPU, Barcelona, 1990, pp. 215-229.

26. Álvaro Cunqueiro avisa que traduce o alemán desde unha versión francesa de Klossowski. Segundo Mª Carme Pazos Balado, os poemas seleccionados do alemán Hölderlin foron as primerias traduccións que se coñecen de Álvaro Cunqueiro feitas ó galego: *Vid.* Pazos Balado, Mª Carme. "Álvaro Cunqueiro, traductor" en *Actas do Congreso Álvaro Cuqueiro*, (celebrado en Mondoñedo entre o 9-13 de setembro de 1991), Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1993, pp. 89-99.

27. Gónzalez Gómez, Xesús. "Introducción" a *Flor de diversos, escolma de poetas traducidos* por Álvaro Cunqueiro. Ed. Galaxia, Vigo, 1991, pp. 10-11.

28. González Gómez, Xesús. *Op. cit.*, p. 11.

Consciente de que a traducción hai que actualizala e que unha traducción nunca é definitiva[29], Álvaro Cunqueiro ofreceu varias versións dun mesmo poema. Grandes traductores profesionais como Charles Dobzynski chegaron a facer ata trinta versións dun mesmo soneto de Rilke (*Sonnets à Orphée*) antes de decantarse pola definitiva para publicala nun número da revista *Europe* adicado a Rilke. Pois para Charles Dobzynski a música é un dos aspectos máis importantes da poética de Rilke e a versión francesa tiña que poñelo de manifesto. El mesmo traduciu a Mickiewicz en metros de dezaseis sílabas no ano 1955. Un ano máis tarde Aragon utilizaba este verso —moi pouco utilizado na poesía—[30] en *Le Roman inachevé*. Aragon inspirábase moito nos poetas que ía descubrindo.

Obras de clásicos coma Dante, Petrarca, Oscar Wilde, Calvino, Molière, Luigi Pirandello, Jules Verne, Apollinaire, Alphonse Daudet, Albert Camus, Jean-Paul Sartre, Reiner María Rilke, Saint-Exupéry, Le Clézio, por poñermos uns exemplos, pódense ler arestora en galego. Estas obras de dimensión universal "prestixian o idioma no que son verquidas"[31].

Houbo moito libro infantil traducido[32]. Entraba dentro dos convenios entre editoriais para abaratar custos. Paralelamente a finais dos 80 e principios dos 90 o número de escritores de literatura xuvenil-infantil triplicouse.

Na actualidade a maioría dos escritores están moi condicionados polo destinatario e intentan gañar lectores facendo unha literatura de entretemento, de divertimento.

Isto mostra que a elección das obras a traducir vai condicionada pola demanda social; algo terá a literatura xuvenil para que se venda máis que outros xéneros. Obras coma *O mundo de Sophie,* que sendo inicialmente unha obra infantil, tivo e segue tendo un éxito enorme entre o público adulto. Pero son as menos. Moitas delas que na súa lingua de orixe non eran literatura xuvenil, pasaron a selo na lingua meta porque atopaban mellor acollida nese xénero. *Paulo e Virxinia*, de Bernardin de St. Pierre, publicada na colección Xabarín, nº14 de Xerais, non é máis que un exemplo.

29. A frase da *Vulgata* "noli me tangere" pronunciada por Xesús na súa aparición a María Magdalena, traducida por "no me toques" revela como se Xesús estivese rexeitando ou esquivando a muller, a carne. Co ánimo de actualizar a versión, agora traduce: "no me entretengas", co que se indicaría xa non ese temor á muller senón que, aínda que a aprecia, non pode quedar con ela sempre.

30. Son moi raros os poetas franceses que usaron este verso; atopámolo no Renacemento, na poesía de Jean Antoine de Baïf.

31. Lorenzana, Salvador. "O problema editorial en Galicia" en *Almanaque (1950-1975)*. Editorial Galaxia, Vigo, 1974, p. 172.

32. Os primeiros contos infantís que se publicaron en Galaxia eran traduccións, logo viñeron as creacións orixinais.

A seguinte reflexión de Nicole Dulin Bondue sobre a elección da obra pode ser válida para unha determinada época, á que precede os anos 80, pero xa non para a actualidade:

> La elección no depende de una demanda social ni de una política cultural o editorial, sino de las decisiones personales del traductor que suele ser poeta o escritor. Le guían sus lecturas más personales y el desafío que tal o cual estilo le proponen a su dominio y sentido del lenguaje[33].

O traductor de textos literarios, xeralmente non profesional pero si escritor cunha sólida formación cultural, traduce motivado por certas preocupacións persoais. Este é o caso non só dos homes da Xeración Nós senon tamén de Xosé Manuel Beiras Torrado que fixo as traduccións de obras de teatro coma *Non haberá guerra de Troia* de Giraudoux ou *Antígona* de Anouilh en colaboración con José Luís Franco Grande, a primeira, e con Xosé Luís Franco e Ramón Silva, a segunda. *Non haberá guerra de Troia* non foi publicada pero foi lida en Santiago de Compostela en marzo de 1960[34]. *Antígona* publicouse na revista *Grial* 23, (1969, pp. 37-77). A función destas traduccións, cun número de receptores moi restrinxido, coincide coa das obras orixinais: cuestionar problemas e expresar sentimentos do seu tempo. *Non haberá guerra de Troia* quere introducir ó lector na paz mostrando o absurdo da guerra, principal tema da peza teatral. *Antígona* é sobre todo unha obra chea de xuventude. A súa protagonista, unha moza e o seu tío Creón representan unha humanidade que vacila ó ver que todas as súas crenzas se derruban. Tres son os temas principais: a soidade, a infancia e o suicidio. Desde o principio Antígona choca contra a incomprensión e a hostilidade xeralizadas. Non é a nosa finalidade describir o significado destes textos vertidos ó galego, pero queremos mostrar con estas reflexións ata que punto os xoves traductores queren proxectarse a través dos personaxes traducidos para deixar entrever as súas preocupacións existencialistas e as dunha xeración de mozos universitarios de Santiago de Compostela dos anos 60 para os que ían destinadas as referidas versións.

O destinatario a quen vai dirixida a traducción é o elemento condicionante da función do texto traducido. A *Antígona* de Sófocles foi escrita para deixar á posteridade unha serie de grandes ideas como poden ser as relacións do home co destino ou a xustiza e a orde. Os traductores da *Antígona* do século XVIII dan a coñecer esas lendas ó lector da época. Non embargante, Anouilh utilizou o mito grego como *pretexto* para expoñer novas ideas.

33. Dulin Bondue, Nicole. *El granito y las luces II.* Ed. Xerais, Vigo, 1987, p. 648.

34. Alonso Montero, Xesús. *Op. cit.*, p. 74. Nicole Dulin Bondue di que foi estreada polo T.E.U. de Santiago de Compostela.

Hoxe en día, no ámbito galego escóllense os títulos para traducir seguindo sobre todo un criterio de prestixio e de comercialización. É necesaria a traducción doutras obras importantes de calquera xénero, de calquera lingua do mundo ó galego, pero é importante que se lea como literatura e non por cuestións de prestixio ou de comercialización. O sistema francés, por exemplo, non escolle os títulos polo prestixio senón por outros motivos.

No eido relixioso os crentes galegos sensibilizados coa nosa lingua reclamaron a urxencia de dispoñermos dunha Biblia[35] vertida ó galego. Era necesario tela para normalizar lingüisticamente o culto e supoñía ademais un banzo importante para demostrar que desde o galego temén se podía chegar a Deus.

As claves para a potenciación da traducción desde logo non poden estar nos criterios de eleccion de texto. Quizais nunha non de todo acadada normalización ou na ausencia dunha axeitada promoción.

Un elemento do campo literario constituído polas instancias de consagración, isto é os organismos, ou as persoas, que polas súas posicións no ámbito, poden orientar ou influír na lectura dos textos estranxeiros (traducidos). Podemos lembrar dúas desas instancias: os premios literarios, os programas escolares e universitarios.

De momento disque desaparece o premio Cabanillas que a Xunta de Galicia concedía á mellor traducción (Antón Santamarina, Darío Xoán Cabana ou Valentín Arias foron premiados). Isto vén representar unha regresión no eido da promoción das traducións cando noutros países, coma Francia por poñermos un só exemplo, nótase unha evolución importante que tende a recoñecer o papel dos textos estranxeiros con diferentes premios: *premio ó mellor libro estranxeiro*, Médicis estranxeiro (desde 1970), Fémina estranxeiro (primeira concesión 1985), o da "Association cultura Latina", etc.

Na actualidade, as traducións con criterio comercial son, insistimos, as que mellor funcionan coma as xa mencionadas colecciónS xuvenís-infantís. Conxugar calidade literaria e ó mesmo tempo comercialización sería un punto clave para promocionar a traducción que necesitamos no noso país. Pois, no só se contribuiría a "acadar o propósito de formar un núcreo de espritos galegos millor preparados e sobre todo, máis ambiciosos de categoría universal"[36] senón que contribuiría á normalización e ó enriquecemento da lingua galega. Pois a normalización é unha das funcións máis importantes da traducción no ámbito galego. Os grandes saberes da lingua como son os escritores, os poetas e os

35. O premio de Traducción 1990 foi concedido á traducción da Biblia ó galego desde as linguas orixinais. E vaiixa nunha segunda edición.

36. Fernández del Riego, Francisco. *Op. cit.*, p. 221.

traductores son os que —xunto coa complicidade do pobo, dos falantes— contribúen á creación do idioma. Pois como dicía o profesor e lingüista romanés E. Coseriu, unha lingua non se fai por decreto, non se pode impoñer. Unha lingua que non se traduce e que non traduce outros idiomas está condenada a morrer porque se lle agotan os elementos de supervivencia. Cada obra que se traduce[37], escribiu Ortega y Gasset, é unha viaxe a outras culturas, a outras civilizacións.

A. F. R.

37. Como representante de Galicia na XV Feira do Libro en París, Carlos Casares destacou o interese dos franceses polas literaturas nacionais. O feito de que xa se empezan a traducir as linguas de literaturas nacionais mostra o interese que se está a manifestar para coñecelas fóra de España: Manuel Rivas ou Suso de Toro xa se poden ler en francés. *Vid.*, "De Bilbao à Vigo" en *Magazine Littéraire* 330, marzo, 1995, pp. 38-39.

A cuestión educativa e sociocultural na emigración galega en América

Miguel Anxo Santos Rego

1. INTRODUCCIÓN

Tal vez non sexa en absoluto inoportuno principiar este traballo, que está animado por un tensionado axuste entre reflexión e acción no eido da emigración galega ós países americanos, cunha frase que serve a modo de premisa referencial na motivación de partida. Tal frase, que facemos nosa co permiso do historiador que tan certeiramente a pronunciara, afirma sinxelamente que "o fenómeno migratorio é o máis importante e condicionador da nosa historia contemporánea". Non é que se trate dunha sentencia extraordinaria, nin sequera se pode dicir que sexa moi orixinal na súa formulación, pero conta, sen embargo, cunha firmeza declaratoria e cunha carga de convicción respecto do noso ser colectivo no último século que merece, coidamos, ser rubricada sen máis.

O mesmo autor desas palabras, Sixirei Paredes[1], seguía dicindo que non existen moitos acontecementos do devir histórico recente de Galicia que estean á marxe do fenómeno e que case que todo o resto presenta relacións coa emigración. Así que tamén puidera ser perfectamente aplicable a nós os galegos algo que sinalaba hai pouco tempo unha profesora da Universidade de Lisboa, a doutora Maria Beatriz Rocha-Trindade, referíndose ós habitantes do país veciño: "quen queira coñecer Portugal e os portugueses non pode ignorar a realidade migratoria"[2].

1. Sixirei Paredes, C. "O papel histórico da emigración galega en América" en *Encrucillada* 75, vol. XV, nov.-dec. 1991, pp. 469-470. Consúltese, sobre todo, do mesmo autor, *A emigración*. Editorial Galaxia, Vigo, 1988.

2. Rocha-Trindade, M. B. *A emigração*. Centro de Estudios Judiciários (Ministerio da Justiça), Lisboa, 1986. Da mesma autora, "Portugal: the new framework of migration poli-

Este fenómeno da emigración non demanda só defensas vehementes ou apaixonantes informes sobre a radical importancia que acada como feito histórico nesta terra. Porque, á parte disto e aínda de xeito coplementario, —pola condición de fenómeno estructural persistente nun contexto de coordenadas sociais, económicas e culturais definidas—, foise convertendo, como ben se ten dito, desde a antropoloxía[3], nun elemento imprescindible do modo de vida da meirande parte das nosas familias, para a satisfacción das necesidades primarias, antes, e das secundarias, despois.

No eido netamente cultural non é posible deixar de lado un elemento de análise indiscutible polo seu alcance: unha inxente porción da creación e/ou producción asociada á nosa literatura, pintura, escultura e outras manifestacións artísticas pertence á chamada Galicia da diáspora, principalmente a unha pletórica relación de nomes propios espallados pola América de fala hispana, exemplificables nalgúns tan notorios como Castelao, Seoane, Blanco-Amor, Dieste, o mesmo Cabanillas ou outros tan singulares como Arturo Cuadrado, de longa e servicial traxectoria vital a prol da cultura galega en América.

Pois ben, a quen escribe bástalle isto para sentir e afirmar a necesidade de proxectos, accións, e iniciativas de variada índole que, alén de calquera celebración ritual, recollan, impregnen e alenten a sensibilidade cara ó coñecemento do que foi e segue a ser o denodado esforzo e loita dos galegos polo mundo adiante en xeral e polas Américas en particular. Tómome incluso a licencia doutro apunte a modo de posición de principio: defendamos entre todos, e sen vacilacións, o vencellamento Galicia-América, militando contra calquera tentativa dubidosa nese vieiro e que mesmo podería resultar suicida, a medio e longo prazo, para os intereses colectivos de Galicia.

Non quero avanzar máis sen reproducir aquí, pola relevancia do seu contido para pescudas como a que tiven a honra de comandar, unhas palabras entresacadas da preciosa lección inaugural do curso académico 1954-1955 na Universidade de Santiago de Compostela. Quen as pronunciara entón era nada máis e nada menos que don Ramón Otero Pedrayo, e o denso marco discursivo que as acollía leva como título "Vivencias, dolor y esperanzas de la emigración gallega". Son dous parágrafos que transcribo tal e como foron publicados daquela. O primeiro, coidamos, expresa un desexo e unha recomendación de indagación totalizadora no estudio do tema:

cies", traballo presentado ó Congreso Internacional sobre *Migration Trends in the 90's: Old Themes, New Issues*. Universidade Aberta, Lisboa, abril 1992, pp. 6-8.

3. Rodríguez Campos, X. "Análise antropolóxica da emgiración" en. *I Coloquio de Antropoloxía de Galicia*. Museo do Pobo Galego/Edicións do Castro, Santiago de Compostela, 1984, pp. 37-46.

> La emigración gallega es un proceso histórico, un proceso actual, de remotas y de superficiales motivaciones [...]. A veces se le olvida [...], otras aparece imperioso [...] Es demasiado humano y enlazado con las vitales y últimas raices del saber y existir de Galicia para mirarlo como algo tópico y cansado, o como un crónico error, o como necesaria y salvadora corriente de descarga y compensación [...]. Fluye de muy hondas fuentes, refleja varios cielos, no bastan a su explicación criterios económicos. A veces huye, se enmascara [...]. Ha sido en todo tiempo mal, parcialmente estudiada, la emigración gallega[4].

E o segundo, na mesma liña, intenta subliñar determinados indicadores de afrontamento na análise do problema, coa referencia expresa nesta oportunidade ó contexto do novo continente:

> Unos cuantos ejes de pensamiento serían necesarios a un estudio bien articulado de la emigración gallega en América [...]. No podemos afrontarlo sin suscitar algunas temáticas: el llamamiento de la ciudad, los rumbos y perfiles de vida, el "trivium" de las generaciones, las formas o las réplicas de la cultura[5].

2. SUXERENCIA DE MOTIVOS PARA UN ESTUDIO DOS PROBLEMAS EDUCATIVOS E SOCIOCULTURAIS DA EMIGRACIÓN GALEGA EN AMÉRICA

Calquera tipoloxía de motivos presentes na abordaxe de fenómenos sociais e humanos relevantes e significativos nun contexto determinado case sempre está vencellada a referentes intersubxectivos que permiten explicar dinámicas propias (asumindo diversas perspectivas de análise, non necesariamente opostas) na situación da que se trate, tentando abrir e/ou perfilar canles de coñecemento baseadas en criterios de oportunidade (social, académica, etc.). No estudio dos problemas da nosa emigración, resulta unha obviedade dicilo, xúntanse determinantes socioafectivos dunha grande impronta poboacional con necesidades de re-avaliación do fenómeno que puidera mellorar o proceso de toma de decisións desde instancias diferentes.

Precisamente por iso asumimos no noso traballo os seguintes e principais obxectivos:

a) Achegarnos, co meirande rigor posible, a unha cuestión como a migratoria, que destaca radicalmente entre os trazos que caracterizan desde hai séculos a vida do pobo galego.

4. Otero Pedrayo, R. "Vivencias, dolor y esperanzas de la emigración gallega". Universidad de Santiago de Compostela, 1955 (lección inaugural do curso académico 1954-55), p. 13.
5. *Ibidem*, p. 47.

b) Resaltar a relación, nunha coxuntura coma a que estamos a vivir, entre a construcción e o desenvolvemennto dos países americanos e os fluxos migratorios galegos, principalmente dos séculos XIX e XX.

c) Examinar esa relación a partir dunha focalización nos eixos humanos e sociais que caracterizaron e condicionaron a mesma relación ó longo do tempo e na actualidade.

d) Introducir unha perspectiva diferente na dinámica —quizais un tanto historicista— dos estudios e traballos sobre a emigración galega, facendo dos temas educativos e socioculturais que lles afectan hoxe en día foco principal de atención indagadora.

e) Presentar diante das administracións de goberno e da sociedade en xeral, un conxunto de estratexias de intervención posibles/factibles, a curto e medio prazo, que permitan avanzar na mellora dos trazos de identidade e das condicións de vida da poboación galega e da súa descendencia en América.

f) Intentar valorar/avaliar/estimar o papel das Sociedades/Centros/Colectividades galegas nos distintos países de América como axentes/vehículos de integración socio cultural dos nosos concidadáns naqueles contextos. Cunha metodoloxía propicia ó estudio de casos... que permita profundizar en elementos/variables sobresalientes pola súa contribución explicativa nun ou noutro senso.

3. PRETENDIDAS VANTAXES/VALORES ENGADIDOS

A primeira delas refírese, sen ningún xénero de dúbidas para os que traballamos neste entramado temático, á posibilidade dun futuro con trazos de identidade propios en América. Isto ten que ver sobre todo coa atención planificada que cabe prestar ás terceiras xeracións, baixo un prisma netamente educativo e cultural, sintetizando dese xeito todos os demais marcos ou dominios de análise. Permítome dicir aquí —e os datos dos que xa dispomos así o corroboran— que nesa atención e motivación vainos a todos algo tan esencial como a pervivencia seria e digna dos patróns culturais de Galicia por aquelas terras.

A segunda ten un referente máis conectado con apremios actuais das nosas xentes naquelas latitudes ultramarinas. Polo que o núcleo focalizador non pode ser outro que a situación das galegas e galegos con máis anos ás costas, que supón dicir o mesmo que "o continxente de galegos con máis necesidades vitais".

Sobre o particular, a ocasión amósase propicia para significar que a atención e dignificación das vellas e vellos galegos que viven moi precariamente hoxe en Iberoamérica resulta especial, e ata estratexica-

mente relevante, por canto ningunha política de acción galega no exterior terá credibilidade plena se non é capaz de controlar aqueles factores e determinantes que afectan —como é o caso das axudas económicas e dos programas socioeducativos— á vida que experimentan, por no dicir que sofren, nesta hora histórica centos e centos de galegos nos territorios de Arxentina, Cuba, Uruguay, Venezuela, e outros ben coñecidos.

Ademais, convén expresar unha convicción, tamén suficientemente reforzada no curso cualitativo (apreciablemente etnográfico) dos estudios que estamos a facer: esa acción/intervención pode redundar na mellora de expectativas e motivacións cara ó que representa Galicia nas novas xeracións destas nacións. Porque optimizará a nosa imaxe como país e, o que pode resultar mellor, estimulará probablemente unha disposición a conservar os propios trazos de identidade.

Do mesmo xeito, as accións derivadas poden supor un incentivo máis no necesario e improrrogable proceso de relevo xeracional na Galicia das Américas. Sen esquecer, por suposto, o que podería representar como vía/estratexia de achegamento ós centros/sociedades por parte dos vellos galegos que veñen amosando un baixo ou incluso nulo nivel de participación na colectividade.

4. NOTAS PARA UN ACHEGAMENTO ÁS COORDENADAS LEGAIS

É ben sabido que o Artigo 2 da Constitución Española recoñece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que integran o Estado, e que Galicia accedeu á súa autonomía pola vía que establece o Artigo 151 da Carta Magna.

A nosa Comunidade, ademais de asumir as competencias que para as Comunidades Autónomas se explicitan no Artigo 148 da Constitución, poderá asumir as competencias non atribuídas expresamente na mesma ó Estado, sempre que se recollan no seu Estatuto de Autonomía (Artigo 149.3 da Constitución), xunto con aquelas materias de competencia estatal que as Cortes Xerais transfiran ou deleguen (Artigo 150.1 e 2 da Constitución).

Pensamos, como xa expusemos non hai moito tempo[6], que é chegado o momento de lembrar algo que neste asunto non sería honrado deixar de lado. A emigración, de acordo co Artigo 149.1. 2º da Constitución, é competencia exclusiva do Estado. Polo tanto, á parte

6. Rodríguez, A., Peña, V. e Santos Rego, M. "Educación, cultura y emigración: pautas y criterios para una propuesta de intervención", traballo presentado ó *III Congreso Nacional de Teoría de la Educación*. Universidade Complutense, Madrid, 1991.

da posible delegación ou transferencia que de materias da súa competencia o Estado poida facer ás Comunidades Autónomas (Artigo 150 da máxima norma), a estas queda reservada simplemente a posibilidade de accións laterais e/ou complementarias na materia.

Seguindo o punto de vista dun xurista coñecido é doado recoñecer as razóns que levaron en 1978 a non complicar o recoñecemento das Autonomías co problema da capacidade das mesmas en materia de "política" exterior. A perspectiva é de González Encinar[7] e o beneplácito co que continúa examinándoa quen asina este traballo susténtase nas moi diversas facetas que presenta o tema migratorio e, conseguintemente, na minúscula relación que co ámbito internacional conteñen algunhas delas. Acéptese un exemplo tomado do mesmo especialista: se en materia de emigración o fin último desexable é o retorno dos emigrantes, e este depende sobre todo das posibilidades que para vivir e traballar na súa propia terra lles depare a política socioeconómica dos poderes públicos da Comunidade Autónoma, ¿ten algún senso afirmar que a emigración debe ser competencia exclusiva do Estado?[8]

Pero fixémonos axiña noutra óptica perfectamente enmarcable en dimensión parella e non menos importante para o propósito que animou o proxecto e aínda toda a pescuda. Valémonos agora da atinada argumentación esgrimida hai xa algúns anos polo profesor Brotóns, e que contén elementos interesantísimos baixo un prisma explicativo de por que son as cousas como son e non doutra maneira.

Di Brotóns[9] que unha Comunidade Autónoma está facultada para levar a cabo alén das fronteiras do Estado calquera actividade sobre materias que son da súa competencia, sempre e cando non pretenda deducir de aí un estatuto xurídico internacional (no terreo do dereito internacional público). Así, débese resaltar, continúa, que os autores de Estatutos e/ou proxectos de Estatutos de Autonomía introduciron nos textos a facultade de solicitude ó goberno da posibilidade de negociación de tratados sobre determinadas materias, xeneralizaron a previsión de consulta noutros e, os máis audaces, defenderon a presencia directa das Comuniddes Autónomas na negociación.

Téñase en conta, ó respecto, que no Proxecto de Estatuto de Galicia se afirmou que esta Comunidade Autonóma estaría axeitadamente representada nas Comisións do Estado que leven adiante negociacións con outros países ou organismos internacionais en materias do seu interese, particularmente de emigración, marítimo-pesqueiras, agrí-

7. González Encinar, J. J. "La emigración gallega, la Consitución y el Estatuto de Autonomía", en Cases Méndez, J. I. (ed.) *Emigración y Constitución.* Instituto Español de Emigración/Universidad Internacional Menéndez Pelayo, Madrid, 1983, pp. 349-363.

8. *Ibidem*, p. 354.

9. Remiro Brotóns, A. *La acción exterior del Estado.* Tecnos, Madrid, cap. 10, pp. 233-262.

colas..., e culturais (Artigo 30. 5 e 6). Por iso, observa o mesmo autor, o Estatuto de Galicia foi víctima dun "descoido", xa que logo a supresión da disposición do Proxecto sobre unha participación directa galega na negociación daquelas materias (entre elas, de xeito fundamental, a da cuestión migratoria), non foi compensada introducindo o dereito a recibir información (lagoa importante no que era un proxecto estatutario avanzado).

De todos xeitos, non esquezamos que o Artigo 150.2 da Constitución permite ó Estado transferir ou delegar nas Comunidades Autónomas, mediante lei orgánica, facultades correspondentes a materias de titularidade estatal que, pola súa propia natureza, sexan susceptibles de transferencia e delegacion.

Por outra parte, puidera dicirse —apunta novamente Remiro Brotóns[10]— que as relacións internacionais son precisamente unha das materias que quedan excluídas da posibilidade aberta polo Artigo 150.2 da Constitución. Pero cabe dubidar, remata textualmente, que esta cuestión se poida despexar cun "si" ou cun "non" taxantes dos amores adolescentes, sen atender ó obxecto concreto, caso por caso, desas relacións.

Con todo, aínda que con algunhas reservas, tampouco se pode dicir que a Comunidade Autónoma Galega non teña campo para poder levar a cabo unha intervención educativa e sociocultural nas comunidades galegas residentes fóra de Galicia. Existe unha potencialidade competencial que ten que seguir estudiándose e valorándose con rigor, e que ten que ir traducíndose —como xa se está empezando a facer— con firmeza en accións que marquen un rumbo dos feitos sostidos no tempo.

5. DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO INDAGADOR

No que atinxe ó estudio sobre a nosa realidade migratoria, partimos dun presuposto que nos parece esencial: estes proxectos deben recorrer a unha metodoloxía tanto de tipo cuantitativo como de tipo cualitativo, o que chama a deseño e elaboración de instrumentos para a avaliación de necesidades, a análise de expectativas, a constatación de demandas e o diagnóstico da problemática que nos eidos educativos, social, cultural, económico e profesional teñen planificada os cidadáns galegos no exterior e as súas familias.

Os obxectivos que consideramos mais salientables e substantivos nesta tarefa poden resumirse do seguinte xeito:

10. *Ibidem.*

1) Identificación e análise da fenomenoloxía e da problemática humana inherente ós movementos migratorios cara a América no século XX.

2) Coñecemento e análise da problemática educativa que afecta á poboación galega, ou descendente de galegos, asentada no continente americano.

3) Potenciación de novas vías de coñecemento dos problemas que no campo educativo, social, e técnico-profesional teñen planificados na actualidade os galegos en Ultramar.

4) O deseño de estratexias de intervención pedagóxica e sociocultural susceptibles de seren canalizadas e operativizadas desde as institucións e organismos da autonomía galega, coa finalidade de optimizar a promoción humana e de afianzar a identificación dos suxeitos emigrados cos patróns culturais do seu país de orixe e, así mesmo, de propiciar vías de reintegración na comunidade de partida.

Pensamos que o interese do que acabamos de referir está non só na mellora potencial das posibilidades educativas, sociais e culturais da poboación galega en América, senón tamén na oportunidade de acadar un coñecemento máis directo e, nesa medida, máis axustado á realidade na que se desenvolve a súa vida.

Nesta liña é na que temos deseñado unha investigación sobre a problemática educativa, social e cultural da emigración galega. O proxecto constou de dúas fases, que se desenvolveron de forma parella, coordinada e simultaneamente. A primeira delas, que foi iniciada con carácter previo, tiña como propósito recopilar un primeiro bloque de documentación relativa ó fenómeno migratorio galego en perspectiva histórica, socioantropolóxica, etc. sen perder de vista as consecuencias e implicacións dos mesmos fluxos en distintos aspectos da nosa vida colectiva.

Para a segunda, tomando en consideración a documentación acumulada e analizada, seleccionouse unha mostra significativa de países receptores da emigración galega e, dentro destes, os asentamentos máis destacados para realizar o estudio de campo. A continuación procedemos a elaborar os instrumentos e a preparar os guións para a realización de entrevistas semiestructuradas nos contextos obxecto de elección (Arxentina, Estados Unidos de América, República Oriental do Uruguay e Venezuela)[11].

11. Para unha análise de validez, en perspectiva etnográfica, das técnicas de entrevista neste campo *Vid.* Rodríguez, A., Santos Rego, M. e Peña, V. "La entrevista como técnica de indagación etnográfica en educación. Su aplicación al estudio de las colectividades gallegas en la América de hoy", traballo presentado ó *XI Seminario Interuniversitario de Teoría de la Educación* ("Metodologías de la Educación No Formal"). Universidade de Salamanca, decembro. Publicado en Núñez Cubero, L. (ed.) *Metodologías de la investigación en la educación no formal.* Preu-Spínola, Sevilla, 1992, pp. 87-196.

Posteriormente, membros do equipo investigador desprazáronse ós países seleccionados. O cometido non foi outro que o de intentar efectuar un diagnóstico *in situ* da problemática específica que na esfera educativa, social e cultural afecta ós colectivos galegos en América. Rematado o labor fíxose a correspondente análise e interpretación dos datos recabados no traballo de campo.

6. INSTRUMENTACIÓN E CATEGORIZACIÓN DE ITEMS

O estudio tivo dous sectores poboacionais claves no seu deseño e desenvolvemento operativo: as primeiras xeracións, ou sexa, as daqueles galegos que deixaron a terra hai décadas e que hoxe están nunha situación de xubilación ou retiro ("os nosos vellos en América", como coloquial e agarimosamente se lles chama ás veces); e, por outra banda, as denominadas, non sempre de maneira totalmente correcta "terceiras xeracións": as/os xoves descendentes (case sempre netos, sobre todo nos casos das repúblicas arxentina e uruguaia, dos galegos en América).

Ademais das moitas entrevistas en profundidade que se logrou facer na fase de traballo de campo desenvolvido nos seus mesmos marcos de vida cotiá, a indagación verbo da problemática inherente a ambos os dous sectores poboacionais artellouse mediante deseño e construcción de inquéritos pensados e adaptados en función das obvias diferencias e características dos suxeitos respondentes.

Imos reproducir telegraficamente cada un dos instrumentos elaborados. No caso dos xoves, o inquérito estivo composto por 79 items (de configuración aberta e pechada na súa posibilidade de resposta), agrupados en media ducia de categorías, precedidas por unha serie de preguntas sobre o perfil persoal dos entrevistados. As categorías rotuláronse como:

1. Estudios, profesión, traballo e ocio (15 items).
2. Datos familiares (5 items).
3. Presencia e coñecemento de Galicia no exterior (19 items).
4. Percepción e situación dos galegos en América (12 items).
5. Vivencia da galeguidade (14 items).
6. Relacións con Galicia e expectativas de retorno (10 items).

Cómpre dicir xa aquí que unha das bazas importantes no estudio coa xuventude centrouse, principalmente, en intentar comprobar se os xoves descendentes de galegos seguían mantendo viva a cultura dos seus ancestros, ou amosaban interese por profundizar no seu coñecemento. Porque se así fose non só se podería xustificar, senón que

resultaría imprescindible, a elaboración de programas de educación bicultural, e mesmo intercultural, dirixidos a realimentar a súa vivencia da galeguidade e asegurar a continuidade da cultura galega nos seus respectivos países[12].

No que atinxe ó inquérito especialmente deseñado para as xubiladas e xubilados galegos en América, estivo integrado por 43 items (tamén de configuración aberta e pechada na posibilidade de seren respondidos), e agrupados nas seguintes categorías:

1. Estudios, ocupacións e tempo libre.
2. Avaliación de axudas e/ou pensións recibidas.
3. Percepción e situación dos galegos xubilados en países americanos.
4. Valoración dos centros e/ou sociedades galegas.
5. Valoración de cuestións varias sobre educación e cultura na Galicia do exterior.

Pois ben, chegados a este punto, e tratando de non consumir máis espacio que o estrictamente necesario, imos presentar, de xeito preconclusivo, un pequeno feixe de datos e comentarios vencellados, tanto en xoves como en vellos, a temas de indubidable interese en relación coa finalidade lóxica do estudio.

7. A CUESTIÓN DA IDENTIDADE E O NEXO COA EDUCACIÓN BI- E/OU INTERCULTURAL

Das análises feitas despréndese que en todos os países obxecto de estudio existe un grupo, de diferente tamaño, de xoves descendentes de emigrantes galegos que cando menos manifestan curiosidade polo coñecemento da cultura dos seus ascendentes e, ó mesmo tempo, interese por participaren en actividades relacionadas coa cultura nalgunha das súas distintas manifestacións. Entendemos, xa que logo, que esta situación de saída posibilita e xustifica a elaboración e posta en marcha de programas de educación intercultural dirixidos a ese colectivo xuvenil.

Esta idea afiánzase nas respostas que os mesmos xoves dan a dúas preguntas do inquérito antes mencionado. Na primeira delas preguntábaselles se estarían dispostos a elixir como materias complementarias do seu curriculum académico disciplinas relativas á cultura galega. Globalmente, o 33% manifestou que o faría "con toda seguridade", e un 42% sinalou que "probablemente" se matricularía nelas, fronte a case

12. Santos Rego, M. A. (ed.). *Teoría y práctica de la educación intercultural.* Promociones Publicaciones Universitarias (PPU)/Universidade de Santiago de Compostela, 1994.

un 2% que "con toda seguridade" non o faría e un 23% que "tería que pensalo".

Noutra cuestión interrogábase ós xoves sobre se consideraban oportuna a creación de "colexios galegos" (ou sexa, institucións educativas claramente vencelladas á conservación, espallamento e reforzo dos trazos de identidade culturais) nos seus respectivos países. Afondando sobre o particular, a cuestión tiña que ver con centros escolares nos que tivesen a posibilidade de realizaren os seus estudios obrigatorios integrando elementos curriculares asociados á realidade e acervo cultural de Galicia. Debemos admitir que as respostas a esta cuestión non foron tan categóricas como as que corresponderon á pregunta anterior. Non embargante, aínda así, a diferencia entre os que manifestan que debería establecerse tal tipo de centros e os que se pronuncian de xeito contrario é moi notoria: o 63,3% fronte ó 8,3%.

Polo tanto, temos razóns para deducir que existe un considerable número de xoves americanos descendentes de emigrantes galegos que estarían favorablemente predispostos cara a unha dinámica de educación bi/intercultural que lles permitise formarse na cultura do seu país e, ó mesmo tempo, na cultura dos seus antepasados.

Neste senso, pensamos que calquera análise, con pretensión de rigorosidade e de exhaustividade temática, debería incluír a conclusión de que o futuro pasa, non só, pero tamén, por un amplo programa educativo intercultural dirixido a complementar, nuns casos, e a arranxar noutros, as lagoas detectadas, co obxecto de que os xoves poidan seguir identificando e recoñecendo o acervo cultural que lles é común. Non podemos esquecer que en toda sociedade plural a educación ten como unha das súas finalidades a de afirmar e apoiar os alumnos para que comprendan non só a cultura comunitaria do país onde naceron ou viven, senón tamén a cultura de orixe dos seus antepasados, o que, como moi ben apuntou recentemente un recoñecido experto[13], favorecería a "liberación" das súas propias limitacións culturais.

Imos tomar a licencia de insistir en tan relevante cuestión. En efecto, especial importancia estratéxica, como así o entenderon axiña outras comunidades de emigrantes, é a que teñen as institucións educativas, chámense colexios ou escolas rotuladas segundo sinais nacionais, que fan da conservación, estudio e desenvolvemento da identidade desas xentes o seu principal obxectivo, e mesmo a súa razón de existencia.

Pero, velaí o histórico paradoxo, aguillón de non poucas lembranzas críticas cara á colectividade galega ultramarina: apóstolos e banqueiros da creación de ducias de escolas nos albores do século na

13. Banks, J. A. "Multicultural education: issues and perspectives" en *Educational Leadership* 49, 4, 1992, pp. 32-36.

terra que deixaron[14], non souberon, ou non quixeron, decatarse da parella necesidade de centros educativos propios na terra que os acolleu, en moitos casos, para sempre.

Concentrados como estaban na cobertura e superación de crónicos déficits económicos e sociosanitarios, exitosamente catalizados a través de moitos centros e sociedades, esqueceron grandemente na súa dinámica societaria un pulo educativo-cultural con marca e medios propios, que servise á permanente e transcendental proxección xeracional dunha identidade (que teimudamente algúns trataban incluso de esnaquizar) e duns atávicos anceios, existentes na profundidade dos seus seres, de orgullo e dignidade individual e colectiva. O acontecido, para infortunio desta variable cohesionadora, é sobradamente coñecido: a simple e maioritaria asimilación cultural dos fillos e netos executada —como é de lei histórica— polos sistemas de escolarización nos que se viron inmersos.

Aínda que pareza algo tarde para compensar tamaña mágoa na historia da colectividade galega no exterior (sobre todo en terras americanas), segue sendo unha misión con sentido e visión de futuro. Precisamente por iso, e dado o coñecemeto que hoxe temos da teoría e a práctica da educación multi/intercultural, calquera tentativa nesa dirección debe ser estudiada co meirande rigor, en función das claves que informan un proxecto educativo singular ó abeiro da positiva interrelación entre culturas, pero que se ten que desenvolver dentro de espacios nacionais non uniformes pola súa configuración histórica, económica e social.

O funcionamento dun centro educativo "galego" no país que sexa non pode esquecer desde logo as peculiaridades do sistema educativo no que se ten que mover, pero, ó mesmo tempo, ten que ser un instrumento ó servicio do progresivo desenvolvemento dunha conciencia, explicitada no xeito de afirmar unha educación en valores e de fornecer o coñecemento e cultivo daquilo que fai da nosa cultura algo inconfundible e único. Igualmente, esta conformación da conciencia (afastada de todo adoctrinamento) dunha identidade, case sempre bi-cultural, debe ter presente a realidade multicultural existente en moitas desas nacións nas que se poidan pensar proxectos educativos desta natureza. Como dixo con grande acerto Gairin Sallán[15], un centro que aposta polo intercultural

14. Peña Saavedra, V. *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar. La impronta educativa de la emigración transoceánica en Galicia* (2 vols.). Xunta de Galicia, Secretaría Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas, Santiago de Compostela, 1991.

15. Gairin Sallán, J. "Diseños organizativos que facilitan la impartición por los establecimentos educativos de programas de educación intercultural" en S.E.P. *Educación intercultural en la perspectiva de la Europa unida* (vol. 1) X Congreso Nacional de Pedagogía, Eds. Deputación de Salamanca, 1992, pp. 283-303.

mantén unha apertura ás realidades máis amplas que as do centro, o que esixe a posta en funcionamento de novos valores e o respecto a outras realidades aínda que non estean presentes na vida institucional.

Con todo, o reto fundamental dun establecemento escolar pensado segundo tales premisas radica no deseño curricular, congruente coa filosofía educativa (ideario) intercultural e peza básica do obrigado proxecto educativo de centro[16]. O primeiro a ter en conta, xa que logo, é que o proxecto curricular considere os fins inequívocos da educación multi/intercultural (igualdade de oportunidades, competencia bicultural...) dando lugar a un conxunto de metas, estratexias, actividades, materiais, etc., susceptibles de operativización.

O papel da lingua é absolutamente crucial no desenvolvemento de competencias culturais xa que é un elemento decisivo no labor de "ponte" entre dúas culturas. Neste senso, Hoffman[17] sinala que a lingua, aínda que xoga un papel no mantemento da identidade cultural e na expresión das actitudes dos membros dunha cultura cara á cultura principal, ten como función máis importante facilitar un marco inter(bi)cultural de referencia no cal os significados e valores concretos da cultura principal fosen incorporados (traducidos) á cosmovisión da cultura minoritaria.

Agora ben, aproveitar a cultura familiar do alumno pode concibirse como unha estratexia instructiva sólida[18]. Por exemplo, os mestres pódenlles pedir que falen ou escriban acerca das súas historias persoais e países de orixe, así como levar periódicos, libros ou folletos escritos en galego para o seu exame e discusión nas aulas, mobilizando todo tipo de dinámicas interactivas que favorezan empatías cognitivo-culturais e mesmo cambios actitudinais nos discentes con marcos de referencia diferenciados na súa orixe étnica e sociocultural. Nesa dirección, é de sobra coñecida a efectividade, pola bondade pedagóxica-motivacional asociada, das técnicas de aprendizaxe cooperativa ben deseñadas e convenientemente dosificadas, onde cómpre ter en conta estratexias de "titoría entre iguais" no estudio dos estudiantes[19].

16. Jordán Sierra, J. A. "Educacion multicultural. Conceptos y problemáica" en Fermoso, P. (ed.) *Educación intercultural. La Europea sin fronteras.* Narcea, Madrid, 1993, pp. 14-34. Rosales, C. "El reto de la educación intercultural en la construcción del curriculum" en Santos Rego, M. A. (ed.) *Teoría y práctica de la educación intercultural.* P.P.U./Universidade de Santiago de Compostela, 1994, pp. 43-67.

17. Hoffman, D. M. "Language and culture acquisition among iranians in the United States" en *Anthropology and Education Quarterly,* vol. XX, 2, 1989, tomado de García, F. J. e Pulido, R. A. "Educación multicultural y antropología de la educación" en Fermosa, P. (ed.) *Educación intercultural. La Europa sin fronteras.* Narcea. Madrid, 1992, p. 44.

18. Stewart, D. W. *Immigration and education. The crisis and the opportunities.* Lexington Books, Nova York, 1993.

19. Santos Rego, M. A. "Estructuras de aprendizaje y métodos cooperativos en educación" en *Revista Española de Pedagogía* 185, 1990, pp. 53-78. Santos Rego, M. A. *Op. cit,*

O beneficio radica no mellor artellamento de aprendizaxes autorreguladas, intercambiando, a través dunha linguaxe común, esquemas de comprensión da realidade que propician a búsqueda compartida de éxitos escolares e afortalan lazos de convivencia dentro e fóra dos centros educativos. En poucas palabras, unha das claves pasa pola introducción nos espacios instructivos (formais e non formais) de estructuras de aprendizaxe colaborativa que vaian poñendo de manifesto o seu gran valor engadido neste terreo, que non é outro que o de configurar unha pedagoxía para a capacitación (*empowerment pedagogy*) (bi)intercultural.

Por outra banda, a modo de elemento central, o curriculum ten que estar guiado pola comprensividade ou, se se prefire, globalidade. Quérese dicir que debe afectar toda a actividade escolar, integrando (transversalmente) materias non formalizadas na tradición académica pero de indubidable relevancia para unha aprendizaxe significativa e vitalmente útil (educación vial, educación ambiental, educación para o consumo, para a igualdade entre os sexos, para a paz, etc.). Tampouco abonda co coidado dalgunhas variables (os materiais, poñamos por caso) se se descoidan outras, como pode ser un profesorado, e outros profesionais de apoio (servicios de orientación educativa) competentes desde unha perspectiva bi/intercultural, ou a previsión doutros importantes compoñentes (bibliotecas, material audiovisual apropiado, etc.).

E se nos referimos concretamente ó profesorado, ¿que dúbida cabe da necesidade dun modelo de selección e formación en consonancia cos máis preclaros propósitos destes centros? Coidamos que unha estructura orientativa preto da proposta por Gay[20] sería beneficiosa, xa que abrangue catro puntos programáticos de notorio alcance: competencia cognitiva no tema específico, coñecemento e compromiso respecto dunha filosofía educativa intercultural (actitudes positivas no que atinxe á diversidade cultural), coñecemento das culturas en contacto —incluíndo os seus valores centrais, os modos típicos de socialización e os peculiares estilos de aprendizaxe resultantes—, e por último, competencia pedagóxica, co que se quere significar o dominio de estratexias para unha intervención exitosa e de calidade neste tipo de contextos.

Pode que estas referencias abonden por agora para defender unha acción de carácter institucional, apoiando e participando na elaboración de programas de educación intercultural, sen deixar de abranguer na súa atención (e máis nestes intres de grandes reformas nos sistemas

1994. Sharan, S. (ed.): *Handbook of cooperative learning methods*. Greenwood Press, Westport, Connecticut, USA, 1994. Slavin, R. E. "Synthesis of research on cooperative learning" en *Educational Leadership* 48, 5, 1991, pp. 71-82.

20 Gay, G. "Multicultural teacher education" en Banks, J. A. e Lynch, J. *Multicultural education in western societies*. Holt, Rinehart and Winston, Londres, 1986, pp. 154-177.

educativos) o deseño de novos curricula, de materiais didácticos e de recursos educativos en xeral, inscribindo a realidade galega nos contextos español e europeo a fin de lograr unha meirande aproximación entre sistemas.

Tampouco é desatinado pensar (como teñen recomendado importantes organismos internacionais) na estructuración de planos de formación profesional para a emigración, tendo en conta as variables que afectan á desexable reincorporación dos emigrantes ó mercado de traballo en Galicia, segundo zonas e sectores de producción. Isto debería ir xunguido ó planeamento e desenvolvemento de campañas que inclúan temas de relevancia educativa e socioprofesional en sintonía cos novos fluxos do mercado europeo.

Digamos, complementariamente, que unha das modalidades para intentar levar adiante programas educativos interculturais neste eido da intervención pedagóxica sería establecer un sistema de educación a distancia, modalidade que tivemos ocasión de explicar e defender no marco do III Consello de Comunidades Galegas celebrado na illa da Toxa, e da que se facía eco tamén algún dos traballos alí defendidos[21]. Tal sistema, ademais de servir de vehículo expansivo da cultura galega e do coñecemento de Galicia, e de fornecer o contacto coa mesma dos galegos do exterior, puidera transmitir unha serie de contidos e formar en distintas habilidades e destrezas, favorecendo o seu acceso ás titulacións e credenciais que se outorgan en Galicia nas mesmas condicións básicas que os galegos do interior. É obvio que esta canle abriría posibilidades de promoción da cultura de Galicia máis alá das propias comunidades galegas.

8. CONCLUSIÓN PARCIAL SOBRE AS ACCIÓNS EN FAVOR DOS GALEGOS DA TERCEIRA IDADE EN AMÉRICA

Baseándonos nos datos extraídos do traballo realizado estamos en condicións de facer algunhas afirmacións a modo de avaliación/exploración de necesidades evidenciadas nos contextos de referencia vital.

É preciso, pensamos, ampliar e profundizar no plano/programa de axuda directa ós galegos retornados, coidando especialmente a reintegración humana e social.

21. Santos Rego, M. A., Peña, V. e Rodríguez, A. "Emigración, educación e xuventude: percepción da galeguidade e expectativas dos descendentes de galegos en América" en V.V. A.A. *III Consello de Comunidades Galegas.* Xunta de Galicia (Presidencia), Secretaría Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas (Revista *Alén*, Ano 2, Núm. 15, 1991, pp. 55-88). Rincón, A., Rosas, A. e Rey, J. D. "Acción de política lingüística, educativa e cultural" en *Alén 15*, Ano 2, 1991, pp. 43-48.

Na mesma liña, permitímonos reclamar a atención explícita cara ós problemas máis graves dos vellos galegos da emigración que retornaron, ou están en vías de facelo, no plano galego de xerontoloxía (que non debería esquecer a consideración de medidas e programas de acción conxuntas entre os diversos departamentos do goberno autónomo, entre estes e os poderes locais, etc.), e asumindo a mesma dinámica de intervención baixo unha concepción máis educacional e cultural, ademais de sanitaria. É preciso ter presentes as novas canles e medios de animar, participativamente, a vida nesta etapa da existencia, tanto nos países de acollida e mesmo en Galicia (coidamos igualmente que se necesitan non só máis programas, senón tamén a avaliación dos mesmos, de tal maneira que sexa posible contar cunha retroalimentación suficiente que permita mellorar os cursos de acción, sexan estes de terapia ocupacional, de creación artística, de extensión cultural e intercambio, ou de calquera outra índole).

Por outra banda, aínda que os tempos non son doados, é necesario ampliar (reforzando a imprescindible colaboración institucional) o plano de axudas para a "terceira idade" en países cunha situación económica absolutamente depauperada. Axilizando a superación da concepción ou do enfoque que guiou a elaboración da lei de pensións non contributivas[22], que verdadeiramente prexudica, e moito, a milleiros de galegos necesitados residentes en Latinoamérica.

Alén destas e outras apreciacións, pensamos que o verdadeiramente importante é o recoñecemento das virtualidades que acompañan a un enfoque pedagóxico e sociocultural na política de intervención e/ou axuda ós nosos emigrantes de máis idade en América (ó abeiro da competencia exclusiva que sobre Asistencia Social ten recoñecida Galicia no seu Estatuto de Autonomía: Título 2º, Capítulo I, Artigo 27, Apartado 23). Nese camiño pódese contar, como demostra a traxectoria xa emprendida nalgúns ámbitos, coa situación e posibilidades que ofrecen algúns centros e sociedades galegas, aqueles que fan de auténticos catalizadores na vida da colectividade. O seu papel non debe ser outro que o de servir de base e plataforma de acción e dinamización dun esforzo compartido entre a Galicia interior e a Galicia exterior.

M. A. S. R.

22. Para unha síntese do impacto sobre a emigración da Lei 26/1990, de 20 de decembro, pola que se establecen na Seguridade Social prestacións non contributivas, *Vid.* González Torres, M. (coord.) *A emigración galega.* Xunta de Galicia, Consellería de Traballo e Servicios Sociais, Santiago de Compostela, 1992.

De Walesa a Kwasniewski: unha nova vía para Polonia

Xulio Ríos

O pasado 23 de decembro de 1995, Aleksander Kwasniewski, líder da Socialdemocracia da República de Polonia, formación política sucesora do vello POUP (Partido Obreiro Unificado de Polonia), tomaba posesión do seu cargo como Presidente deste país centroeuropeo. Maioritariamente, os electores polacos votaran pola súa candidatura, nunha reñida pugna co histórico ex-líder sindical e predecesor no Pazo de Belvedere, Lech Walesa. Culmina así un fin de ciclo que xa tivera un primeiro adianto nas eleccións lexislativas. En setembro de 1993 as forzas políticas vinculadas ó movemento Solidarnosc, sucesivamente gobernantes desde 1989, obtiveran unha severa derrota, só comparable á recibida polo POUP e os seus aliados nos primeiros comicios semidemocráticas que impulsarían o período de transición. Deste xeito, pode dicirse que a traxectoria iniciada en 1980 chegou á súa fin.

1. CONTEXTUALIZACIÓN DA TRANSICIÓN POLACA

Polonia tivo unha importancia clave e fundamental nos procesos de transformación dos países do Leste europeo. Foi en Varsovia onde comezou o auténtico vendaval que asolou as "democracias populares" do Leste. Nas eleccións do 4 de xuño de 1989, é dicir, case medio ano antes da apertura do muro de Berlín, os polacos proporcionaban un folgado triunfo á oposición ó gobernante POUP e os seus aliados (Partido Agrario Polaco e Partido Democrático). Solidarnosc conseguía a práctica totalidade dos representantes de libre elección: na primeira volta acadaba 160 dos 161 deputados elixibles, e 92 senadores sobre un total de 100.

O acordo de transición asinado na denominada "mesa redonda" que reunía a representantes gobernamentais e da oposición, establecía unha reserva dun 65% dos escanos da Dieta para o POUP e os seus aliados. Só esta cláusula puido evitar o descalabro absoluto. A contundencia do voto popular expresaba o indisimulable descrédito do réxime. Malia as resistencias iniciais, o Xefe do Estado, xeneral Wojciech Jaruzelski, previa intervención do propio Gorbachov, non tivo máis remedio que ceder o goberno a un democristián. Tadeusz Mazowiecki converteríase no primeiro ministro anticomunista dun país do Pacto de Varsovia. A quebra do sistema chegaba así ás propias estructuras do poder oficial[1].

Polonia foi a pioneira da *glasnost*. En 1980, as rebelións masivas dos obreiros de Gdansk, Gdynia e tantos outros lugares do país, amosaban con toda nitidez a ineficacia e falsidade do socialismo de Estado. Houbo algunhas crises con anterioridade (1956, 1968, 1970, 1976) pero endexamais como aquela, tan maioritaria e tan continuada. Pola súa amplitude e profundidade, o réxime non foi quen de superala recorrendo ós usos comúns, a vella historia de recoñecemento dos "erros" e a subseguinte culpabilización de dirixentes que rapidamente eran substituídos. Tamén as reivindicacións populares resultaban máis difíciles de integrar na ortodoxia oficial: autoorganización obreira, autoxestión empresarial, liberdades públicas. Alén de cuestións simbólicas, da heteroxeneidade mesma do movemento e da interesada influencia externa (Vaticano, CIA, etc.), a Solidarnosc de 1980 representaba un movemento de rexeneración progresista do réxime polaco. Democratizar o réxime, maior protagonismo da sociedade civil, eran tamén as aspiracións máis rupturistas e avanzadas que naquel contexto internacional adquirían dimensións verdadeiramente galácticas.

A compoñente clasista daquel movemento e o feito da súa autoorganización á marxe das canles oficiais, constituía unha mostra de desconfianza e rexeitamento do réxime dun calado tan fondo que conseguía deslexitimalo enteiramente ante a opinión pública interna e internacional. O POUP era a vangarda da clase obreira; o poder estaba ó servicio desta; as políticas do réxime orientábanse á mellor defensa dos seus intereses e, sen embargo, a pesar de todo iso, os traballadores polacos non se sentían representados, acusaban de cinismo e hipocrisía ós xestores do sistema e urxían maior participación e control.

Nun momento posterior, a experiencia normalizadora e o seu fracaso final (resultado negativo do referendo de novembro de 1987 e o rexurdir do movemento folguista durante o verán de 1988) foron, sen dúbida,

1. Unha visión global da transición polaca ata finais de 1990 pode atoparse no meu libro *A conversión de Polonia*. Edicións do Cumio, 1991. Tamén en Mink, Georges. *La force ou la raison*. La Découverte, 1989. Ou en Michnik, Adam. *La deuxième révolution*. La Découverte, 1990.

atentamente analizados e observados pola *perestroika* de Gorbachov, para explorar as posibilidades dun cambio político impulsado desde o propio réxime. O líder soviético comprendía naquela altura que o problema do colapso económico e sociopolítico non era exclusivo de Polonia; afectaba, nunha ou noutra medida, a todas as construcións sistémicas do bloque. Entre finais de 1989 e 1990, xeneralizaríase por toda a Europa do Leste a concepción da "mesa redonda" como fórmula para establecer os lindeiros dun compromiso entre o poder e a oposición que asegurase un abandono pacífico e ordenado da vella orde.

Sen embargo, Polonia sempre conservaría as súas especificidades. En primeiro lugar, o enorme papel desempeñado pola Igrexa Católica, tradicionalmente moi influente neste país e comprometida a fondo coa oposición política e social das últimas décadas. En segundo lugar, o dinamismo opositor da clase traballadora que intenta e consegue un salto cualitativo na súa organización a partir de 1980, constituíndose nunha oposición o suficientemente cualificada como para ser incluso alternativa de poder. En terceiro lugar, a profundidade da crise económica, determinante en primeira instancia da crise sociopolítica posterior.

Un terceiro elemento, igualmente revelador da importancia de Polonia no conxunto dos procesos de transformación dos países do Leste europeo, é o referido ó modelo elixido para realizar a transición á economía de mercado, a chamada "terapia de shock", impulsada por un grupo de economistas vencellado á Escola de Chicago e ó FMI; e que tivo como cabeza visible o asesor estadounidense Jeffrey Sachs. Con pequenas variacións, este modelo sería imitado tamén por outros países da zona tan significativos como a propia Rusia a partir de 1992.

2. A EVOLUCIÓN ECONÓMICA: A TERAPIA DE SHOCK

Cando en 1989 os polacos se pronunciaron maioritariamente a favor da oposición, estaban asegurando tamén a incapacidade dos vellos dirixentes para normalizar a situación económica. Desde que en 1981 o xeneral W. Jaruzelski impuxo a lei marcial, a economía mantívose en situación de crise, agravándose progresivamente. Unha inflación do 840%, 7,4% do PNB de déficit presupostario, unha reducción da produción industrial do 3,4% e unha débeda externa de 40.000 millóns de dólares e 6.500 millóns de rublos, evidenciaban ás claras o colapso do modelo. Pero a resolución dese estado de quebra mediante a búsqueda da homologación cos sistemas económicos dos países máis desenvolvidos impulsando a un tempo o saneamento e a transformación das estructuras, non podía ser cousa doada.

A terapia de shock impulsada por Leszek Balcerowicz, un economista membro do POUP que abandonara o Partido a consecuencia do

golpe de 1981, contiña dous baseamentos principais: unha transición dolorosa pero rápida e un amplo apoio da Igrexa, da maioría de Solidarnosc e de Occidente. O cambio había ser radical e non podía ser lento. A pesar de que a nova orde económica estaba composta de elevacións de prezos (eliminación das colas), forte devaluación do zloty, a moeda nacional, control dos incrementos salariais, supresión das restriccións ás importacións, reducción dos gastos sociais e das subvencións, etc., o certo é que contaban cunha abrumadora maioría social que apoiaba o seu proxecto e estaba disposta a asumir os custos necesarios. Agardábase, outra vez, o luminoso futuro. J. Sachs aseguraba naquel outono de 1989 que, en seis meses, a simple acción do mercado estabilizaría por si mesmo o conxunto da economía[2].

Inicialmente, nunha perspectiva macroeconómica, pode dicirse que o plan Balcerowicz producía os resultados agardados. As grandes variables sometíanse a control. A pesar de suspender o pago da débeda, o Banco Mundial e o FMI concedían a Polonia unha axuda de 2.500 millóns de dólares e o Clube de París accedía a perdoar o 50% da débeda exterior convertible se reanudaba o pago dos intereses e se mantiña o plan Balcerowicz para 1991. O balance, sen embargo, debe ser máis matizado. Conseguiuse efectivamente unha notoria rebaixa da inflación (aínda que se agardaba unha reducción maior), elevouse a producción e o emprego no sector privado, houbo avances na pequena privatización e mesmo unha relativa mellora da situación financeira.

Pero os efectos negativos tamén se deixaron sentir. En primeiro lugar, o desemprego, que de ser case inexistente pasou ó 6,1% en 1990 e 11,5% en 1991; a baixa no PNB foi do 11,6% en 1990 e do 8% en 1991; a caída da producción foi en 1990 do 24,2% e do 11,9% en 1991. A rendibilidade das empresas do sector público caeu en picado. A comezos de febreiro de 1991, 8.400 empresas (o 40%) estaban en números vermellos. Cidades enteiras como Lodz ou Katowice foron á ruína. Vista desde dentro, a magnitude da recesión era incrible. Pero no exterior a experiencia valorábase tan positivamente que a propia OCDE se atrevía a asegurar que a "historia económica proporciona poucos exemplos de tantas cousas conseguidas en tan pouco tempo". A combinación de escándalos, paro, déficit presupostario e rebelión agraria, a aparición de desigualdades sangrantes, fixeron politicamente insoportable a continuidade do plan de Balcerowicz. En dous anos e medio este pasou de ser proposto para o premio Nobel de Economía a ser

2. Para unha comprensión dos cambios económicos, *vid.* Maraver, Agustín. "Polonia, los límites del neoliberalismo" en *Cuadernos del Este* 8, 1993. Tamén "La Pologne" en *L'Observateur de l'OCDE* 177, agosto/setembro, 1992. Igualmente "Pologne, la transition achevée?" en *La lettre du CEPIII* 122, marzo de 1994. Para unha panorámica do problema da débeda externa, *La Letrre du CEPII* 138, setembro 1995.

ameazado por algúns partidos políticos, non precisamente de esquerdas, con levalo ós tribunais por provocar o maior desastre económico da historia de Polonia.

Magnitude	1989	1990	1991
PIB	0,5	-11,6	-8,0
Producción industrial	-3,4	-24,2	-11,9
Inflación	840	585,8	70,3
Desemprego	0,3	6,1	11,5

Fonte: OCDE. Comisión das Nacións Unidas para Europa

Desde unha perspectiva política, a terapia de shock conseguiu rachar todos os consensos: primeiramente entre Solidarnosc e a sociedade polaca; e, máis revelador aínda en termos de estabilidade, entre as diferentes familias que convivían no mesmo proxecto. A fragmentación e atomización dos Comités Cívicos, a fractura entre Walesa e Mazowiecki, son inseparables dos efectos da política económica aplicada entre 1990 e 1991.

A inflación e a depresión provocaron bruscas modificacións das estructuras salariais e de renda. Segundo Michel Gaspard, a evolución típica consistía "nunha subida da renda real para unha minoría que está en disposición de tirar proveito das novas liberdades políticas e económicas, en tanto que a parte máis numerosa da antiga e inxente clase media desclasase moi rapidamente cara abaixo debido a que descenden a súa renda e os seus niveis de vida reais, e gran número de persoas e de familias caen por debaixo da liña de pobreza dun ano para outro"[3]. Nas zonas rurais, en 1991, o 51% dos campesiños e o 32% dos fogares asalariados vivían por debaixo da liña de pobreza (comparado cun 22% e un 14% respectivamente en 1989) [4].

Sen modificar os obxectivos últimos e nun contexto de inestabilidade e difícil consenso, a moderación da aplicación correu por conta do ministro Eysymontt (gabinete de Jan Olszewski) que o 15 de febreiro de 1992 presentaba á Dieta un novo programa económico coa intención de reconstruír un certo apoio social á política de reformas e sentar as bases dun retorno á senda do crecemento. No programa incluíanse medidas de relanzamento da industria estatal, de protección social, de apoio á agricultura (con prezos mínimos e a restauración dal-

3. Gaspard, Michel. "Panorama y perspectivas de la renda y niveles de vida en Europa central y oriental y las antiguas repúblicas soviéticas" en *Cuadernos del Este* 12, 1994.

4. Gorecki, B. e Strarzec, C. "Les conditions de vie et la répartition des revenus des ménages en période de transition vers l'économie de marché: le cas de la Pologne" en *Rapport de recherche*, 1993.

gunhas barreiras aduaneiras); en definitiva, menos confianza na variña máxica do mercado e unha maior intervención estatal para a defensa das potencialidades productivas do país. De feito, en 1992 o PIB xa non é negativo (1,5%) e a inflación decrece novamente (43%). Sen embargo, o desemprego continúa a tendencia ascendente (13,6%). Con todo aínda pasarán varios anos antes de que Polonia recupere o seu nivel de producción de 1989.

Pese a todo, esas pequenas melloras relativas eran de moi difícil consolidación debido á imposibilidade de artellar un diálogo político e social con resultados e compromisos. A crise enquistouse: en 1992 a cifra de parados aproximabase ó 14%, a perda de poder adquisitivo dos salarios acentuábase, as protestas no campo polas poxas das terras debido ó impago de cretos ían en aumento... por todas partes se respiraba un clima de inseguridade e desacougo. Os desacordos sobre a maneira de proseguir as reformas entre os diferentes partidos non ían a menos; era practicamente imposible elaborar un programa económico coherente e que contase co apoio necesario. Na sociedade, as resistencias e as desilusións ían en aumento. Os polacos viron cumprida a súa demanda de maiores liberdades económicas e políticas pero non de mellora do nivel de vida, de acceso a maior cantidade e de mellor calidade de toda clase de bens e servicios, tal e como soñaban en 1989 e uns anos antes.

Unha das maiores dificultades da reforma, aínda hoxe non superada, é a relativa á política de privatizacións na industria[5]. Sabido é que no campo, incluso na Polonia Popular, predominou sempre a propiedade privada; pero na industria e nos servicios non era así. Desde 1989, a política de privatizacións desenvolveuse en diferentes fases e por diferentes vías (liquidación, bonos, venda, etc.) con resultados moi desiguais. Mentres no comercio, por exemplo, se conseguía rapidamente que un 80% pasase a mans privadas; na industria, e malia a contar cun apoio practicamente unánime na Dieta, o resultado foi moitísimo mais modesto: dun 91,5% en 1989 pasouse a un 85,5% en 1990. Das 157 empresas seleccionadas por Mazowiecki como exemplo piloto só se privatizaron 20. Na posterior ofensiva do gabinete Bielecki, conseguíanse privatizar 6 mediante oferta pública e 18 polo sistema de venda a inversores estranxeiros.

No conxunto da economía do país o sector privado, concentrado no comercio, construcción e servicios, representaba a finais de 1991 o 33% do PNB. As 11.700 empresas privadas que había en 1989 convertéronse

5. Sobre o tecido industrial polonés *vid.* Borzeda, Artur. "Le tissu industriel polonais" en *Le Courrier des pays de l'Est* 387, marzo, 1994. E sobre as privatizacións en Polonia, un informe do mesmo autor publicado na mesma revista, nº 390, xuño/xullo de 1994.

en máis de 41.000 en setembro de 1991. Nese tempo, o número de persoas empregadas pasou de 813.000 á 1.400.000. Esa opción polo desenvolvemento do sector privado é inseparable das dificultades atopadas para a transformación das empresas estatais.

Así pois, os relativos éxitos non compensaron os elevados custos sociais, o importante deterioro producido no nivel de vida de numerosas capas sociais. A traducción política desa valoración implica mobilizacións cada día maiores e unha vertebración de novas formas de resistencia. Os fenómenos de vertixinoso empobrecemento e de marxinación social crecente explican en grande medida os cambios políticos posteriores e a imposibilidade de configurar un consenso para a etapa de tránsito.

3. A CRISE DAS REFERENCIAS: SOLIDARNOSC E A IGREXA

Solidarnosc podía e debía ser o paraugas que amparase o descontento social provocado pola reforma rápida e radical. Tiña a lexitimidade e o apoio que os gobernantes anteriores perderan. Sen embargo, a unidade e cohesión amosada para derrocar o réxime anterior desagregaríase no intre de asumir a xestión política na nova etapa, pasándose rapidamente das unanimidades á xeral exaltación das diferencias[6].

As eleccións de 1989 foron o momento culminante no que se aglutinaron todas as posibles adhesións sociais ó proxecto opositor. As dificultades de adaptación á nova situación provocaron en primeiro lugar unha quebra na relación entre o movemento político (Comités Cívicos) e o estrictamente socio-sindical (Solidarnosc); e, por outra banda, unha sucesiva atomización do Clube Parlamentario Cívico, formación coa que o movemento concorrera ó proceso electoral. O cambio de situación en toda Europa como consecuencia do derrubamento do muro e a aceleración do cambio político en toda a zona provocou en Polonia unha intensa discusión acerca do respecto ou non dos compromisos adquiridos e sobre a necesidade de imprimir máis velocidade ós procesos de cambio. Para uns a reforma económica era o principal e debía primar a estabilidade política. Outros sen embargo, non exentos de proxectos persoais, urxían a aceleración política e a descomunistización.

Inicialmente, o Clube Parlamentario Cívico fragmentouse en diferentes grupos, entre os que compre salientar os seguintes: a Unión Democrática (Kuron, Mazowiecki, Geremek); a Unión do Centro (Kaczynski), máis conxuntural, ideada para promover á candidatura de Walesa á Presidencia

6. Herrero de la Fuente, Mercedes. "NSZZ 'Solidaridad' en la Polonia democrática" en *Cuadernos del Este* 8, 1993.

da República); o Congreso Liberal Democrático (Bielecki); a Unión Nacional Cristiá (Kropiwnicki); Solidariedade Agraria (Slisz); Movemento Democrático Social (Bujak); Solidariedade Obreira (Modzelewski). No ámbito sindical as fracturas tamén se suceden. Alén da controversia política anterior, no movemento obreiro xorde o debate acerca da diverxencia entre o programa económico de Solidarnosc, que profundiza na autoxestión social, e o programa neoliberal adoptado polo gabinete de Mazowiecki, claramente contradictorios.

Solidarnosc 80 (M. Jurczyk) simboliza precisamente a defensa dos postulados de orixe do movemento sindical. Ten carácter nacionalista e católico, ás veces antisemita, e favorece posicionamentos de defensa social fronte á irrupción do capitalismo salvaxe. Carácter menor teñen outras organizacións escindidas tamén de Solidarnosc, como a "Unión Libre de Traballadores do Litoral", de Gwiazda e Walentynowicz. Solidarnosc (NSZZ) mantén respecto a todos unha considerable distancia cuantitativa, pero perde en influencia e presencia nos conflictos, nadando nunha ambigüidade permanente entre a necesidade de prestar o seu apoio ós gabinetes ultraliberais e a súa defensa dunha política de marcado contido social. É incapaz de desenvolver unha actividade sindical normal.

A repercusión política desta situación é sinónimo inevitable de permanente inestabilidade. A ingobernabilidade do país, a inexistencia dunha sólida base social para a continuidade das reformas, explica a sucesión de varios gobernos (Mazowiecki, Bielecki, Pawlak, Olszewski, Suchocka) que son derrubados por uns ou outros sectores do propio movemento co conseguinte agravamento das fracturas no seu seo. Mentres, na reacción social predomina a apatía e o descontento.

A "guerra nas cúpulas" (así denominada por un histórico do movemento, Adam Michnik, actual director da *Gazeta Wyborcza*) tivo a súa primeira consecuencia na convocatoria precipitada das eleccións presidenciais que se desenvolveron en novembro de 1990. Mazowiecki saíu derrotado na primeira volta e, inmediatamente, anunciou a súa demisión. Walesa, finalmente vencedor, sofre unha clarificadora humillación ante un candidato practicamente descoñecido, Stanislaw Tyminski, alleo a Solidarnosc, que consegue un 24% dos votos emitidos obrigando ó líder sindical a acudir a unha segunda volta. A maiores, a amarga victoria saldarase cun sistemático incumprimento das súas promesas (aceleración política, mellora do nivel de vida, etc).

Nas lexislativas do ano seguinte, setembro de 1991, o clima de exaltación das diferencias provoca unha enorme fragmentación: 65 partidos compiten polos 460 escanos da Dieta e os 100 do Senado; 29 formacións obteñen representación e delas ningunha consegue acadar o 14%. Asemade, a lectura dos resultados permite adiantar algunhas conclusións: o voto ex-POUP consolídase como a segunda forza electoral,

detrás da Unión Democrática; o signo do voto é de rexeitamento maioritario da política económica; en terceiro lugar, as preferencias de Walesa foron severamente castigadas polos electores. En consecuencia, resultará imposible construír un goberno forte (tal como Walesa anunciara ó urxir a convocatoria anticipada das lexislativas) pois as dificultades para formar goberno estable eran aínda maiores que antes das eleccións ó esixir a participación de 4 e 5 grupos. A acción gobernamental queda paralizada [7].

O outro elemento significativo deste período é a apatía social. A abstención foi do 40% nas presidencias e do 60% nas lexislativas. Só 4 de cada 10 polacos votaron, 11 de 27 millóns de electores. As causas son varias: o desencanto polos efectos da política económica, en especial, polas crecentes desigualdades sociais; a ausencia de alternativas cribles; a irrupción dos escándalos e o clima de corrupción reinante (coma o asunto Art, a maior empresa privada do país que xestionaba centos de millóns de dólares e que dun día para outro se declara en quebra fuxindo os seus administradores para Israel); a propia vergonza provocada polo luxoso acomodamento de sectores da vella nomenclatura na nova situación, etc. Ninguén desexa volver ó pasado pero moi poucos poden estar contentos co presente. Comeza a abrirse paso a morriña do vello Estado protector, a filosofía de que o socialismo era unha boa idea aínda que mal realizada.

Solidarnosc enfróntase a un futuro incerto como consecuencia do declive da súa influencia e do carácter irresoluble das súas propias contradicciónns. ¿Como explicar que un sindicato de obreiros promova unha política neoliberal?, preguntábase Karol Modzelewski, portavoz de Solidarnosc entre 1980 e marzo de 1981[8]. A atención dos compromisos internos e exteriores provocaron un distanciamento progresivo da súa base social pasando a funcionar como un seguro aliado dos partidarios da dereita populista. Nesta etapa Solidarnosc perde máis do 80% da súa afiliación.

Pola súa banda, Walesa acumula fracasos políticos constantes (Parlamento hostil, mobilizacións sociais permanentes) que o empuxan á defensa de posicións presidencialistas e con tendencias manifestamente autoritarias. En xuño de 1991 reclama plenos poderes para poñer fin ás folgas e ó clima de anarquía reinante. Disposto a "salvar a democracia", Walesa realiza unha serie sondaxe das posibles reaccións internacionais á introducción temporal dun réxime autoritario en Polonia (con ese propósito, en xullo dese ano, envía a un home da súa confianza —Zalewski— ós Estados Unidos).

7. Borzeda, Artur. "Pologne 1991-92: crise politique et blocages économiques" en *Le Courrier des pays de l'Est* 369, maio 1992.

8. Interesante a análise de Karol Modzelewski en *Le Monde Diplomatique* de novembro de 1994, "Ce qui est arrivé à Solidarité".

Tampouco a Igrexa se salva da queima. As eleccións lexislativas de 1991 evidenciaron a crise da súa influencia: só se contabilizaron un 25% de votos a formacións católicas, o 10% do censo, é dicir, só un de cada 10 polacos fai caso das súas recomendacións. Os polacos resístense a seren a punta de lanza da recristianización de Europa oriental. Sen dúbida a súa situación era moito mais cómoda no réxime anterior, sempre máis proclive a unha negociación beneficiosa para os seus intereses. Agora, o aborto, a clericalización de determinados dominios da vida pública (ensino sobre todo), a pugna pola recuperación dos bens que lle foran expropiados (provocando numerosas tensións debido a que moitos deses bens modificaron o seu status real afectando negativamente coas desamortizacións a numerosas persoas), e a reivindicación de presencia suficiente nos medios de comunicación, provoca numerosas fendas, incluso con sectores democráticos, do propio movemento, católicos pero laicos (Unión Democrática sobre todo). Por outra banda, a crecente influencia occidental, laica, é considerada negativa para as súas pretensións.

A Igrexa polaca segue pensando que unha das súas funcións principais é orientar politicamente ós católicos. Os partidarios do alonxamento das liortas políticas representan unha minoría. A Conferencia Episcopal (monseñor Glemp) aposta decididamente por unha política de intervención sobre os centros de poder, intervención que debe ser orientada contra os movementos de carácter laico, e en primeiro lugar, contra os neocomunistas.

4. AS ELECCIÓNS DE 1993: EMERXENCIA DAS TRADICIÓNS DE ESQUERDA

A primeira mudanza profunda na sociedade polaca prodúcese nas eleccións lexislativas celebradas o 19 de setembro de 1993[9]. Un de cada tres polacos votaba polos partidos gobernantes na época da Polonia Popular. Era o principio da fin do período dominado polas forzas emanadas do movemento Solidarnosc. ¿Que pasou? Sinaláronse como causas principais que poden explicar este cambio a brusca viraxe na actitude da sociedade polaca, as seguintes: a perda do moderado benestar e a seguridade existente no réxime anterior; a súa condición laica; un maior equilibrio na valoración do pasado, ata entón extremadamente negativa; a incapacidade de Solidarnosc para conducir a transición con estabilidade. Unha sondaxe efectuada antes das eleccións de 1993 mostraba que un 41% dos entrevistados apoiaba as opcións capi-

9. Unha análise dos resultados destas eleccións pode atoparse en Bronowicki, Jan. *Correspondances internationales*, 13 febreiro 1994. Tamén Herrero de la Fuente, Mercedes. "Guerras institucionales. Los problemas de la democracia polaca" en *Papeles* 53, 1995.

talistas aplicadas despois de 1989, mentres que o 36% prefería o socialismo real e un 23% non tiña unha opinión formada. En 1993, dúas tercias partes dos polacos tiñan un nivel de vida inferior ó de 1989 mentres que soamente un 14,3% mellorara a súa situación[10].

RESULTADOS DAS ELECCIÓNS DE 19-9-93			
Partidos ou coaliciónS	%	Deputados	Senadores
PC	4,42	0	1
KKW "O"	6,37	0	0
PSL-PL	2,37	0	1
KPN	5,77	22	0
SLD	20,41	171	37
PSL	15,40	132	36
KLD	3,99	0	1
NSZZ "S"	4,90	0	9
UD	10,59	74	4
BBWR	5,41	16	2
UP	7,28	41	2
UPR	3,18	0	0
KdR	2,70	0	0
TS-KN (K)	0,17	1	0
PARTIDO X	2,74	0	0
AUTODEFENSA	2,78	0	0
TS-KN (O)	0,44	3	1
Outros	1,12	0	0
Clube de Intelixencia Católica		0	1
Solidariedade de campesiños individuais		0	1
Candidatos independentes		0	4
TOTAIS	100	460	100

Siglas e situación no espectro político

PC	Alianza de Centro, dereita nacionalista.
KKW "O"	Comité Electoral Católico (Patria), dereita nacionalista.
PSL-PL	Partido Campesiño Polaco-Entente Agraria, campesiños católicos.
KPN	Confederación da Polonia Independente, dereita nacionalista laica.
SLD	Alianza da Esquerda Democrática, ex-comunistas.

10. Bronowicki, Jan. *Op. cit.*

PSL	Partido Campesiño Polaco, campesiños ex-comunistas.
KLD	Congreso Liberal Demócrata, dereita liberal.
NSZZ "S"	Sindicato Solidariedade.
UD	Unión Democrática, centrismo liberal.
BBWR	Bloque dos sen partido e de apoio ás reformas, pro-Walesa.
UP	Unión do Traballo, esquerda ex-Solidarnosc.
UPR	Unión para unha Política Real, dereita ultraliberal e ultranacionalista.
KdR	Coalición para a República, dereita radical.
TS-KN (K)	Asociación sociocultural dos alemáns de Katowice.
PARTIDO X	Partido Populista, Tyminski.
AUTODEFENSA	Populismo
TS-KN (O)	Asociación sociocultural dos alemáns de Opole.
OUTROS	Un total de 19 listas.

Fonte: Jan Bronowicki en *Correspondances Internationales* 13, febreiro de 1994

O desencanto puso fin a aquela visión idílica do capitalismo que causaba furor nos primeiros anos da transición. Segundo sinala Jan Bronowicki, se en 1988, un 50% dos polacos declaraban preferir a liberdade á igualdade contra un 42% o contrario (8% sen resposta), en 1993 eran un 41% os que preferían a liberdade contra un 49% a igualdade (10% sen resposta). As cifras invertíronse.

Os poscomunistas viron medrar a súa lexitimidade na oposición ás reformas neoliberais dos diferentes gobernos vencellados a Solidarnosc. A Alianza da Esquerda Democrática é unha coalición na que participan ata un total de 28 formacións de variado signo. A columna vertebral do movemento é a Socialdemocracia de Polonia (Kwasniewski). Contan cun movemento sindical forte, a OPZZ (Acordo Nacional de Sindicatos Polacos), creado en 1984 e máis numeroso que o de Solidarnosc. A OPZZ, que actualmente dirixe Ewa Szpychalska, controla o 39% dos escanos da coalición.

Este triunfo, sen embargo, non debe ser entendido como unha volta ó réxime anterior. Aquelas políticas foron definitivamente abandonadas. Pero tampouco debemos cometer o erro de infravalorar a súa importancia. Non se trata dunha mera anécdota, dunha simple oscilación do electorado. Contrariamente ó que podía imaxinarse en función do acontecido nos últimos anos, existe en Polonia unha base social de esquerda e autóctona. Non é o froito dunha imposición allea ou dunha dominación estranxeira que conta con fieis servidores no país (acusación de Solidarnosc ós vellos comunistas obedientes a Moscova). Existe en Polonia unha sensibilidade de esquerda que abrangue non soa-

mente a algunhas forzas con orixe no antigo réxime senón tamén a grupos importantes da vella Solidarnosc, como a Unión do Traballo de K. Modzelewski que con Kuron asinara en 1964 a "Carta aberta ó POUP". A Unión do Traballo é o resultado da unión de catro partidos: dous con orixe en Solidarnosc (o Movemento Democrático Social e a Solidariedade Obreira) e outros dous do vello sistema (o Partido Socialista Polaco e a Unión Socialdemócrata da rexión Wielkopolska). Nas eleccións de 1993, pasou de 4 a 41 escanos.

A coalición gobernante formada pola Alianza da Esquerda Democrática e o Partido Campesiño Polaco obtivo en 1993 o 36% dos sufraxios. Asegurouse unha representatividade do 66% no Parlamento e do 73% no Senado. Sobre un total de 52 circunscricións electorais, a SLD acadaba a primeira posición en 29, mentres que o PSL era a forza máis votada en 21 (as outras corresponderían á UD). Solidarnosc non acadaba o 5% mínimo para obter representación na Dieta. Tampouco a coalición Ojciecziemía (Terra do Pai) formada pola Unión Nacional Cristiá e a Convención Polaca, escindida da Unión Democrática, que non acadou o 8% mínimo esixido para as coalicións.

5. A LOITA POLA PRESIDENCIA: FIN DE WALESA

O derradeiro refuxio que lle quedaba a Solidarnosc era a Presidencia. Incapaz de adoptar unha liña de colaboración co novo gabinete e apostando sempre pola vía da confrontacion e a descalificación, Walesa, máis visceral e anticomunista que nunca, antepuxo as súas convicciòns persoais ós desexos expresados pola sociedade nas urnas. En marzo de 1995, unha enquisa do Centro de Estudios Sociais, aseguraba que o 72% dos polacos opinaban que Walesa, nos seus actos como xefe de Estado, guiábase ante todo polos seus intereses persoais. Dous meses antes das eleccións, as súas expectativas de voto non superaban o 7%.

Non foron as diferencias en canto á política económica e social as que máis crisparon a vida publica nos últimos anos da súa xestión. Esas diferencias existen. A esquerda é partidaria da consolidación dun sector público industrial, de moderar e controlar o proceso de privatizacións, de facilitar máis axudas á reestructuración da agricultura, de evitar o deterioro do sistema de protección social, de activar as reestructuracións inevitables en sectores como as minas de carbón sen provocar situacións traumáticas, é dicir, optando por unha vía de transformación menos acelerada e máis equilibrada.

As maiores crispacións tiveron como referencia inescusable á Igrexa, tanto antes como durante a campaña electoral. Dise que na democracia polaca hai catro poderes, o lexislativo, o executivo, o xudicial e o ecle-

siástico. Iso a pesar de que, segundo algunhas enquisas, o 75% dos polacos afirman estar fartos de tanta intromisión da Igrexa na vida pública. Primeiro foi a lei do aborto: unha lei restrictiva aprobada pola maioría de dereitas, era modificada un ano despois pola nova maioría de esquerdas. Walesa, gran debedor do favor episcopal, recorreu entón ó veto presidencial. O 70% dos polacos son favorables ó aborto. As polacas debían abortar en Rusia ou pagar entre 600 e 800 dólares nunha clínica privada rexentada polos mesmos facultativos que obrigaban ó Colexio de Médicos a pronunciarse en contra da realización nos hospitais públicos das interrupcións legais dos embarazos.

Pero sen dúbida a batalla máis decisiva librouse en torno ó Concordato asinado polo goberno de Hanna Suchocka coa Santa Sede en 1993 e que aínda está pendente de ratificación. Dous meses antes das eleccións presidenciais a Dieta rexeitou o informe dunha comisión extraordinaria do Parlamento que definía como constitucional o devandito texto. As criticas ó Concordato por parte da maioría de esquerdas céntranse en varios aspectos: a igualación do matrimonio civil co canónico, a introducción da catequización nas garderías, a posibilidade de negar o enterro nos cemiterios católicos ás persoas ateas ou doutros credos relixiosos, a indefinición das obrigas fiscais da Igrexa, etc. Soterradamente líbrase outra batalla, a preferencia ou non da Igrexa Católica na devolución dos bens nacionalizados. O rexeitamento do informe da comisión extraordinaria significaba ademais que o Concordato non se ratificaría antes de ser aprobada unha nova Constitución (desde finais de 1992 está vixente a denominada "Pequena Constitución", un texto de tránsito que evita seguir funcionando coa vella Constitución comunista parcheada).

Fracasados os intentos de converxencia das forzas de dereita para presentar un único candidato á Presidencia que opoñer á esquerda, a Conferencia Episcopal Polaca decidiu prestar o seu apoio á reelección de Walesa. O Presidente polaco entrevistábase o 24 de agosto co cardeal Jozef Glemp en Varsovia. Aínda que, como é natural, oficialmente ese apoio era negado, numerosos oficios especiais desenvolvéronse en moitas igrexas de Polonia para recomendar o voto a Walesa.

O outro elemento da vida pública que merece ser destacado é o renacemento do que K. S. Karol chamou os "vellos demos" da sociedade polaca[11]. Na folga de mineiros convocada en maio de 1995 por Solidarnosc, os manifestantes que desfilaban polas rúas de Varsovia culminaban a súa protesta ante a sede do goberno queimando un retrato do primeiro ministro Jozef Oleksy, a quen previamente debuxaran unha estrela de David no peito. Os manifestantes pedían que

11. En *El País*, 17 de xullo de 1995.

fose enviado á cámara de gas. Unhas semanas máis tarde, no VI Congreso de Solidarnosc, en Gdansk, Henryk Jankowski, amigo do presidente polaco e capelán da parroquia de Santa Bríxida, chega a dicir nun sermón, abertamente e en presencia do propio Walesa, que "detrás dos símbolos da cruz gamada nazi e da fouce e o martelo pode albiscarse a estrela de David". As desculpas e condenas tanto de Walesa como do Episcopado tardaron semanas en producirse.

Desesperado, a Walesa non lle importa xa servirse do antisemitismo para avanzar no seu proxecto populista e autoritario, para conter o ascenso das forzas de esquerda[12]. O fomento da xenofobia chegou a un nivel tan preocupante (incluso nos anuncios electorais transmitidos polas televisións) que 22 intelectuais e políticos de diverso signo dirixiron unha "Carta aberta á opinión publica" para chamar a atención da gravidade de tal circunstancia, precisamente no ano en que se conmemoraba o 50 aniversario da fin da II Guerra Mundial na que Polonia e os xudeus polacos tanto padeceran. Entre os asinantes había varios candidatos como Kuron, o Defensor do Pobo, T. Zielinski, ou o propio Kwasniewski.

Walesa perdeu as eleccións presidenciais, pero a consecuencia do seu mal perder producíronse serias quebras na sociedade. As impugnacións, a negativa a estar presente na cerimonia de transmisión de poderes, as denuncias e ameazas de diverso tipo pronunciadas nos días previos á toma de posesión de Kwasniewski, abundan na súa mediocridade megalómana. Cunha participación próxima ó 70%, na segunda volta, os 350.000 votos de diferencia da primeira, a favor do candidato da esquerda, transformáronse en 650.000.

A xeografía electoral é moi clara. Gran parte da xuventude votou a súa candidatura. Segundo Hanna Swiada-Zieba, profesora de socioloxía da Universidade de Varsovia, un 33% dos menores de 30 anos votaron por Kwasniewski, de 41 anos, casado, cunha filla e un apartamento de 75 m^2, coñecedores do seu pasado, da súa condición de ex-dirixente da Unión Socialista de estudiantes polacos, de redactor xefe do xornal estudiantil *itd*, de ministro do gabinete Messner en 1987, de integrante da delegación comunista que participou nas negociacións da "mesa redonda".

Segundo Maria Kruczkowska, Kwasniewski resultou elixido polo voto das cidades medias (53%) e das vilas de menos de 50.000 habitantes (55%), os menos beneficiados polos cambios dos últimos anos. Walesa, sen embargo, contou co apoio das grandes cidades (62,5% en Varsovia). Ademais do voto xove, Kwasniewski atraeu unha franxa importante (o 53%) do electorado da xeración media (entre 41 e 49

12. Kruczkowska, Maria. "Pologne: discours populiste et pragmatisme" en *Diagonales Est-Ouest* 36, outubro, 1995.

anos). Walesa foi votado polos empresarios (59,3%); Kwasniewski polos desempregados (59,5%)[13].

6. UNHA NOVA VÍA PARA POLONIA

A maioría de esquerdas debe ser consciente de que chegou a súa hora da verdade, o momento de experimentar novos modos, novas formas de xestión política e económica, máis democráticas e xustas[14]. Con Aleksander Kwasniewski Polonia inicia unha nova etapa, abundante en dificultades pero igualmente en esperanzas.

En 1989, ó iniciarse a terapia de shock, Leszek Balcerowicz, superministro de economía, xustificaba a adopción da vía neoliberal afirmando o seguinte: "Polonia é demasiado pobre para facer experimentos. Seguiremos os modelos xa utilizados. Que experimenten as nacións ricas se queren". Nas lexislativas de 1993 e nas presidenciais de 1995 a mensaxe maioritaria dos polacos suxire, sen embargo, a conveniencia de experimentar outras vías para configurar un novo sistema no que a democracia e a liberdade non sexan un obstáculo para acceder a maiores cotas de xustiza e de igualdade. Así pois, aínda que matizado, permanece aquel vello obxectivo, tan querido entre outros, por Kuron e Modzelewski, dunha "terceira vía". Paradoxalmente, resultou ser o mais sólido sedimento de Solidarnosc e a responsabilidade de viabilizalo politicamente corresponderá ós seus vellos inimigos.

A recesión pasou (ver cadro seguinte). O goberno impulsa a denominada "Estratexia para Polonia", presentada en xuño de 1994 e que pretende ambiciosos obxectivos para 1997 en termos de crecemento do PIB, de inflación, de crecemento das exportacións e dos investimentos, etc.[15] Pero no centro da súa política seguirán estando a agricultura (¿cal será o papel do Estado?), o desemprego e a protección social (déficit presupostario), as privatizacións, as reestructuracións industriais pendentes, nun contexto de inevitable integración na economía comunitaria pero sen esquecer o seu programa e as querencias do electorado. Os riscos e as dificultades para conciliar as diferentes orientacións non son poucas.

Magnitude	1991	1992	1993	1994
PIB	-7,6	1,5	3,8	4,8
Inflación	70,3	43	35,3	29,7
Desemprego	11,8	13,6	15,7	16,5

Fonte: OCDE.

13. "Les nouvelles donnes" en *Diagonales Est-Ouest* 37, novembro, 1995.
14. Ríos, Xulio. *El Mundo*, 23-12-95.
15. Borzeda, Artur. "Pologne: 1992-1993: vers une sortie de la récession" en *Le Courrier des pays de l'Est* 379, maio, 1993; tamén do mesmo autor "L'économie polonaise

Con todo o poder nas súas mans (Walesa controlaba os ministerios de Interior, Defensa e Asuntos Exteriores), rexurdirá na coalición gobernante o debate acerca do camiño a seguir. Poden producirse recomposicións do espectro político de esquerdas, ben sexa na SLD, na que coexisten importantes grupos de influencia de vellos *apparatchiks* reconvertidos no *business* con sectores máis radicais; nos agrarios do PSL; ou na Unión do Traballo. Non esquezamos que na Socialdemocracia da República de Polonia conviven os social-liberais de Kwasniewski cos denominados socialistas de Leszek Miller. No propio grupo parlamentario funciona unha Agrupación de defensa dos traballadores, disposta a actuar de conciencia crítica que evite o esquecemento da dimensión social no tránsito á economía de mercado. O pulverizado centro-dereita que Walesa, iluso e quixotesco, pretende liderar, realizará con toda seguridade un severo exercicio de reflexión, clarificación e decantación.

Goryszewski, un nacional-cristián que foi viceprimeiro ministro no gabinete de Hanna Suchocka e responsable das cuestións económicas, declarou nunha ocasión que o seu fracaso era debido a que non se deran conta "de que os polacos non querían capitalismo, os polacos querían un socialismo de rostro humano". Non é asumible poñer de patas arriba un país da noite para a mañá, condenando a unha elevada porcentaxe da súa poboación á máis absoluta marxinalidade. Cómpre ter en conta a opinión pública, valorar os custos e repercusións sociais das reformas a introducir. Os polacos xa están en condicións de comparar as fatalidades do pasado coas dificultades do presente. Quizais poidan dar cun camiño novo que deixe en cada beira tanto o socialismo estatal coma o capitalismo depredador e incontrolado.

Polonia debe avanzar na reconciliación. Pola súa influencia psicolóxica a Igrexa debe desempeñar novamente un papel moderador e non estridente. Pero deberá tamén atoparse consigo mesma. Limitando as abundantes enerxías ata agora orientadas á intriga política, terá a oportunidade de exercer unha influencia relixiosa máis pastoral e menos institucionalizada. Sempre soubo entenderse co poder, incluso cando foi ou é manifestamente laico, pero a nova situación (aborto, Concordato) esixiralle unha difícil posta a cero.

X. R.

en 1993-1994: le changement des objectives" en *Le Courrier des pays de l'Est* 394, novembro, 1994. Tamén Holcblat, Norbert e Broclawski, Jean-Pierre. "Repères économiques 1993 pour l'Europe centrale et orientale" en *Le Courrier des pays de l'Est* 385, decembro, 1993. O informe correspondente a 1994, dos mesmos autores, foi publicado no número 396, xaneiro/febreiro 1995 de *Le Courrier des pays de l'Est.*

LIBROS

LITERATURA: **DOLORES VILAVEDRA.** HISTORIA: **XAVIER CASTRO.** CIENCIA: **MANUEL RODRÍGUEZ. GUSTAVO A. GARRIDO.** ECONOMÍA E POLÍTICA: **XOSÉ A. FERNÁNDEZ MORENO.** FILOSOFÍA: **CARLOS FERNÁNDEZ.** LINGÜÍSTICA: **HENRIQUE MONTEAGUDO.** CIENCIAS SOCIAIS: **XAN BOUZADA.** LETRAS EN CASTELÁN: **PILAR CASTRO.**

Nadir: a danza do tempo no límite

● ARTURO CASAS. *Pedra de Nadir.* Espiral Maior, A Coruña, 1995.

Desde Heráclito ("As horas, que portan todo") deica Xoán V. Viqueira ("rumor ultraceleste das esferas"), Arturo Casas vai abrindo un camiño que podería parecer grande de máis polo título e pola teima en materializar o seu discurso nos motivos cósmicos. Sen embargo, conforme o lector se vai adentrando no bosque mesto dos textos —e extraodinariamente ordenado— vai decatándose do acerto do poeta ó querer abeirarse nas medidas astronómicas para expresar o universo que intúe na reflexión íntima.

O nome de Arturo Casas, profesor de Teoría da Literatura na Universidade de Santiago de Compostela, sóalle á maioría polos seus traballos sobre Rafael Dieste (no que era especialista antes de 1995), malia que en 1990 publicara xa o seu primeiro poemario, *Sombra de unidade*, na colección "Esquío". Trátase dun verdadeiro especialista que coñece a literatura desde perspectivas tan diferentes coma a do creador, a do estudioso e a do teórico; xa que logo, calquera que se achegue á súa obra debe desterrar calquera apreciación inxenua do seu traballo malia a aparente sinxeleza dos sete poemas iniciais, porque en *Pedra de Nadir* cada palabra e cada símbolo están colocados precisamente onde cómpre, ou mellor dito, onde lle cómpre ó poeta.

O título do libro antóllase, a primeira vista, críptico. *Pedra de Nadir* resume a vontade de resistencia fronte ó paso do tempo na escuridade do punto oposto ó cénit, o nadir. É dicir, a calada eternidade.

> Mais repara na pedra, na insistencia en ser que o tempo nela labra, no experto amor que vive xunto ao vento, no combate —lentísimo— de séculos sostido fronte á auga, na paciencia con que esquece a forma, o número e o centro que soñaba (ou aquela con que garda o tesouro dúnha morte moi antiga). Veña así a pedra, e cale aínda o secreto do universo e do límite ou nadir en que salva a súa presencia contemplada.

Esta viaxe cósmica está disposta como unha espiral de cinco voltas que semellan órbitas descritas arredor da reflexión íntima. Cinco voltas que aparecen expresas nas cinco partes nas que divide o poemario.

A primeira é a titulada "Sete preludios", e os sete poemas que alí se recollen son un anuncio do tema principal, no que xa se recollen motivos e temas que

logo se han desenvolver: o tempo, a morte, a identidade, a soidade, o centro (como fin derradeiro), a desmemoria e mais o destino. Daquela, estes textos funcionan, tal como foron concibidos, a xeito de pezas musicais, e reparen en que a música se asocia de sempre á astronomía, e que segundo antigas crenzas son os astros os que rexen o destino dos homes.

A segunda das voltas da espiral, "As horas", segue a órbita do tempo, unha dimensión inevitable que paira sobre a vida do home. Aquí os motivos tentan apreixar o concepto abstracto e continuo baixo diferentes ideas: o fluír, a idea máis repetida na poesía que arrinca de Heráclito (que recolle a idea do paso vagaroso e inevitable do río e da lesma), o ritmo (cos golpes na fragua hora a hora), a súa medida (na danza circular do reloxo, na area que vai caendo na clepsidra), a circularidade (nas órbitas astrais), a memoria (como transgresión saudosa do fluír do tempo), a súa plasmación concreta do seu paso, coma se se tratase doutro tipo de medida, na vida... e mais a súa detención metafórica na pedra e mais no rodicio, no límite ou na morte, naqueles obxectos e conceptos nos que o tempo parece ausente e, xa que logo, eterniza. Unha vontade da que tamén participan a escrita ("Reter / este momento / que se expande / cercándoo / coas áncoras da escrita").

A terceira das voltas da espiral é a titulada "Solsticio" e nela a prosa, desprovista do ritmo e da música que parece apuntar o verso, revela a ausencia do tempo, que lonxe de ser unha experiencia angustiosa é espera. O nadir (o lado oposto ó cénit onde só hai escuridade, o xardín de inverno) semella máis extenso e a oscuridade parece obrigar á soidade, á reflexión interior, á exploración da memoria, á xeografía íntima ("Desde o fondo escuro da alcoba indagas, pasivo e silenciado"). Mais o nadir, condenado eternamente a ser escuridade, aparécesenos tamén como o permanente anuncio da chegada da luz, da alborada, da esperanza.

A cuarta e derradeira volta da espiral, "Antes da memoria", parece descender ó mundo concreto, para construír aparentemente un anecdotario no que apreixamos o mundo a través do ollo humano, por iso a súa aparencia é de sinxeleza. Recréase na fugacidade a través de obxectos e de momentos concretos (o voo das aves, o neno, a rosa, o amor, o carballo...) para demostrar que a eternidade é circular, que se perpetúa no paso do tempo, como moi plasticamente demostra nun poema clarificador:

As follas de carballo
mudando día a día a súa cor.
Un exercicio sen pausa,
unha aprendizaxe obrigada
dos disfraces en que se lle mostra
a confusa identidade, a retención posíbel.

Non é un xogo: Transcorren os meses
e as estación. Tan só iso; a penas tempo.

E o tempo, en último termo, non é máis que "cinza e futuro", eternidade.

Arturo Casas crea un universo novo no que todas as claves simbólicas que se presentan nos "Sete preludios" iniciais van desenvolvéndose e completando o seu significado nas sucesivas voltas da espiral. En *Pedra de Nadir* resúmese a valentía

dun poeta por achegarse a un tópico literario universal resolvéndoo con intelixencia, sabedoría, sensibilidade e orixinalidade. Un libro que pouco ten que ver coas tendencias poéticas dos anos noventa pero que está cheo de personalidade (como o fixera no seu momento, en 1991, Gonzalo Navaza no seu *Fábrica íntima*, coa súa reflexión sobre o tempo pero nunha clave máis irónica, quizais para sacarlle un pouco de ferro ó culturalismo entronizado nos anos oitenta).

Velaquí, pois, un poemario en espiral no que para poder abrir todos os prometedores baúis que se agachan tras cada símbolo cómpre facer unha lectura seguida ata o final, e daquela quizais sexa xa o momento de principiar unha nova lectura para poder disfrutar gorentosamente dos perfumes que atesoura.

HELENA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

Pel de ameixa

● MARTA DACOSTA. *Pel de ameixa*. Deputación Provincial da Coruña, A Coruña, 1995.

Inexorablemente o tempo vainos facendo mudar a apariencia, esíxenos novos rumbos e impélenos na busca do noso propio lugar no mundo. Chegado o momento de abandonar unha infancia que se nos volveu vella, e resulta incapaz de abarcarnos, é hora de cambiar de pel e comezar a interacción con outros seres. Así, Marta Dacosta invítanos, en *Pel de ameixa*, a asistir á singradura vital dunha voz poética feminina que inicia, abandonando o xardín infantil, o seu camiño:

Nesta pel de ameixa que me cobre
medrei desde o xardín da miña infancia.
Cando a casa pechou mudei o vento.
Aínda teño a carne madura das ameixas
e son auga e xarope en acedume.

Como muller-froita renuncia, nun xeito de integración total, á súa propia individualidade xa que, nestes primeiros tempos, só é auga e pel carecendo de materia dura ou substancia inmutable. A cambio requírese a conversión da persoa á que se entrega en continente capaz, chegado o momento, de abranguer a súa líquida realidade de pexego e saborear tanto os zumes doces como as amargas peles. Efectúase así non só a propia transformación do eu poético senón tamén, en contrapartida, a do ti, elevación necesaria para saborear o alimento máis perfecto, a ambrosía reservada ós deuses:

exprimo todo o mel das miñas celas
e deixo de ser muller para ser froita
que sacia a túa sede de mil anos.

Son licores os zumes que destilo
máis divinos, por humanos, cá ambrosía,
convértete en vaso, en garrafa,
en gorxa, en corpo que conteña.

Neste ofrecemento non se oculta nada e, igual que se promete a ambrosía tamén, mediante o símil do armario, se recorda que se posúe a dualidade propia do xénero humano, unha parte clara —chea de elementos que implican a percepción sensitiva: cores, teas, lá, xabón— fronte a outra escura —caixón pechado que ágocha os fantasmas máis odiados—, pois todos temos algo que ocultar, gardamos "un esquelete no armario".

A voz poética procede do sur —a infancia— que "*non é a penas unha palabra oposta,/ a esencia do contrario, cálida, quente, ignota*", do territorio onde o lume é creador, potencia vital. Pero o sur é tamén o espacio do fronteirizo pois a nenez é un tempo emprestado que pertence ós que nos guían, unha terra de ninguén que nos impulsa a buscar un novo estado, a explorar outros ámbitos.

Son deste tempo,
do Sur.
De onde as verbas son distintas e suaves.
De onde o meu sangue é río ou alfándega
de xentes que se acharon no cruzarse dos camiños.

No sur gárdase tamén o recordo dos ancestros, do pasado que nos define como seres enlazados nunha cadea xeracional e nun colectivo que nos relaciona con outros entes, integrándonos nunha tribo, nunha comunidade: "*O Sur somos nós mesmos, os avós, o pasado, /a razón inexplicable de non ver cara ao norte*". Pero, expulsado do paraíso sureño da infancia, imponse para o eu poético o avance cara ó norte, territorio cada vez máis inhóspito por mor dunha frialdade que se vai acentuando conforme nos aproximamos á glacialidade mortal. O nórte é o futuro, o lugar onde debemos atopar o noso propio sitio, a verdadeira esencia. Por iso, a vida entendida como búsqueda da propia orientación, é unha loita, unha derrota constante que acaba por ir despoxando ó ser dos dons do sur, recordos doces da infancia —recendo das maceiras, as areas, as illas— que garda como amuletos.

No inicio do percorrido atormenta a consciencia da inexorabilidade de calquera cambio pois sábese que nunca o caos enxendra unha nova orde. A fugacidade vital —non somos senón "*breves camiños na distancia dos días*"— e a imposibilidade de rexeneración afondan unha ferida que nace da propia fraxilidade e provocan o medo perante un avance que pode desembocar no retroceso definitivo, por iso, malia ofrecerse completamente convertida en zume e exprimida ata a pel, a voz poética vacila antes de dar un paso.

E chegarán as luces a descubrir,
de novo,
que as rosas murcharon e xa
non son posibles.
Os cortizos calaron e o río
parece non estar nin na memoria.

É coma se o mar se arredase
e o vento morrese sen estrelas.
A ferida de sal alimentada.

O avance cara ó norte, agravado co sentimento de indefensión perante o paso vertixinoso dun tempo efémero, séntese como unha loita. Inmersos na batalla iremos descubrindo dentro de nós, gradualmente, as armas que nos axuden a non caer baixo o gume do desalento. O pasado e a memoria histórica dannos a seguridade de estar na ruta correcta, continuando un labor que vén de antigo e no que nos guía o exemplo dos que nos precederon. Pero os efectos balsámicos dos recordos só duran un segundo, pois, fráxiles como as flores, as lembranzas murchan pronto:

Non abondan os pasos
e os soños sumados tan só ven unha noite,
levamos nas mans as flores do pasado
que non duran o instante que as percorre.

Sen embargo, sempre sobre o cansazo predomina a fortaleza do instinto de supervivencia que nos vai traendo fragmentos do oasis que abandonamos —unha pinga de orballo, recendo de mar—, momentos para a introspección —"*un instante de clara lentitude/ que ignorase dos homes as débiles presencias*"— que permiten reflexionar sobre as estratexias a seguir e recargar as armas —"*Cheguei cansa e cansa fun pensando / con que armas vencer as loitas vellas*"—. Nesta viaxe iniciática, singradura cruel e desacougante do sur cara ó norte, o cachalote vén anunciar o renacer purificado xa que o lume interior dos ollos, esmorecido na frialdade do océano, só pode rexenerarse na matriz cósmica da balea, soporte do mundo.

Hai tras dos ollos un lume de lareira
vencido e impotente ante o frío océano
que perde as batallas do territorio humano
ante a non vista presencia do branco cachalote.

Na desorientación nocturna dubídase do porto ó que arribaremos pois, na noite mesta, os homes están tristes, vencidos, orfos. Coa ausencia de luz solar ralentízanse as funcións vitais e dilátase o desenlace dunha espera que se vive como eterna. Mais a chegada do sol non será quen de resolver este enigma e desfacer os nós que nos atan á dor pois non logra romper a noite.

E así, do tempo en diante
van hoxe
os homes todos, vencidos e tristeiros,
orfos. E na noite do día consomen as angurias
para chegar á noite
e fracasar de novo.

Immersos no estancamento xa non somos seres individuais senón un pobo mariñeiro: os galegos que, polas nosas propias circunstancias históricas, sempre

ficamos empuxados á escravitude. E así, abandonados nun océano de alcatrán e pedra, só no sangue atoparemos armas para a defensa ante esa guerra que é unha ameaza constante, dilatada na expansión dos océanos de negritude, magma que nos apreixa no centro da desolación. Séntese entón que as batallas están perdidas de antemán e vémonos tentados a claudicar.

As guerras diarias dos que nunca calamos
son lume que nos queima nos anos que vivimos,
e por iso anseiamos o trunfo do silencio
a paz dun sol calado exiliado na area.

Nas longas esperas todo esmorece, ata un sangue que morrerá sen poder cumprir a súa función defensiva, pois a existencia dura conleva o envellecemento prematuro do ser. Mais, perante o naufraxio voluntario da maioría, a asunción da derrota engaiolados na beleza estéril dos solpores que anticipan a noite final, a voz poética convértese en guía e trae ó presente a memoria histórica dos que nos precederon na defensa da nación maltratada, malia ser constante a tentación de, tamén ela, deixarse esmorecer na derrota.

Os homes somos voces
silenciadas e escuras
que a penas marmuramos das loitas que perdemos.
Tal vez a covardía sexa a bandeira nosa, tal vez
esta postura sexa o noso partido,
tal vez sexamos só tristes e conformistas,
coitados receptores de déspotas destinos.

Toda batalla, mesmo as perdidas, encerra unha mensaxe, unha ensinanza que debemos asumir e que nos fará máis fortes no combate. Por iso a voz poética, como garante e custodia da memoria colectiva, asume a función bárdica para cantar vellas épicas xa que, só aceptando estas mensaxes poderemos tirar delas o desexo de recuperar a liberdade, flor esquecida nunha gaveta. O eu poético como transmisor da nosa propia historia gremial —"*Quero contar /a historia certa da batalla perdida/ cando os soños dos homes se apagaron*"— aporta unha nova arma: a poesía, voz inmorrente que sempre nos marca o camiño revelándonos verdades dolorosas sen concesións á beleza.

E ti dirás quizais que non gustas dos versos
que constrúen ás veces os meus dedos cansados,
pois son versos vencidos, cal heroes de traxedia,
que nos abren os ollos a todos os fracasos.
[...]
E eu direi entón que os versos que me nacen
son fillos do presente e tamén do pasado,
reais coma a traxedia vivida cada día,
e perdedores sempre nas guerras que creamos.

No poemario efectúase paralelamente unha viaxe pola parte escura do ser sendo, a voz que nos fala, consciente da dualidade que implica, tamén para ela, esconder baixo o veludo da pel unha parte dura, violenta, contra a que debe loitar

no mesmo combate que a enfronta a elementos externos. A crónica da batalla vaise desgranando desde a expulsión do ser do paraíso dondo da nenez ata a súa inmersión na loita do día a día. E, mentres, a singradura lévamos a un novo ámbito, antítese do edén natal, a cidade onde o confinamento provoca a podremia dos *pexegos*. Todo é alleo ó xardín onde madurecera ese pexego-voz e os máis variados metais recrean agora un espacio case cibernético no que a luz, agosto ou a praia, son entidades irreais. O home na urbe é un escravo masacrado por unha sociedade que fomenta a competitividade, o asoballamento. Pero sempre é posible atopar un rincón de silencio sobre o balbordo, un lugar pequeno perto da casa, un consolo de rosas murchas. O amor e a confianza noutro ser devolven, fugazmente, os paraísos perdidos onde, sen recordos, purificarse no río:

E deixei atrás as maletas, tan só nós nos levamos,
abandonando atrás memoria e documentos.
E levabas razón no que me prometeras:
tan só nós e a promesa dun futuro distinto.

Pero estancarse na beleza e prescindir voluntariamente da loita conleva malgastar o sangue traicionando a nosa función atávica. Non debemos permitir, pois, que nada nos desvíe do propio camiño, dese ir lentamente, pedra a pedra, construíndo a casa da victoria, da reconciliación, sexan cal for as forzas externas que nos ataquen. Así, por baixo da aparente submisión, latexa sempre a secreta esperanza de florecer no outono, malia verse abocada ó sabor agre do cansazo que afonda unha ferida cada vez máis sangrante oposta á queimadura fecunda:

Por que nos empeñamos en seguilos e estar
a ben cos que non queren respectar o que amamos.
Quizais o noso amor é máis grande có seu
e por iso poderiamos aceptar o que impoñen.
Pero xa non foi iso o que nós procuramos,
e construímos sempre un mundo diferente,
e hoxe que outra pedra engadimos á casa,
buscan con impaciencia a lei que nos doblegue.

Aínda cando se sofre o castigo imposto ós rebeldes, o gume do inverno estéril —"*o duro inverno que non se esgota nunca/ para os que padecemos/ a dor de rebelarnos*"—, continúa a buscarse constantemente ese río-camiño propio, que flúe coa velocidade e forza que queremos. Nesta demanda, unha nova dor únese, conscientemente, á vella loita que xa é colectiva e non individual: "*Dóeme a terra/ porque a levo dentro*". A autointrospección da voz poética chegou ata o seu cerne. A médula deste ser con pel de ameixa é terra e, igual ca ela, séntese ameazada polo avance tecnolóxico, esas "*presas hidroeléctricas*" que a firen profundamente.

Dáme un outono e outro,
dáme o sal;
para cubrir as rúas desta vila,
que se me vai dos soños,
que me seca.

Séguese aínda na procura do paraíso perdido, do barco do retorno que nos afaste dunha illa que, malia custodiar a semente fértil dos fusilados, está envolta na escuridade perpetua e nunha continua transformación que a condena a ser lazareto, cela, cárcere onde só quedan homes sen esperanza, castrados —"*Só había unha gamela de eunucos/ que chegaba, naquel abrente cego/ de inexistentes días*"—, inútiles para a batalla. A voz poética, baleira despois de tantas esperas, é consciente de que algún día terá que abandonar a illa para non ser destruída con ela pero, ata ese momento despóxase de todas as armas para purificarse, mesmo da máis secreta: a poesía, e acepta abusos despóticos mentres vai alimentando o amor que será quen de, vencendo o odio, arredarnos da miseria diaria. Pero todo vai esmorecendo e o tempo foxe inexorable.

Cando chego a gallope na procura do tempo,
a comida queimada impútame a demora
e non atopo escano en que pousar o corpo,
por iso este cansazo me derrota as palabras.

Finalmente, toda esa forza vai dar os seus froitos e é posible albiscar os rastros dun novo rexurdir —un camiño nas dunas, o lóstrego, unha onda que cabalga sobre o tempo, o sal que nos fire facéndonos sentir vivos. Con estas guías podemos recoñecer o noso lugar no mundo, verdadeira meta da viaxe e victoria na loita, pois, por riba doutras ensinanzas légasenos a mensaxe de que, superadas as batallas, gardamos viva a esperanza chegaremos a atinxir ese paraíso que xa se nos antoxaba inexistente: o retorno.

E quen quixer ter unha estrela
na man,
presada de sangue viva
en que sementar camelias,
levar un soño infinito
de fieiras de homes
en silencio absoluto,
levar a muda constancia
dos pasos inacabados.
Quen quixer chegar a esta praia distante
recollerá as flores vermellas do retorno.

TERESA SEARA

Ensaios sobre Heidegger

● ARTURO LEYTE. *Ensaios sobre Heidegger*. Galaxia, Vigo, 1995.

A primeira frase deste "libro", no limiar, di: "Estamos inda moi lonxe de poder escribir un libro sobre Heidegger".

A intención é transparente para o lector de Heidegger, con que teña tomado en serio a tarefa que dirixe o seu pensamento. E non embargante, ó ler semellante *entrada*, viume á cabeza inmediatamente un coñecido chiste sobre "poder e non poder": Nun vagón de "non fumadores" un pasaxeiro di a outro: —¿Non ve que non se pode fumar? —¡Pois eu vou *podendo*!

Marzoa conta en *Historia de la Filosofía* que en 1969 Heidegger manifestara a un xornalista francés o seu noxo polo feito de que o número de publicacións adicadas á súa obra ou persoa pasaba dos tres milleiros. Non ouso facer unha estimación do nivel da *inflacción hermenéutico-heideggeriana* á altura de 1995. É posible que moitos dos textos fagan, alomenos formalmente, unha salvidade inicial como esta de Leyte; seguro que moitos máis non a fan nin pensan en tal cousa. Sen dúbida tamén a frase pode ficar nunha precaución formal sen consecuencia no xeito de abordar o tema; ou expresar unha intención sincera, quizais unha manifestación de respecto e "adhesión", logo sobardada polo *pulo da autosuxestión hermenéutica*. O primeiro non é o caso deste conxunto de "ensaios" que están cheos de suxerencias e cabos soltos, como a propia obra de Heidegger. O segundo é un risco sempre presente, que sen o correr tampouco habería moito que dicir; coido que este perigo, no que concorren tanto o "sano e saludable da proximidade do poeta cantor", como o "malo e penetrante do pensar mesmo" como o máis confuso do "filosofar" fica finalmente, en inevitable e estimulante perigo.

Formalmente o título está xustificado. Trátase dun conxunto de cinco textos, tres deles, os máis breves, publicados anteriormente na revista *Grial* e na publicación colectiva, en castelán, *Heidegger, pensador de tiempos sombríos*, conxunto de ensaios sobre a "dimensión política" de Heidegger, efecto secundario da onda, aínda que máis ben contra dela, da *rediviva denuncia do seu nazismo*; os máis extensos, compostos formalmente para esta publicación (formalmente, porque *A proximidade Nietzsche-Heidegger* é o tema da tese doutoral do autor) son tamén os de estilo máis académico e loxicamente neles o devandito perigo se fai máis ameazante.

O reivindicado carácter de ensaios, entendido o termo non como caracterización dun xénero (o que sería estricto só para o primeiro, cuarto e quinto dos textos), senón como "intentos de achegamento", e polo tanto como alternativa ó *libro* que, segundo a referida entrada, este libro non é, non impide que a secuencia teña unha orde interna, con certa analoxía á que podería adoptar un libro que tencionase "presentar" o pensamento de Heidegger.

Efectivamente:

a) O primeiro ensaio ten carácter metodolóxico, no sentido de que trata de "hermenéutica", que é o que Leyte pretende facer. É tamén, non tan directamente como os outros, un "ensaio sobre Heidegger", de quen procede a inspiración fundamental: a hermenéutica como a filosofía que queda por facer. Pero non se trata só de Heidegger, senón da hemenéutica filosófica, polo tanto de Schleiermacher, Dilthey, Heidegger e Gadamer. Pese a que Gadamer é o autor que fai da hermenéutica o seu tema único e identifica explicitamente hermenéutica e filosofía, o discurso de Leyte non segue ese carreiro. Neste ensaio queda claro que en "ensaios sobre Heidegger" o "sobre" non ten só nin principalmente o valor de "acerca de" senón "desde, a partir de". O así feito non é *libro* porque no seu arrincar, poñerse en camiño, ábrese á inconclusión do *preguntar*, á inconclusión dun pensamento esencialmente inconcluso.

b) O segundo e terceiro texto tratan *acerca do contido* da obra de Heidegger:

O segundo, "*Ser e tempo* como 'primeira Filosofía'", céntrase na interpretación de *Sein und Zeit*. Coa expresión "primeira filosofía" pretende Leyte facer un contraste formal con "filosofía primeira", expresión aristotélica convencionalmente identificada con "metafísica" ou con "ontoloxía". A esencia do discurso de Leyte, no que é perceptible a influencia de Marzoa, sen seguidismo (hai de feito moitas diverxencias puntuais), é salientar a continuidade do pensamento heideggeriano, e dentro diso as nocións de *Dasein, Existenz*, é dicir *Ser e tempo*, como primeira manifestación do *Schritt züruck* que logo definiría, máis explicitamente, a relación de Heidegger co conxunto da Historia da Filosofía; ou sexa o seu pensamento como pensamento *sobre* o non pensado da Filosofía. *Sobre* o alén da filosofía, presente (ausente) na filosofía, por mor do cal tamén *sucede (ereignigt sich)* que a filosofía se consuma na non-filosofía constitutiva da civilización técnica planetarizada.

De maneira que por unha banda, o texto ten unha estructura e estilo altamente "profesional", "hermenéutica" (no sentido que se supón ten que ser o "rendemento" do traballo dun profesor de filosofía); mais por outra, tamén se salienta o contradictorio do esforzo de Heidegger, o "crítico", (de crise, non de crítica), a tensión entre o filosofar "productivo" e o abeirarse ó abismo; porque esta tensión non se esvae no ton profesoral é polo que dicía que o perigo (filosofante) funciona como estímulo.

O terceiro, "A proximidade Nietzsche-Heidegger", céntrase sobre todo nos cursos publicados en 1961 como Nietzsche I e II. Nietzsche como cumprimento da filosofía moderna, a filosofía moderna como cumprimento da filosofía a partir da súa esencia grega; logo Nietzsche como referente material privilexiado do singular "Filosofía", dentro do discurso heideggeriano. Este texto abrangue case a metade de todo o libro, e por extensión e estructura é *case* un *libro*... Impresión que se incrementa polo feito de que, ó poñer a Heidegger e Nietzsche en certa maneira nun mesmo nivel (xa desde o título, tamén no modo do discurso), parece adoptar respecto a aquel a distancia que nega no limiar.

É posible que isto non sexa máis que un resto do tipo de carácter imposto polo contexto académico a unha tese doutoral.

c) E os dous últimos pódese dicir que tratan máis directamente (en todos os ensaios se trata "algo" de todo, como sucede tamén ordinariamente en Heidegger) non das conclusións que non ten o pensamento de Heidegger, nin tampouco da súa proxección "alén da pura filosofía"; pero si do alén da Filosofía que é a "filosofía" de Heidegger. O título do quinto ensaio, co seu intencionado tren de xenitivos: "A política da historia da Filosofía de Heidegger" é moi significativo, porque chega despois de insistir (un insistir moi "heideggeriano" pola reiteración) en que a "filosofía de Heidegger" é o mesmo que a "filosofía da historia da Filosofía", que a "Historia da Filosofía" e que a "filosofía da Historia", é dicir "a Historia", que é "a situación, a época na que estamos suspensos". A "política" de Heidegger non é unha aplicación nin derivación dunha teoría xeral (ontoloxía) que non hai, e redúcese ó *Schritt zurück*, mais asumindo que é un paso atrás respecto á metafísica na súa totalidade: na forma disciplinar e na non disciplinar nin "teórica", é dicir: paso atrás tamén e sobre todo respecto da civilización, da súa esencia técnica.

> O *Nietzsche* de Heidegger constitúe o intento exhaustivo por formular que a historia da filosofía é a metafísica, e que nela se atopa a orixe dunha actualidade, a unidade da cal pode ser nomeada como "técnica"... Pero que o mundo sexa técnico... quere dicir que xa non colle diferencia ningunha entre sensible e suprasensible... E esa indiferencia tense gañado na historia da metafísica de Platón a Hegel, da idea á idea absoluta, é dicir, á vontade absoluta. En certo modo, o *Nietzsche* de Heidegger podía telo escrito Nietzsche. E dalgunha maneira fixoo... Quizais o Heidegger que interrompeu a escrita... de *Ser e Tempo* gañou a lucidez suficiente para captar... que despois da metafísica pensar o tempo pasa en todo caso por non expresalo filosoficamente, pasa por testemuñar esa imposibilidade...

Isto forma parte dun brevísimo "epílogo" de "A proximidade Nietzsche-Heidegger". O último parágrafo dese epílogo di: "Nietzsche e Heidegger atenderon a ver que esa unidade gañada como reducción dos opostos, diversifícase de novo dramaticamente, mais non xa nunha dualidade senón na multiplicidade fragmentada de ámbitos e estratos que se atopan máis alá da c onciencia e que, se pode ser nomeada, quizais poida selo cunha palabra metafísica: potencia, poder..."

Entre os puntos de discrepancia de Leyte con Marzoa quizais sexa salientable o que emerxe aquí. Pois Leyte insiste, con fidelidade ó pensamento de Heidegger e de forma paladina, na identificación entre consumación da metafísica na civilización técnica, planetarización desta, nihilismo, *totalitarismo e democracia*. Esa identidade é o sentido do "absoluto", e Marx pertence ó proceso de realización deste a partir da súa versión incompleta, aínda teórica, polo tanto non "absoluta" en Hegel, na "realidade" do século XX.

En consecuencia, non pode suscribir o que di Marzoa noutro ensaio dos que forman *Heidegger, pensador de tempos sombríos*: que, aínda que non o dixo Heidegger, é coherente co seu pensamento afirmar que a "república democrática" (polo tanto un modelo ideal e non a "democracia realmente existente", que é da que fala Leyte, e que identifica, a través da noción de "demiurgo", con industrialismo e consumismo) constitúe a lexitimidade metafísica (moderna) do Estado; de onde resulta, por "Holzwege" que non podemos recorrer aquí, unha eventual identificación ou converxencia entre o "paso atrás" que é a tarefa do pensamento despois da Filosofía e a toma de conciencia e cancelación da "estructura" da Sociedade Moderna: ou sexa, en román paladino, a Revolución, segundo a interpretación que Marzoa fai de Marx.

Mais Leyte non se distancia aquí de Marzoa para propoñer unha lectura "apolítica" de Heidegger, e moito menos "anestésica", como é o caso de Gadamer (no que desaparece totalmente a *dimensión agónica do pensamento*, tan heideggeriana). Polo contrario, salienta a referencia directa e constitutiva do pensamento de Heidegger ó que Marcuse denomina a *Grundsituation*, á consitución da realidade colectiva da civilización universalizada. Así que, por unha banda, o decisivo de Heidegger é levar a Filosofía a unha referencia non intelectual nin intelectualista, e descubrir ata que punto o que a Filosofía ten feito ata agora é conformar o mundo, aínda que non directamente (metafísica-técnica). Por outra, a opacidade deste proceso fai que "pensar a historia da filosofía convértese no primeiro e *quizais único* (subliñado meu, L. F.) paso que se poida dar". É dicir, o distanciamento respecto á modernidade e polo tanto á política é mais radical que en Marzoa ¿E a consecuencia?

Aquí podería vir a conto unha anécdota que coñezo precisamente por Marzoa, de cando eramos estudiantes: un intrascendente catedrático de Lóxica e Metafísica visita o "cortijo" dun escritor e latifundista andaluz, no que atopa un vello peón analfabeto que non saíra nunca dos limites da propiedade. O peón quere saber a que se dedica o visitante e en que consiste iso da "filosofía". O profesor, logo de fracasar con definicións como "investigación das primeira causas" e cousas así, dille que os filósofos dan clases a uns alumnos que posiblemente no futuro tamén dean clases; o velliño exclama: "¡Ya entiendo! ¡De manera que *todo queda entre ustedes*!"

Esta é a visión tradicional da función "práctica" da filosofía. Con Heidegger aprendimos que non é a realidade. ¿Será esta, en cambio, a realidade da función "práctica" da hermenéutica, como a "filosofía que queda por facer", precisamente cando parte da conciencia da implicación entre filosofía "sida" e "actualidade"?

Evidentemente esta dúbida non se refire só nin principalmente ós ensaios de Leyte, senón a Heidegger mesmo, e ó pensamento en canto que é consciente, con Heidegger, da "situación" (do pensamento e da civilización). Que Leyte non resolve a dúbida, mais tamén que non a oculta ou elude significa que está instalado *nela, "sobre" ela*, "sobre" Heidegger. Quizais máis do que conscientemente pretende (e do que correspondería á súa persoal sensibilidade polos temas "políticos", aínda en sentido "elevado").

Que un traballo filosófico desta calidade (ou sexa *gravidade*: que "dá que pensar") e extensión se faga por primeira vez en galego, "o que non ten maior pretensión que a de contribuír, en galego, á filosofía"; ou sexa, que o galego non sexa a lingua na que nos ocupamos só "das cousas do país" (¿hai algo que afecte máis "o país" que o futuro da civilización?) é un bo agoiro, sempre que non se traduza nunha limitación á difusión que o texto merece; por ver se, se cadra, non queda todo, certamente, "entre ustedes".

B. LOURENÇO FONDEVILA

¿Que é a literatura do exilio?

● XOSÉ MANUEL MACEIRA FERNÁNDEZ. *A literatura galega no exilio. Consciencia e continuidade cultural*. Edicións do Cumio, Vigo, 1995.

O brusco corte que a Guerra Civil española vén impor no esplendor literario da Galicia dos anos vinte e trinta traslada por algúns anos o escenario da cultura galega ás capitais da diáspora. A perda das figuras máis destacadas da nosa intelictualidade en diversos ámbitos, que se viron empurradas cara ó desterro, e mais a imposición do réxime dictatorial en España, que impuxo silencio ás voces que quedaron no interior, son circunstancias que explican a nova crise

de supervivencia que padeceu a cultura galega despois do enfrontamento bélico. En momentos coma este, en que se impón a privación das liberdades no país propio, corresponde ó colectivo de exiliados a expresión da oposición ó poder represor imposto coa arma que desde fóra poden utilizar, a palabra libre. Deste xeito, unha literatura de exilio defínese decote pola vivencia do desterro, que é común a todos os seus membros, e mais por un posicionamento ideolóxico unitario que, a pesar das tendencias diverxentes, mantén un trazo unificador pola súa oposición, o seu "estar contra", en relación coa forza política que provoca o exilio, no noso caso contra o fascismo franquista.

O estudio que nos ofrece X. M. Maceira enfróntase a este obxecto de estudio, a literatura galega do exilio, desde un afán sintetizador, tentando ofrecer unha panorámica xeral da producción literaria en galego procedente dos diferentes países latinoamericanos onde se estableceron os nosos transterrados. Unha xeira que o autor emprende cunha reiterada intención reivindicativa no afán de facer xustiza con tantos heroes individuais esquecidos, víctimas dun dramático momento histórico e cinicamente ignorados pola cultura oficial da posdictadura, engaiolada coas meles, para algúns tan agres, da reconciliación nacional.

Un traballo destas características enfróntase con dificultades de partida das que o autor é consciente, sen que iso lle impida adoptar nalgún caso solucións expeditivas. O primeiro problema é a delimitación do obxecto de estudio, que se fai imprescindible dada a magnitude da empresa que pretende abarcar toda a producción literaria dun grupo tan amplo, disperso e heteroxéneo, ó que lle hai que engadir a ambigüidade do termo "exilio". O profesor Maceira enfróntase con cuestións como a necesaria diferenciación entre "emigración" e "exilio", ou a posible consideración do chamado "exilio interior" e, sen entrar en maiores complexidades conceptuais, decide que a nosa literatura do exilio "será a literatura feita e/ou publicada por exiliados a partir do remate da guerra (1939)" (p.12). Evítanse daquela cuestións de delimitación cronolóxica ou de contexto da publicación, pois o único que conta é a experiencia de exilio dos autores, e déixase de lado a posible distinción entre as obras producidas durante ou despois da dictadura, desde a experiencia do exilio ou despois do regreso, e entre as publicadas fóra de Galicia ou dentro. Factores estes que cabería alomenos ter en conta para valorar o interese de considerar este corpus como algo homoxéneo e digno dun estudio conxunto e específico dentro da Historia da Literatura.

Estamos, xa que logo, ante un grupo literario que se define en principio exclusivamente por unha experiencia biográfica común, o que leva á consideración conxunta de obras de diferentes estilos e temáticas, datadas entre os primeiros anos corenta e comezos dos noventa. Así e todo, o estudioso afirma nas súas conclusións que "conforman como diría René Wellek un 'período literario'. Hai continuidade nos principios estéticos, unha conciencia crítica afín, vinculación na actividade literaria e conexión da literatura con outras actividades, especialmente outras artes" (p. 269). De ser estes últimos os criterios manexados realmente, non sería tan clara a exclusión de figuras como Blanco--Amor ou Emilio Pita, por citar algúns. O caso do primeiro deles é o que nos permite enxergar a rixidez con que se pretende aplicar o concepto de exilio e cal é o criterio básico que se está a aplicar para a selección e a conformación do grupo: "Optamos por excluílo deste estudio por non cumprir algunhas das

características básicas dos transterrados, como pode ser non vivir o conflicto que causa persecución e fuxida en directo, no contexto xeográfico onde isto acontece" (p. 11). O caso de Emilio Pita nin se menciona, o que parece que debemos entender máis ben como consecuencia da súa condición de emigrante con anterioridade á guerra que porque non cumpra algún dos requisitos esixidos por Wellek para a configuración dun período literario; igual que só pola súa condición de emigrante se comprende a ausencia de calquera referencia a Varela Buxán no panorama da producción teatral en Arxentina. Outras ausencias non resultan tan doadas de explicar, como é o caso do *Cancioneiro da Loita Galega*, obra colectiva que viu a luz en México no ano 1943.

Sen embargo, chama a atención que a mesma rixidez non se aplique ó concepto de exilio en todas direccións e que se tomen en consideración obras escritas e publicadas con posterioridade a 1975. Neste senso apúntase na introducción unha acertada periodización para presentar o contexto cultural que lamentablemente se esquece despois no desenvolvemento do estudio, distinguindo tres fases: a continuidade no desterro (1939-50), a complementariedade interior/exilio (1950-60) e a eclosión cultural e o lento regreso (1960-75). De igual xeito, a renuncia a pór un límite temporal que peche o período resulta contradictorio co título, que pretende aludir ó momento en que a literatura galega sobreviviu *no* exilio (p. 10), o que dificilmente se pode soster despois da fundación da editorial Galaxia en Galicia, onde van publicar as súas obras mesmo moitos dos exiliados. Desaparece así tamén unha das principais características da literatura de exilio como é a ruptura dos vínculos normais entre o creador e o seu público receptor, coa consecuente tensión de escribir no baleiro que habitualmente se revela na obra, ó mesmo tempo que os escritores de fóra se someten á mesma censura ou autocensura que os de dentro. Sen embargo, a maior parte das obras que se analizan son de feito posteriores a 1950 e, especialmente no caso da narrativa, mesmo posteriores a 1975 e aínda publicadas por escritores retomados, como sucede por exemplo coa última novela de Ramón Valenzuela.

A segunda cuestión metodolóxica que se presenta é a necesidade de organizar e clasificar todo este material, que se resolve aquí seguindo en primeiro lugar unha clasificación polos países receptores dos escritores, e despois por xéneros e por temáticas tratadas dentro de cada xénero. En cada país introdúcenos o autor facendo un resumo da actividade cultural da comunidade galega previa á chegada dos exiliados, para centrarse despois nalgunhas figuras concretas facendo unha análise pormenorizada da súa obra. Seguindo esta clasificación por países adquire un singular peso específico, como é lóxico, a producción dos exiliados en Bos Aires, onde destacan as figuras de Castelao, Luís Seoane, Lorenzo Varela, Ramón Valenzuela e Antón Alonso Ríos, entre outros. Tamén é neste país onde se desenvolve a máis rica actividade editorial que soporta a maioría da producción galega que viu a luz no exterior. É quizais a abundancia de producción o que provoca que o autor estableza aquí unha clasificación temática dentro de cada xénero que non se fará necesaria xa na análise da producción noutros países, moito máis escasa a pesar dalgunhas figuras senlleiras como Silvio Santiago, Delgado Gurriarán ou Guerra da Cal.

En conxunto, temos que valorar na obra de Maceira o esforzo por ofrecer unha visión global da producción dos nosos exiliados, a análise dalgunhas obras e autores aínda escasamente estudiados na nosa historia literaria e a labo-

riosa recollida de materiais, en moitos casos dispersa en revistas e xornais. Sen embargo, bótase en falta un enfrontamento máis rigoroso e obxectivo cos conceptos de exilio e de literatura do exilio, así como a serenidade necesaria para relegar a un segundo plano as propias definicións ideolóxicas e as xustas iras ante determinadas actitudes ou acontecementos que, se ben cómpre denunciar, deberan encontrar foros máis axeitados ca un estudio de crítica literaria. Non é a comuñón ideolóxica nin a emoción ante o dramatismo das experiencias vitais do escritor o que ha de espertar o interese do lector e do crítico por un conxunto literario, senón o valor intrínseco das obras. Precisamente por ser aínda tan necesaria a reivindicación da obra dos nosos exiliados, sobra neste estudio algunha paixón, provocada pola lóxica solidariedade coa súa causa, e falta un maior rigor científico. En demasiadas ocasións atopamos o adxectivo "innovador" aplicado a unha obra sen unha xustificación clara, despois de enumeracións de recursos formais que xa se detectaran noutras obras analizadas e sen entrar na análise do contexto nas datas da publicación. Máis desconcertantes son aínda as afirmacións da existencia dun canon literario común condicionado polas experiencias biográficas (p. 93), sen que cheguemos a encontrar nunca unha definición dos trazos que identificarían ese canon. Do mesmo xeito, pode resultar esaxerada algunha valoración ou algún epígrafe como o de "boom hilozoísta" na poesía mexicana, que se sostén só na obra de Delgado Gurriarán e uns poucos textos máis publicados en revistas.

Así e todo, este libro vén encher un baleiro da crítica que xa ía sendo hora de afrontar. Xosé Manuel Maceira enfronta o reto con valentía e con esforzo, e fai coa súa obra unha importante aportación ó iniciar o camiño do estudio da literatura do exilio como corpus unitario. As deficiencias que nun traballo destas características poidamos atopar son en boa medida o froito da súa condición de obra pioneira e só han de ser un estímulo para reflexións que permitan superalas en posibles e desexables obras futuras que continúen a xeira agora inaugurada.

MARÍA XESÚS LAMA

Galicia supera os cen lectores por cada mil habitantes

■ DÍAZ NOSTY, BERNARDO. *Comunicación social 1995 / Tendencias*. Informes Anuales de Fundesco. Fundesco, Madrid, 1995.

Galicia é a undécima comunidade que supera o índice de cen exemplares por cada mil habitantes. Este é un dos datos positivos que se recolle no informe anual de Fundesco, *Comunicación social 1995/Tendencias*. Só catro comunidades presentan indicadores superiores á cota de cento cincuenta exemplares —Navarra, País Basco, Baleares e Cantabria—. Seis comunidades —Castela e León, Valencia, Murcia, Andalucía, Estremadura e Castela-A Mancha— están por

baixo dos cen exemplares por cada mil cidadáns. O sur peninsular non acada o índice da Unesco de consumo de prensa en zonas desenvoltas.

Os estudios sobre difusión apuntan que se mantén o desequilibrio dentro de Galicia. Mentres A Coruña está á cabeza da difusión, con 124,4 exemplares por mil habitantes, Pontevedra só chega ós 96,4. Menos prensa se vende en Lugo e Ourense. Na Cidade das Murallas a difusión está nos 77,2 exemplares por cada mil habitantes e na Cidade das Burgas no 72,9. Con todo, o aumento da difusión desde 1989 resultou moi significativo, xa que no citado ano A Coruña a penas supera os 89 exemplares por cada mil habitantes, Pontevedra os 77, Lugo os 51 e Ourense os 39.

O informe destaca o avance do proceso de descentralización da prensa de Madrid. O xornal *El País* conserva o liderato en doce das dezasete comunidades autónomas, xa que cedeu a *El Mundo* o primeiro posto en Castela e León. Tamén ocupa o segundo posto en Andalucía, Baleares, Castela e León, Castela-A Mancha e País Basco. En Galicia *El País* segue como líder da prensa de Madrid de información xeral, cunha importante diferencia sobre o segundo, *El Mundo*.

Da prensa rexional, o estudio que dirixe Bernardo Díaz Nosty destaca que conta con productos competitivos e estructuras mercantís desenvoltas, camiñando cada vez máis cara á prensa de prestixio. A tendencia á integración de varias cabeceiras rexionais en grupos empresariais fai posible unha oferta máis competitiva e mellores índices de rendibilidade.

Con todo, a prensa española pasa por momentos non especialmente bos. "Outro mal ano menos malo" é a definición que aplica á situación Díaz Nosty, que tamén indica que a prensa española debuxa escenarios potenciais de estabilidade, con marxes de manobra suficientes para orientarse cara a solucións de maior rendibilidade, sobre todo mediante un redimensionamento das unidades productivas.

En canto ó panorama xeral, indica que os diarios camiñan cara á consolidación dunha prensa central, arredor fundamentalmente de tres cabeceiras que cada vez teñen máis edicións zonais. Paralelamente, a prensa rexional vive unha progresiva integración, baixo o liderato do grupo Correo. Menos optimista é o panorama no mundo da prensa especializada, que viviu un retroceso no seu plan de expansión. A prensa económica medrou timidamente e a deportiva mantivo a forte expansión dos últimos anos.

O informe de Fundesco sostén que o sistema de medios segue a vivir unha profunda transformación. Indica que a radio experimentou no pasado ano reactivación, coa consolidación de tres grandes opcións comerciais, ó tempo que no terreo audiovisual a crise está lonxe de resolverse, a pesar da mellora do investimento publicitario.

O estudio que dirixe Bernardo Díaz Nosty chama tamén a atención sobre os efectos da expansión do sistema de medios, que está supoñendo unha cada vez maior suxeición dos contidos a criterios mercantís, e a entrada no hipersector da información e da comunicación de novos actores, con novos intereses e requirimentos. Trátase do comezo dunha nova etapa na que a liberdade de prensa —liberdade de expresión e liberdade de información— terá fortes batallas que librar para tentar non perder posicións.

XOSÉ L. GARCÍA

O dicir da poesía

Abundan os libros de poesía, abundan os escritores dedicados a ela, e abunda a boa escritura. Non hai queixas sobre as atencións que moitas editoriais lles prodigan e o número de premios que tentan revitalizala. Hainas, con razón, sobre a escaseza de lectores que se achegan a ela, sobre o trato marxinal que se lle vén dando nos medios de comunicación, e iso ten que ver coa menor atención que lle dispensa a crítica, sempre queixosa, todo hai que dicilo, de que entre tanto libro de versos non atopemos con ese poema, esa frase definitiva que represente un achádego sorprendente. Facendo balance do que sucedeu nos últimos meses obtemos respostas á situación que se vén confirmando desde hai tempo: as editoriais teñen gañada a aposta cando se trata de publicar os versos dun nome que ten sobradas resoancias nas letras castelás; a traducción compensa e a difusión —sempre minoritaria— correrá de conta do comentario crítico que recorde a transcendencia do autor. Sen ánimo de facer crítica textual ou de pretender unha análise profunda da poesía do noso tempo —non hai espacio suficiente nesta liña—, si podemos aproximarnos a ela ofrecendo un resumo que encabalgue o dicir dos poetas maiores de aquí e de alá —os autores da poética que marcou as pautas da poesía contemporánea— coas condicións que lles veñen impostas a esas voces menores que, dentro da poesía castelá, intentan abrirse camiño e tropezan con xuízos que lles poñen etiquetas antes de deixar que sexa o tempo o que xulgue a empresa que están compoñendo. Entre todos fan posible ir recortando as palabras que explican o dicir da poesía de cada un deles.

A gloria dun poeta, dicía Borges, depende, en suma, da excitación ou da apatía das xeracións de homes anónimos que o poñen a proba na soidade das súas bibliotecas. Resistir ó paso do tempo é, desde sempre, a proba máis dura a que se ten que someter calquera escritor. Máis difícil no caso da escritura poética, pois sofre tamén as condicións que lle impoñen as circunstancias. Poucos escritos se sobrepoñen a elas facéndolle fronte ó tempo con notable éxito como ocorre, por exemplo, con todo o que saíu da pluma de Pessoa. A reedición das *Odas de Ricardo Reis* (Versión de Ángel Campos Trapeillo. Pre-textos. 1995) supón de novo, un fito aplaudido por todos. A modo de prólogo introduce o autor da edición as explicacións que deu o autor sobre o nacemento dese heterónimo. A xenialidade da súá ironía creadora queda patente cando alterna as intervencións doutras personalidades por el inventadas para ir dando conta dunha poética ideada sobre os cánones do clasicismo. Con certo distanciamento explica a obsesión de Ricardo Reis por "graduar influencias" doutros autores á hora de concibir unha poesía de ideas, "ríxida" en extremo, atenta unicamente ó pensamento que a sustenta, pois del é subdita a frase, e del virá o ritmo, supeditado sempre ás ideas que compoñan cada verso; destas derivará tamén a emoción que se lle pide a un poema. É tan coherente a poética inventada para esas odas que obriga a reconsiderar a xenialidade do seu maxisterio.

Tamén Cesare Pavese, de quen saíron as *Poesías completas* (Edición de Italo Calvino. Visor, 1995) consegue burlar as premisas do tempo. Calquera noticia do que fixo esperta o interese de moitos por achegarse ós escritos de quen deixou tan claramente definido o seu oficio. Este volume rexistra a suma de escritos que declaran a obriga do poeta por fuxir do hermetismo e avanzar

facendo sempre "atenta referencia a las exigencias éticas". Solidario coa súa prosa expón os seus motivos en longos poemas narrativos que van referindo anécdotas plurais do compromiso do que sempre fixo gala como intelectual e como home encargado de razóns para denunciar estampas desoladoras.

Menor foi a atención dispensada ós *Poemas 1926-1927* de Paul Rowles (Visor, 1995). Moito máis ambiguo na utilización que as posibilidades da tradición poética ofrece a un autor, móvese por igual entre o simbolismo e o surrealismo ofrecendo en todo momento a intencionada testemuña do conflicto que resulta do choque entre a historia persoal do individuo e a realidade na que se foi dando. Antonio Merino, responsable da edición, subliña que a complexidade dos diferentes rexistros que explora o poeta non lle resta significado a este libro, entendido como o "manual de supervivencia" de quen ten unha lúcida visión da existencia.

Temos agora que facer unha pausa no acontecemento que desbaratou previsións na última temporada poética. Chegou coa concesión do Premio Nobel a un poeta irlandés, e moito deu que falar a razón que moveu á Academia Sueca a un xesto que parece pronunciarse máis a favor dunha estratexia acorde cos intereses da política internacional que favorecedor do interese por premiar a poesía. Sexa como fora o feito pillounos por sorpresa xa que unicamente tiñamos constancia da súa laboura a través da *Antología* que fixo Brian Hughes en 1993 (Instituto de Cultura Juan Gil Albert) e do libro máis difundido, *Norte*, que non tardou en reeditar Hiperión a cargo de Margarita Andanaz. Quedan aínda sen traducir *The Gouvernment of the Tongue* (1988) e *The Haw Lantern* (1987), e parece que representa unha seria dificultade trasladar ó castelán o ritmo, o vocabulario, a síntaxe e o acento que reivindica este representante dunha cultura —a do Ulster— que só pode dispoñer dunha xeografía propia xa que non se lle recoñece independencia como territorio político. Sabemos que forma parte dos círculos poéticos de Belfast, que se lle compara con H. Bloom e Yeats e recibe a consideración de ser un dos autores irlandeses máis representativos da intelectualidade irlandesa. Xunto a esa mención está outra que lle acusa de denunciar con excesiva moderación o dominio que exerce o territorio británico sobre Irlanda. Nunha recente enquisa expuso as súas razóns facendo unha chamada ó risco que corre a poesía cando deixa que a súa esencia quede eclipsada por concederlle prioridade á busqueda de actitudes políticas. Sen ánimo de desculpalo, o seu compromiso si parece fondo e sentido, e discorre por todo o traxecto que resumen ben os dous libros que dispoñemos en castelán. Antes de chegar a *Norte*, libro que marca un cambio substancial na concepción poética do autor, xa defendera que a poética na que se amparan os seus poemas se acomoda na síntese da experiencia persoal e as referencias culturais que marcaron a súa personalidade. Sobre elas perseguiu dar unha imaxe colectiva na que quedaran fundidas a memoria da paisaxe do Ulster e os recordos de experiencias vividas, transformados en materia da poesía ("Rimo para verme a mí mismo —di un poema dos inicios— y para despertar ecos en la oscuridad"). Nunca perdeu de vista os sinais de identidade históricos e culturais, e defende, nesa "rumiante memoria" que é a sentencia do "odio apaciguado", a conciencia política do ser humano. Iso reverte nunha excesiva atención á paisaxe, á memoria alimentada de recordos anteriores, e a unha linguaxe que deu vida á tradición da que forma parte (algo esencial nos seus principios poéticos consiste en volcar o esforzo creador, en convocar as enerxías que subsisten nas palabras); pero tanta insistencia

nos significados metafóricos do mundo rural lle resta á poesía a autenticidade que logrará cando, máis adiante, modifique o enfoque e as ideas que o sosteñan.

O ton conciliador que caracteriza a súa denuncia tórnase grave nun extenso poema recollido na citada antoloxía, "La isla de las penitencias". É a máis densa e pretenciosa composición do libro, e avisa xa do cambio que está sufrindo o ánimo do poeta. Non crendo nas posibilidades que lle ofrece a poesía como forma de redimir tanto conflicto, esténdese nunha visión alegoría dantesca, máis confesional, máis inquieta nas reivindacións que lle fai a arte, e máis pragada de rutas nas que a historia do dominio quere ser un xeito de formular o paradoxo implícito na concepción do poder creativo da arte e a indisoluble ligazón entre esta e a brutalidade do mundo que representa. De aí arrincará o xiro que, motivado por unha pofunda crise persoal, determinará os traballos posteriores ós anos 70.

Norte é o resultado dese desacordo consigo mesmo, un xeito de "terrible venganza íntima" resolta en expresións máis directas que acomodan a experiencia anterior a outros medios expresivos que non limitan a transcendencia da historia que segue contando. "Acaricio esta provincia palpitante donde el pasado se ha hecho adulto", di, pero o seu apego ó pasado, á temática de recordos e experiencias que imperaba ata de agora, tórnase aquí descrenza: "La conquista es mentira. Envejezco", "Ulster era británico, más sin derecho alguno a la lírica inglesa: y todo a nuestro alrededor, / aunque no le hayamos dado nombre, el ministerio del miedo...". Se acerta con este poemario é porque xunto a un maior esforzo constructivo —manifesto na métrica, no contido e na mesma disposición tipográfica dos poemas— foi, quizais, porque soubo servirse, ademais, daquilo que non é unicamente externo ó mundo poético, porque xa non incide no recordo do pasado real como única forma de consolar a incerteza. Agora o espacio ideal é o da conciencia, o único ó que acollerse para explorar e interrogar ó mundo. De aí, tamén, que de continuo remita á dobre responsabilidade que sente de manter a súa liberdade creativa sen renunciar á conciencia social. Nesa razón está a moderación que se lle atribúe, e que insiste na obriga de recoñecer "la amplitud de la poesía".

Entre os autores de fala hispana dispoñemos de dúas presencias saturadas de razóns gratificantes para gozar da poesía. Unha delas, alomenos vitoreada pola crítica, deambula desde hai meses polas librerías. Son os últimos versos do arxentino Hugo Mujica recollidos baixo o título *Para albergar una ausencia* (Pre-Textos, 1995). Non hai poema que non mereza ser lido minuciosamente, pola sensibilidade que todos manifestan, e pola intensidade con que o sentir deste intelectual vai expoñendo un modo de pensar que non afoga en absoluto a emoción que os envolve. Son, todos eles, unha mostra das doenzas vitais do individuo, do pequeno abismo que somos cada un e do argumento nihilista de que "nacemos para albergar unha ausencia" que ás veces somos nós mesmos e, ás veces, "sólo a veces", compartimos co "frío que otro cuerpo tiembla". Son poesías metafísicas, de afáns esenciais reducidos a unha querencia imposible de definir. Todo está en perfecta correspondencia co pensamento resumido nos versos da "Poética del desamparo", que son os que constrinxen as auténticas razóns do creador: "una escucha que no busca un eco", un doerse da vida entendida esta como un "combate inútil cuyo único trofeo" é a resulta dalgunhas palabras "que debemos callar para ser nombrados", un xeito de pronunciar con ela o silencio. En contadas ocasións ofrece este xénero a oportunidade de atopar tantos e tan expresivos sentidos arroupados baixo unha reducida mostra do que pode con-

querir a intensidade do compromiso coa poesía. E por se isto fose pouco ponlle o selo unha breve reseña de Ernesto Sábato reclamando a atención que merece unha indagación tan comprometida, insobornable e acertada co humano.

O outro autor xa é un veterano entre os lectores casteláns pero non deixa de ser unha recomendación imprescindible, unha ledicia que reafirma, unha vez máis ó uruguaio Mario Benedetti. *El olvido está lleno de memoria* (Visor) constitúe en conxunto un inventario de motivos persoais e sociais para negarlle existencia ó olvido. Desfilan por este libro un abano de imaxes poéticas que argumentan a intensidade das razóns que o autor vai dando e que quedan atravesadas por unha especie de retrouso que recorda o motivo que a todos aglutina: "El olvido está lleno de memoria", aínda que moitos o pensen baleiro. Cando se destapa a memoria que enche ese olvido construído para restaurar decepcións sucede que os sentimentos "que se niegan a morir allá en lo oscuro", son "insoportablemente actuales". Recóbreos unha especie de néboa —un simulacro enchido de fantasmas— que simula a súa inexistencia. Pero cando a néboa levanta reaparecen, están aí, os máis atroces —os da memoria colectiva, e os que compoñen a historia persoal de cadaquén—, e todos confirmarán a verdade, e "esa verdad será que no hay olvido".

E difícil competir con tan consumados solistas da vivencia persoal e colectiva. Eles son os indiscutibles, os poetas maiores, como o son, entre nós J. A. Valente, L. Panero, José Hierro, Claudio Rodríguez... os que fraguaron poética continuada polos poetas menores que van trazando novos paradigmas sen deixar de mirar outras miradas. Son necesarios, imprescindibles para continuar a tradición da poesía española. Hai que valorar os seus intentos na medida en que aportan algo á historia da poesía contemporánea, e hai que prescindir dos prexuízos que levan a descalificar o que non podemos xulgar coa doada perspectiva. Por forza son voces menores, e forzosamente teñen que levantar acaloradas polémicas. Xa non se cuestiona o lugar que ocupan as voces de Luisa Castro, Almudena Guzmán, Juan Bonilla, García Montero... Uns comezan a aparecer en antoloxías e outros non chegan a transcender porque resulta imposible levar conta de tanto nome. Javier Rodríguez Marcos, Antonio Méndez Rubio, Carlos Pardo, Vicente Núñez, Javier Yagüe, Aurora Luque, Felipe Benítez... son noticia de cando en vez, e deles se está a falar cando se di que faltan, na poesía actual, ambicións estéticas, que hai moitos poemas entrañables e poucas propostas interesantes, e que son escasas palabras que trascendan o espacio do poema. É certo: son menos das que cabe esperar en tan continua publicación, e máis das que se veñen recoñecendo. Certo, ademais, que os que se chaman poetas novos deixan con frecuencia de lado o poema e marchan polos derroteiros da narración con visos poéticos.

Hai quen afirma que se lle nega á poesía toda esencia propia, que queda reducida a un cúmulo de complicacións formais, máis ou menos artesás, e que a excesiva dependencia dos grandes da experiencia persoal —Cernuda, Biedma, Valente— frea as posibilidades de facer da creación poética unha estética plural, crítica e reflexiva. O obxectivo centrado nunha poesía que revalorice a imaxinación poética, que estea orgullosa de combinar tradición e modernidade, é algo perseguido desde o ideal clásico da *Imitatio*. Non se pode achacar ós poetas menores que non o consigan, primeiro porque non tiveron aínda tempo de demostralo, e segundo porque tampouco os seus lectores podemos estar seguros de que o dicir da poesía de todos eles non vaia tra-

zando o perfil axustado á época que estamos a vivir.

Deixou dito Benedetti, no libro comentado, que o xenio dos poetas maiores é a vantaxe, e que os poetas menores escriben "a menudo por amor, por temblor..." e séntense seguros nese escalafón. Entregarse a discusións que lles restan mérito non colabora coa razón da poesía se non é para contribuír a valorar o que representan as novas correntes. Así o fai L. García Martín na *Selección Nacional* que fixo da "última poesía española" (Libros del Pexel, 1995); nela revisa os motivos que discuten as etiquetas clasificadoras dos máis novos poetas, e aplica o principio de incerteza á valoración que se tende facer do que fan uns e outros. Do que trata é de poñer un pouco de claridade no debate recoñecendo que impera unha corrente hexemónica que para ben ou para mal queda representada por unha poesía da experiencia persoal que arrastra consigo unha serie de malentendidos. Os que nela se ven incluídos fan as súas réplicas ás acusacións de non incorrer por camiños experimentadores abrindo novas formas de expresión. Juan Bonilla defende o seu intento de "construir ecuaciones en las que se valora la imaginación a partir de unos resultados ofrecidos por la realidad", esta propón resultados variables: amor, desasosego, temor e morte, os temas de sempre contados baixo outros punto de vista que non pretenden —di Felipe Benítez— que a poesía consista "en un gran galimatías negador de la sintaxis". Tamén eles son críticos coa reiteración de tópicos, e disto deixa constancia Aurora Luque —unha das voces máis estimadas— cando di que moitos poemas "se han llenado de una acartonada retórica de lo cotidiano, de una limitada visión de la experiencia".

Non hai arbitrariedade nestas conclusións alusivas ó frecuente abuso de referencias xeracionais e, daquela, á "curta" versión de motivos que pasan a formar parte da experiencia persoal comunicable. Un pouco disto lle sucede ó libro de Benjamín Prado, *Cobijo contra la tormenta*, último Premio Hiperión de Poesía (autor tamén de *El corazón azul del alumbrado* e *Asuntos personales*). A idea non está moi alonxada da traducida en "Para albergar una ausencia", pero queda embazada por un abuso excesivo dos mitos dos anos 60, e perde forza a insistencia de que unicamente nos ídolos culturais que arrouparon a unha xeración pode un cobixarse contra a tormenta de vacío que cobre os horizontes daqueles que a representan. Con esta escusa vai expoñendo o personaxe —contrafigura do autor— a súa historia persoal. O título do libro vén dunha canción de Bob Dylan, e desenvolve, en versos soltos, o argumento da escritura como búsqueda de palabras implacables, como lugar a onde regresar en busca de algo que algunha vez perdimos. Sen lle restar mérito o libro, saturado de imaxes brillantes e de momentos captados con gran enerxía poética e enxeñosa combinación de estilos, sérvenos para reforzar a idea de que a poesía española máis actual vaise definindo realista na expresión dos seus motivos, esquiva coa fórmula do realismo formal. Son heteroxéneos os puntos de vista, diferentes as resolucións poéticas, pero algo botamos de menos. Quizais o que entendemos que defende García Martín: que sobra poesía da experiencia e falta experiencia da poesía, do poema que —e facemos agora uso das palabras de Valente— poida ser medido pola súa capacidade de enxendrar duración.

PILAR CASTRO

A sociedade internacional na era da globalización

■ MARIANO AGUIRRE. *Los días del futuro. La sociedad internacional en la era de la globalización*. Icaria, Barcelona, 1995.

Mariano Aguirre é un especialista ben coñecido en Galicia pola súa participación en numerosas actividades vinculadas á análise da realidade internacional e o estudio dos conflictos. Desde o Centro de Investigaciones para la Paz (CIP), en Madrid, dirixe a revista *Papeles de cuestiones internacionales* e un Anuario de grande aceptación entre as persoas e entidades interesadas nesta temática.

Los días del futuro, o seu ultimo libro, de recente aparición, é unha obra para a información, a comprensión e o debate. Trátase dun ensaio breve, didáctico, sencillo pero rigoroso, sen alardes de tecnicismos na exposición, accesible a todo tipo de público, de lectura recomendada para saber algo máis do vertixinoso mundo en que vivimos.

O seu obxectivo primordial, plenamente conseguido, consiste en efectuar unha radiografía da actual situación internacional (o mundo da posguerra fría) baseándose na definición das coordenadas principais que o vertebran. O rompecabezas formado por actores e problemas aparentemente distantes e dispersos atopan así un sentido e unha coherencia interna. Perdida a vixencia das claras referencias do pasado inmediato, o primeiro valor desta obra consiste precisamente en proporcionarnos unha visión global do presente das relacións internacionais. Define, por así dicilo, os contornos do vacío e principia a enumeración dalgúns elementos do seu contido.

Non pode resistirse a evidenciar a existencia de tópicos verdadeiramente daniños como aquel tan común de que "se nos ocultan cousas", da afirmación dunha lóxica escura e subterránea na que hipoteticamente residen as "verdadeiras" causas de canto acontece ó noso redor. En realidade, afirma o autor, como sorprendido de si mesmo no proceso de elaboración do seu discurso, existe gran cantidade de datos á nosa disposición, toneladas de materiais con información detallada e moi completa. O problema reside na disponibilidade de medios axeitados e suficientes para localizala, adquirila, procesala, e para discernir o principal do meramente intranscendente. O coñecemento está pois ó noso alcance.

¿Que ideas clave se poderían destacar? A primeira é a aceptación da complexidade do presente e da incerteza do noso futuro. Cómpre volver a analizar a realidade en que vivimos, sen estereotipos nin prexuízos, apreciando as novas referencias que proporcionan cor e matices a aquel nidio branco e negro da guerra fría. Pero a aceptación desa complexidade non debe interpretarse no senso de renuncia á comprensión, senón todo o contrario: debe completarse co deseño dun marco de referencia, de avance de tendencias, no que as respostas simples e fáciles serán escasas.

Segundo explica Mariano Aguirre, estase a producir unha mutación substancial dos factores de poder nas relacións internacionais. Os problemas da globalización económica e financeira son abordados en amplitude e profundidade. Estas reflexións previas lévanlle a concluír que a nova orde internacional incorpora unha inversión das relacións de poder no sentido de que hoxe a economía prima sobre

os aspectos militares. Será a economía quen determine o poder estatal e consecuentemente a maior ou menor proxección exterior dun país. A avaliación complétase con interesantes mencións ós límites da diplomacia nuclear e ás variacións producidas na importancia de determinadas fontes de poder xeopolítico (menor valor do territorio; persistencia do petróleo e os recursos hídricos).

Outro elemento destacable da súa construcción é unha certa reivindicación do Estado. Por moitos condenado a desempeñar un simple papel residual, M. Aguirre opina, sen embargo, que seguirá desempeñando un papel imprescindible tanto no plano interno como internacional. Isto a pesar das recoñecidas laminacións de que é obxecto, tanto en razón das múltiples e inevitables afectacións derivadas dos procesos integradores e desintegradores en curso, de carácter supranacional e de fragmentación interior, como igualmente pola emerxencia de novos problemas globais de certa importancia que afectan á vida dos seus cidadáns pero que resulta imposible de xestionar en solitario. Parelamente, cómpre observar que, ademais do propio estado, nos últimos anos xurdiron novos actores do sistema internacional: os cidadáns (detense particularmente no papel das mulleres), líderes, grupos sociopolíticos, organizacións transnacionais e movementos. Cómpre contar con todos eles.

A crítica do liberalismo efectúase desde a constatación dese marco global de incremento da influencia do poder financeiro que entra en conflicto coa democracia na medida en que os individuos deixan de controlar decisións que afectan medularmente á súa propia existencia. O modelo actual, de "globalización desigual e altamente xerarquizada" agranda o abismo entre países con economías capaces de operar nun mercado libre altamente competitivo e outros que se van quedando fóra do sistema económico. Esta situación provoca inevitablemente o agravamento da pobreza e a consolidación (aceptación) estructural dunha inxusta distribución dos recursos naturais e da renda.

O modelo liberal conduciranos a unha polarización perigosa (entre países ricos e pobres; entre ricos e pobres nos países desenvolvidos). Mentres o capital circula libremente por riba das fronteiras, moitos cidadáns atopan dificultades crecentes e mesmo insalvables para traspasalas. Abunda pois na idea de que o derrube dos sistemas de economía planificada non pode ser interpretado como a confirmación do triunfo do seu contrario. Hai un fracaso compartido dunha civilización incapaz de proporcionar posibilidades dignas de supervivencia e participación á inmensa maioría da humanidade. Non hai motivos para a satisfacción.

A nova faciana dos conflictos constitúe unha aportación importante. Gran coñecedor, observador e analista da situación internacional, os datos que ofrece son clarificadores das actuais tendencias: increméntanse os conflictos armados (entre 1989-1993 un tercio dos estados membros de Nacións Unidas víronse involucrados en guerras de maior ou menor envergadura); 90 de cada 100 víctimas son civís. Trátase de conflictos predominantemente intraestatais; prodúcense nun contexto deprogresiva desintegración das institucións estatais básicas; resultan difíciles de xestionar para unha comunidade internacional desbordada e presa de graves dilemas sobre o intervencionismo e a acción humanitaria.

A complexidade do presente, a inexistencia de fórmulas orientadoras para aplicar ós novos problemas, permiten e esixen a realización dun fondo debate sobre estas cuestións. Nada pode darse por definitivamente escrito.

XULIO RÍOS

A cultura pasa por aquí

A&V
Abaco
Academia
ADE-Teatro
Afers Internacionals
Africa América Latina
Ajoblanco
Album
Alfoz
Anthropos
Archipiélago
Arquitectura Viva
L'Avenç
La Balsa de la Medusa
Bitzoc
La Caña
CD Compact
El Ciervo
Cinevídeo 20
Claridad
Claves de Razón Práctica
CLIJ
Creación
El Croquis
Cuadernos de Jazz
Cuadernos del Lazarillo
Debats
Delibros
Dirigido
Documentos A
Ecología Política
ER
El Europeo
Fotovídeo
Gaia
GRIAL
Guadalimar
El Guía
Historia y Fuente Oral
Hora de Poesía
Insula
Jakin
Lápiz
Leer
Letra Internacional
Leviatán
Lletra de Canvi
Ni hablar
Nuestra Bandera
Nueva Revista
La Página
El Paseante
Por la Danza
Primer Acto
Quaderns d'Arquitectura
Quimera
Raíces
Reseña
Revista de Occidente
RevistAtlántica
Scherzo
Síntesis
Sistema
Suplementos Anthropos
Temas para el Debate
A Trabe de Ouro
Turia
El Urogallo
El Viejo Topo
Viridiana
Zona Abierta

ARCE
Asociación de Revistas Culturales de España

Exposición, información, venta e suscricións:

Hortaleza, 75
28004 Madrid
Teléf.: (91) 308 60 66
Fax: (91) 319 92 67

A CULTURA NO MUNDO

A lotería ben temperada

Nun angustioso informe realizado en 1993 e patrocinado pola Garden History Society e mais a Victorian Society do Reino Unido, salientábase a preocupación das autoridades locais pola situación dos seus parques e xardíns. En moitos casos, vizosos e atractivos lugares de lecer a penas cinco anos atrás, atopábanse nun acelarado proceso de deterioro, e iso a pesar dos esforzos dos concellos para atallar esa irremediable tendencia. Exemplos como o parque de Kelvingrove, en Glasgow, que se restaurara en 1988 cunha inversión de preto de 30 millóns de pesetas, clamaban ó ceo cando se constataba a súa ruína a mans dun vandalismo desenfreado.

O informe mostraba unha serie de causas diversas pero complementarias, que conduciran ó estado actual deste importante patrimonio. Entre elas o mencionado vandalismo, ainda que tamén a falta de seguridade e a especulación inmobiliaria. Para un voceiro da Victorian Society, máis radical, a decadencia dos parques había que buscala tras da II Guerra Mundial e a política de desafiuzamento levada a cabo contra do antigo corpo de coidadores de parques, ós que foron botando das súas vivendas públicas.

Desde a data daquel informe as cousas non parece que mudasen moito, polo menos en canto á pendente da decadencia, como sinala o *Times* nun artigo recén publicado. O que si parece ter mudado é a actitude dos poderes públicos diante do problema. Como salienta Marcus Binney no seu artigo, a salvación virá da xove lotería británica, a National Lottery, concretamente polo Heritage Lottery Fund que calcula poder destinar aproximadamente 10 mil millóns de pesetas, nos vindeiros tres anos, á rehabilitación de parques, prazas, ribeiras e cemiterios.

Segundo os datos manexados por Binney, arredor do 40 por cento dos británicos utilizan con regularidade os parques, o que se traduce na cifra de oito millóns de persoas que o fan diariamente. Sen embargo, esta masa importante de cidadáns utiliza uns parques bastante diferentes ós que disfrutaban os seus avós victorianos. Esa é a opinión dunha prestixiosa consultoría de arte, Comedia, que ve nos parques actuais o resultado dunha continua adaptación ós modernos requerimentos de transporte, mantemento e limpeza que os converte en pouco máis que campos de fútbol con árbores.

Para Comedia existe o risco, de non tomar as medidas axeitadas, de que non só os parques, senón tamén as estacións de ferrocarril desatendidas, os

aparcamentos mal iluminados e as *cities* terminen converténdose en zonas pantasma da moderna civilización británica.

Asegurados os cartos, a solución virá, segundo a opinión dos expertos, por unha combinación de seguridade cidadá e deseño urbanístico. A primeira receita porque se ten comprobado que os parques millor conservados son precisamente os Royal Parks de Londres, que dispoñen dun corpo de policía de 200 axentes. A segunda, porque os parques, os espacios verdes en xeral, son o mellor marco para os edificios culturais e comunitarios; por iso mesmo a conservación e rehabilitación dos existentes convértese nunha acción prioritaria. Do mesmo xeito, algúns miran cara á recuperación dos deseños clásicos dos parques, como Michael Seiler fixo co Parque Glienicke de Berlín, mediante unha coidada escavación que permitiu sacar á superficie os vellos sendeiros nos que basear un novo e destemido punto de vista da restauración.

FEDERICO ANLLADA

ÍNDICE DE COLABORADORES

CARLOS FERNÁNDEZ. Profesor asociado de Filosofía da Universidade de Vigo e profesor titular da mesma materia no Instituto de Bacharelato do Porriño. Colaborador da prensa galega e membro do Consello de Redacción de *Grial*. En 1988 obtivo o premio "Ánxel Fole" polo seu libro *O pensamento epocal en Celestino F. de la Vega.*

ÁUREA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ. Profesora titular da Universidade de Santiago de Compostela. Acualmente imparte clases de traducción na Universidade de Vigo. Realizou a súa tese doutoral sobre *Le personnage romanesque dans l'oeuvre de Louise Maheux-Forcier.* É membro da Asociación de Estudios Canadienses en España (AEEC).

XOSÉ M. NÚÑEZ SEIXAS. Doutor en Historia Contemporánea polo Instituto Universitario Europeo de Florencia cunha tese sobre o Congreso de Nacionalidades Europeas e os problemas de minorías na Europa de entreguerras. Na actualidade é profesor titular de Historia Contemporánea na Universidade de Santiago de Compostela. Ten publicado numerosos artigos sobre diversos aspectos da cuestión nacional, e é autor dos libros *O galeguismo en América, 1879-1936*; *Historiographical Approaches to Nationalism in Spain*; e, en coedición, *O nacionalismo galego* e *Nationalism in Europe: Past and Present.*

MIGUEL ANXO SANTOS REGO. Doutor en Filosofía e Ciencias da Educación pola Universidade de Santiago de Compostela. Ampliou estudios no Reino Unido e foi profesor visitante en varias universidades norteamericanas. Foi director de Centro Asociado da UNED da Coruña, así como Subdirector Xeral de Ordenación Universitaria e Investigación da Xunta de Galicia. Na actualidade é Vicerrector de Profesorado da Universidade de Santiago de Compostela. Entre os seus libros destacan *Avaliación da reforma educativa en Galicia* (1989), *Educación para la competitividad* (1993) e *Teoría y práctica de la educación intercultural* (1994).

XULIO RÍOS. Graduado Social e Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela. Director do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI). Comentarista de temas de política internacional en *O Correo Galego* e *El Mundo*. É autor dos libros *A conversión de Polonia*; *¿Que foi daquel soño?*; *Galicia e a Sociedade das Nacións* e *Nacións Unidas. Textos fundamentais*. En colaboración publicou *Pensar a democracia* e *O conflicto dos Balcáns*.

ÍNDICE DO TOMO XXXIII

Xaneiro-marzo, abril-xuño,
xullo-setembro, outubro-decembro

1995

	Nº	Páx
Anllada, Federico		
A lotería ben temperada	128	613
Axeitos, X. L.		
A aventura epistolar de Rafael Dieste. Datos para unha poética da carta	125	25
As Misións Pedagóxicas en Galicia. Rafael Dieste entrevistado por Gómez del Valle e J. Carballeira	125	49
Carro, Xavier		
Galicia desde Londres, unha recuperación imprescindible	125	151
Casas, Arturo		
Autoelexía do ser. Sobre a función lírica en Dieste	125	5
Castro, Pilar		
Perfil esbozado da nova cantiga	125	127
Baixo os signos do relato	125	154
A historia mergúllase na literatura	126	299
Unha cala de voces novas no "bosque de las letras" castelás	127	458
O dicir da poesía	128	605
Dourado Deira, M.		
As sombras do barroco	126	283
Even-Zohar, Itamar		
Planificación da cultura e mercado	126	181
Fernández, Carlos		
A visión da historia de Vicente Risco	128	477

	Nº	Páx
Fernández Martínez, Luciano		
A edición facsímile de *Aturuxo*	125	145
Fernández Pérez, Luís		
Dieste e a arte galega	127	447
Fernández Rodríguez, Áurea		
O papel da traducción no sistema lingüístico e literario nacional: o ámbito galego	128	541
Fernández Santiago, Marcelino Xulio		
Unha aproximación á consideración social dos inmigrantes galegos en Arxentina	125	95
Fortes, Ana Belén		
No límite	126	286
Franco Grande, Xosé L.		
José Landeira Yrago	126	281
García, X. L.		
As desigualdades no mundo da comunicación	125	157
Galicia supera os cen lectores por cada mil habitantes	128	603
García Piqueras, Isabel		
Aproximación á obra narrativa de Darío Xohán Cabana	127	371
Garrido, Gustavo Adolfo		
O xogo é a mensaxe	125	165
Cuestión de intelixencia	126	309
Historia e televisión	127	467
Gaspar, Silvia		
Perversa evidencia	125	141
A narrativa excéntrica (1985-1995)	127	317
Gil Calvo, Enrique		
A privatización dos dereitos sociais	126	225
González Fernández, Helena		
Contra a poesía convencional	125	143
Xulio Valcárcel: quince anos de oficio poético	126	292
Pola renovación crítica	127	438
Nadir: a danza do tempo no límite	128	589
González Gómez, Xesús		
Un apólogo en proxección	126	289
A última narrativa de X. L. Méndez Ferrín: da utopía á historia	127	407
Unha análise sociolóxica do catalanismo	127	451
González-Millán, Xoán		
Loaira: a cartografía dun texto labiríntico	127	345
Hernández, Pedro		
Os mortos daquel verán na traxectoria narrativa de Carlos Casares	127	383

	Nº	Páx
Labraña Barrero, Sabela		
Sobre a norma do galego culto	126	296
Lama, María Xesús		
Rafael Dieste e a súa obra literaria	125	148
¿Que é a literatura do exilio?	128	600
Lourenço Fondevila, B.		
Ensaios sobre Heidegger	128	596
Martínez López, Alberte		
Axitacións campesiñas na Galicia do século XIX	127	449
Mejía Ruiz, Carmen		
Aproximación á obra narrativa de Darío Xohán Cabana	127	371
Neira, Hernán		
Bricolaxe literaria en filosofía e ciencias sociais	126	217
Nogueira, María Xesús		
Luz do mediodía	126	294
Novo, Olga		
Unha historia do feminismo	127	445
Núñez Seixas, Xosé M.		
Historia e actualidade dos nacionalismos na España contemporánea: unha perspectiva de conxunto	128	495
Queizán, María Xosé		
De Manuel Antonio a Chus Pato	127	435
Ramos Requejo, Ramón		
Para unha teoría da interpretación textual. De Gadamer a Habermas	125	61
Renales, Juan		
A narrativa de Víctor F. Freixanes (1988-1993): a meditación sobre o tempo	127	395
Ríos, Xulio		
O impacto social da reforma chinesa. Entrevista con Zhu Qingfang	126	201
De Walesa a Kwasniewski: unha nova vía para Polonia	128	571
A sociedade internacional na era da globalización	128	610
Ríos Panisse, M. C.		
Contos da miña terra (1864), primeira edición do *Conto gallego* atribuído a Rosalía de Castro	126	257
Risco, Anita		
Quebec fronte á súa independencia	125	133
Rosales, Manuel		
"Literatura sintética" ou a cara máxica do realismo. Unha aproximación a *Dos arquivos do trasno*	125	37

	Nº	Páx
Santos Rego, Miguel Anxo		
A cuestión educativa e sociocultural na emigración galega en América	128	555
Seara, Teresa		
Pel de ameixa	128	591
Soutullo, Daniel		
A teoría da evolución e a natureza da historia	125	115
Stegagno Picchio, Luciana		
A filosofía da saudade: saudades de Ramón Piñeiro	126	173
Viejo Viñas, Raimundo		
¿Cara á República de Berlín? Partidos e sistema de partidos en Alemaña perante o século XXI	126	235
Vilavedra, Dolores		
O Cable Inglés	126	288
De *Polaroid* a *Tic-tac* ou como ser posmoderno pasando por Otero Pedrayo	127	333
Entrevista con Bernardo Atxaga	127	427
Contra o posmodernismo	127	441
Villalaín, Damián		
Nin me abandonarás nunca. Enxebrismo conservador	125	161
Venenos: a soidade das parellas	126	305
Casa de bonecas: as moitas caras de Ibsen	127	463
Villar, Miro		
A última antoloxía da poesía galega dos oitenta	127	454

galaxia